

Consello de Contas
de Galicia



**INFORME DE FISCALIZACIÓN DE FONDOS
EUROPEOS**

EXERCICIO 2016



ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	15
I.1. ASPECTOS LEGAIS DA FISCALIZACIÓN.....	15
I.1.1. Normativa competencial.....	15
I.1.2. Normativa reguladora dos Fondos Europeos.....	16
I.2. ALCANCE DA FISCALIZACIÓN.....	18
I.3. OBXECTIVOS.....	19
I.3.1. Obxectivos da auditoría financeira.....	19
I.3.2. Obxectivos da fiscalización.....	20
I.4. METODOLOXÍA.....	21
I.4.1. Auditoría financeira.....	21
I.4.2. Fiscalización dos beneficiarios.....	21
I.5. LIMITACIÓN OS AO ALCANCE.....	22
II. A POLÍTICA DE COHESIÓN E OS FONDOS EUROPEOS ESTRUTURAIS E DE INVESTIMENTO (FEIE).....	24
II.1. OBXECTIVOS, PRINCIPIOS E IMPLEMENTACIÓN.....	24
II.2. A POLÍTICA DE COHESIÓN EN GALICIA NO MARCO 2014-2020.....	29
III. OS FONDOS EUROPEOS ESTRUTURAIS E DE INVESTIMENTO EN GALICIA NO PERÍODO DE PROGRAMACIÓN 2014-2020.....	32
III.1. XESTIÓN FINANCEIRA DOS FONDOS EUROPEOS NO MARCO 2014-2020.....	32
III.2. PROGRAMA OPERATIVO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL 2014-2020 (FEDER-GALICIA).....	33
III.2.1. Aspectos xerais.....	33
III.2.2. Plan de Financiamento dos eixos do Programa Operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)-Galicia 2014-2020 no marco do obxectivo investimento en crecemento e emprego.....	34
III.2.3. Organismos responsables do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER GALICIA).....	36
III.3. PROGRAMA OPERATIVO FONDO SOCIAL EUROPEO DE GALICIA 2014-2020 (FSE).....	36
III.3.1. Aspectos xerais.....	36
III.3.2. Plan de Financiamento dos eixos do Programa Operativo Fondo Social Europeo (FSE)-Galicia 2014-2020 no marco do obxectivo investimento en crecemento e emprego.....	37
III.3.3. Organismos responsables do Fondo Social Europeo (FSE-GALICIA).....	38
III.4. PROGRAMA OPERATIVO DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA 2014-2020 (PDR).....	39
III.4.1. Aspectos xerais.....	39
III.4.2. Plan de financiamento do Programa Operativo de Desenvolvimento Rural (PDR).....	40
III.4.3. Organismos responsables do Programa Operativo de Desenvolvimento Rural.....	41
III.5. PROGRAMA OPERATIVO DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DA PESCA (FEMP).....	42
III.5.1. Aspectos xerais.....	42
III.5.2. Plan de Financiamento dos eixos do Programa Operativo Fondo Europeo Marítimo da Pesca 2014-2020 no marco do obxectivo investimento en crecemento e emprego.....	43
III.5.3. Organismos responsables do Fondo Europeo Marítimo da Pesca (FEMP).....	44
III.6. OUTROS PROGRAMAS OPERATIVOS DA UNIÓN EUROPEA NO MARCO 2014-2020.....	45

IV. AUDITORÍA FINANCEIRA.....	47
IV.1. IDENTIFICACIÓN DOS FONDOS EUROPEOS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2016.....	47
IV.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTO.....	48
IV.2.1. Análise dos Fondos Europeos por modalidade.....	49
IV.2.2. Análise dos Fondos Europeos por capítulo de gasto.....	54
IV.2.3. Adscrición e análise dos Fondos Europeos por seccións da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.....	59
IV.2.4. Execución de transferencias correntes (capítulo IV) e de capital (capítulo VII) segundo os sectores privado e público.....	68
IV.3. ENTIDADES DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA QUE RECIBIRON TRANSFERENCIAS DE FONDOS EUROPEOS.....	72
IV.4. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS.....	80
IV.4.1. Exercicio corrente.....	80
IV.4.2. Exercicios pechados.....	81
IV.4.3. Execución acumulada.....	82
V. FISCALIZACIÓN DOS BENEFICIARIOS DE PROGRAMAS EUROPEOS.....	85
V.1. MODALIDADES IDENTIFICADAS NO SISTEMA DE CONTABILIDADE DA XUNTA DE GALICIA.....	85
V.2. CONTÍA DOS PAGOS A TERCEIROS E PERCEPTORES SEGUNDO A SÚA NATUREZA XURÍDICA.....	88
V.3. NÚMERO DE TERCEIROS E PERCEPTORES SEGUNDO A SÚA NATUREZA XURÍDICA.....	93
V.3.1. Concellos que reciben Fondos Europeos.....	94
VI. CONCLUSIÓN.....	97
VII. RECOMENDACIÓN.....	101
VIII. ANEXOS.....	103
IX. ALEGACIÓN.....	177
IX.1. ALEGACIÓNES PRESENTADAS POLA CONSELLERÍA DE FACENDA (INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA).....	179
IX.2. RÉPLICAS DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA AS ALEGACIÓNES FORMULADAS POLA INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA AO ANTEPROXECTO DE INFORME DE FISCALIZACIÓN DOS FONDOS EUROPEOS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2016.....	193

ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1. Axuste do marco financeiro para 2016 en función da evolución da Renda Nacional dos países membros da UE.....	26
Cadro 2. Orzamento da Unión Europea para 2016 (rectificativo nº 6).	29
Cadro 3. Eixos e principios transversais e horizontais do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.....	30
Cadro 4. Marco Financeiro do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.....	30
Cadro 5. Fondos Europeos e programas operativos en Galicia no novo marco 2014-2020.....	31
Cadro 6. Distribución do FEDER en Galicia no período 2014-2020 por instrumento de intervención rexional ou plurirexional.	34
Cadro 7. Plan Financeiro FEDER Galicia período 2014-2020.	34
Cadro 8. Organismos responsables do FEDER-Galicia período 2014-2020.....	36
Cadro 9. Distribución do FSE en Galicia no período 2014-2020 por instrumento de intervención rexional ou plurirexional.	37
Cadro 10. Plan financeiro FSE Galicia período 2015-2020.	37
Cadro 11. Organismos responsables do FSE-Galicia período 2014-2020.	39
Cadro 12. Orixе de achegas ao PDR-Galicia, período 2014-2020.....	39
Cadro 13. Plan Financeiro PDR-Galicia, período 2015-2020.	40
Cadro 14. Organismos responsables do PDR-Galicia, período 2014-2020.	41
Cadro 15. Obxectivos do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca.	42
Cadro 16. Plan financeiro FEMP-Estatal, período 2014-2020.	43
Cadro 17. Organismos responsables do FEMP, período 2014-2020.	44
Cadro 18. Programas de carácter pluriterritorial, período 2014-2020.	46
Cadro 19. Códigos de modalidades e número de proxectos iniciais, activos e con pagos, exercicio 2016.	47
Cadro 20. Número de proxectos únicos: iniciais, activos e con pagos segundo o ano de orixe, presentes no exercicio 2016.	48
Cadro 21. Relación de Fondos Europeos por modalidade, exercicio 2016. Crédito Inicial-Crédito Definitivo.	49
Cadro 22. Relación de Fondos Europeos por modalidade, exercicio 2016. Crédito Definitivo–Crédito Anterior á baixa contabilizada o 31/12/2016.	51
Cadro 23. Execución do crédito definitivo por modalidade, exercicio 2016.	52
Cadro 24. Execución do crédito anterior á baixa contabilizada o 31/12/2016 por modalidade.	52
Cadro 25. Interrelación porcentual entre as fases contables "OK" e "P" nos últimos tres exercicios	54
Cadro 26. Execución por modalidades con créditos correntes e créditos incorporados, exercicio 2016.	54
Cadro 27. Capítulos presentes por modalidade, exercicio 2016 Crédito Inicial-Crédito Definitivo.	55
Cadro 28. Baixas contabilizadas o 31 de decembro de 2016 por capítulos de gasto.	56
Cadro 29. Crédito Inicial-Crédito antes de baixas contabilizadas o 31-12-2016-Crédito Definitivo, exercicio 2016.....	56
Cadro 30. Execución de Fondos Europeos por capítulo de gasto (Fases "O" e "P"), exercicio 2016. Antes e despois da baixa contabilizada o 31-12-2016.....	57
Cadro 31. Resumo xeral do estado de execución dos capítulos I, II, IV, VI e VII do orzamento da Comunidade Autónoma, exercicio 2016.	58
Cadro 32. Execución de Fondos Europeos por capítulo de gasto (Fases "O" e "P"), exercicio 2016.....	58
Cadro 33. Diferenzas de execución por capítulo de gasto (Fases "O" e "P"), entre os Fondos Europeos e o Orzamento Xeral da Comunidade Autónoma, exercicio 2016.....	59

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

Cadro 34. Diferenzas de execución de fases "O" e "P" entre Fondos Europeos e o Orzamento Xeral da Comunidade Autónoma.....	59
Cadro 35. Distribución cuantitativa e porcentual do crédito inicial e final dos Fondos Europeos por seccións en 2016... ..	60
Cadro 36. Baixas contabilizadas ao 31 de decembro de 2016 por modalidade e capítulo de gasto de cada sección.	61
Cadro 37. Fases Contables "O" e "P" dos Fondos Europeos executados por cada sección despois e antes das baixas contabilizadas o 31-12-2016, exercicio 2016	62
Cadro 38. Porcentaxe de obrigas pendentes de pago por sección e sobre o total do conxunto de todas as obrigas "O" pendentes no exercicio 2016.....	64
Cadro 39. Execución orzamentaria do 2016. Resumo xeral por seccións xestoras de Fondos Europeos. Fases contables "O" e "P" (Resolución do 27 de abril de 2017).....	67
Cadro 40. Porcentaxe de Fondos Europeos sobre o orzamento vixente e diferenza de puntos porcentuais de execución entre os Fondos Europeos e o Orzamento Xeral de cada sección en 2016. Fases contables "O" e "P" (Resolución do 27 de abril de 2017).....	68
Cadro 41. Transferencias correntes e de capital (Capítulos IV e VII), exercicio 2016.....	69
Cadro 42. Transferencias correntes e de capital (Capítulos IV e VII), exercicio 2016 e anteriores.....	69
Cadro 43. Execución das transferencias correntes e de capital aos sectores público e privado, exercicio 2016.....	70
Cadro 44. Execución das transferencias correntes e de capital aos sectores público e privado, exercicios 2014 a 2016.....	71
Cadro 45. Total de transferencias correntes e de capital aos sectores público e privado, exercicio 2016.....	72
Cadro 46. Tipo de entidades dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma ás que se requiriou información.....	73
Cadro 47. Orixé dos Fondos Europeos recibidos polas entidades dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma no exercicio 2016	73
Cadro 48. Importe de transferencias recibidas no exercicio 2016, por organismos e entidades dependentes da Comunidade Autónoma, perceptores de Fondos Europeos a través da Administración Xeral Autonómica.	75
Cadro 49. Resumo de execución no exercicio 2016 de Fondos Europeos percibidos da Administración Xeral Autonómica polos organismos e entidades dependentes da mesma.....	77
Cadro 50. Importe de transferencias recibidas no exercicio 2016 por organismos e entidades dependentes da Comunidade Autónoma receptores de Fondos Europeos externos á Administración Xeral Autonómica.	78
Cadro 51. Resumo de execución no exercicio 2016, de Fondos Europeos percibidos de forma externa á Administración Xeral Autonómica polos organismos e entidades dependentes da mesma.	79
Cadro 52. Execución orzamentaria de Ingresos de Fondos Europeos capítulos IV e VII, exercicio 2016.....	81
Cadro 53. Execución orzamentaria de Ingresos de exercicios pechados. Capítulos IV e VII, exercicio 2016.....	82
Cadro 54. Execución orzamentaria de Ingresos acumulados período 2000-2016.....	83
Cadro 55. Tipos de Fondos e modalidades identificados no Xumco, exercicio 2016.....	85
Cadro 56. Número de proxectos por PO_DESCRICIÓN identificados no XUMCO 2016.	86
Cadro 57. Número de proxectos únicos por exercicio de orixe identificados no XUMCO 2016.	87
Cadro 58. Pagos finais a "terceiros" por tipo fondo con financiamento anterior a 2016.	89
Cadro 59. Pagos finais a "terceiros" por tipo fondo con financiamento do exercicio corrente 2016.	89
Cadro 60. Pagos intermedios a terceiros para pagos a perceptores por tipo fondo con financiamento anterior a 2016.....	90
Cadro 61. Pagos intermedios a terceiros para pagos a perceptores por tipo fondo con financiamento do exercicio corrente 2016.....	90
Cadro 62. Pagos finais a perceptores por modalidade con financiamento anterior a 2016.....	91

Cadro 63. Pagos finais a perceptores por tipo de fondo con financiamento do exercicio corrente 2016	91
Cadro 64. Pagos totais a "terceiros" por tipo de fondo con financiamento anterior e do exercicio corrente 2016.	91
Cadro 65. Pagos totais a "terceiros" para pagos a "perceptores" por tipo de fondo con financiamento anterior e do exercicio corrente 2016.....	92
Cadro 66. Pagos totais a "perceptores" por tipo de fondo con financiamento anterior e do exercicio corrente 2016....	92
Cadro 67. Pagos totais a cada un dos grupos xurídicos por tipo de fondo con financiamento anterior e do exercicio corrente 2016.....	93
Cadro 68. Número de beneficiarios únicos como "terceiros", únicos como "perceptores" e como únicos de ambos casos con financiamento anterior e do exercicio corrente 2016	94
Cadro 69. Número de beneficiarios únicos, pagos recibidos por grupos e medias por cada unidade de grupo. Exercicios 2014 a 2016.....	94
Cadro 70. Número de concellos e contías totais recibidas de programas con financiamento de Fondos Europeos segundo "terceiro" ou "perceptor", exercicio 2016 (financiamento anterior e corrente).	95
Cadro 71. Número de concellos e contías totais recibidas nos exercicios 2014, 2015 e 2016.	96
Cadro 72. Número de concellos e contías totais recibidas dos programas con financiamento de Fondos Europeos segundo o capítulo de gasto, exercicio 2016.	96

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

ÍNDICE DE ANEXOS

ANEXO I. CLASIFICACION TERCEIROS–PERCEPTORES.....	105
ANEXO II. CREDITO INICIAL, MODIFICACIÓN, CRÉDITO DEFINITIVO E NÚMERO DE PROXECTOS DE FFEE POR MODALIDADE.....	106
ANEXO III. EXECUCION DOS FONDOS EUROPEOS POR MODALIDADE.....	107
ANEXO IV. CRÉDITO INICIAL, MODIFICACIÓN E CREDITO DEFINITIVO DE FFEE POR MODALIDADE E CAPITULO DE GASTO.	108
ANEXO V. EXECUCIÓN DE FONDOS EUROPEOS POR CAPÍTULO DE GASTO EN CADA MODALIDADE.....	110
ANEXO VI. RESUMO XERAL DO ESTADO DE EXECUCIÓN DOS CAPÍTULOS I, II, IV, VI E VII DO ORZAMENTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DESDE O EXERCICIO 2007 AO 2016.	112
ANEXO VII. CRÉDITO INICIAL, MODIFICACIÓN E CRÉDITO DEFINITIVO DOS FONDOS EUROPEOS DISTRIBUÍDOS SEGUNDO A ESTRUTURA ÓRGANICA DA ADMINISTRACIÓN XERAL AUTONÓMICA	114
ANEXO VIII. FASES CONTABLES DOS FONDOS EUROPEOS EXECUTADOS POR CONSELLERIAS.....	115
ANEXO IX. CLAVES DE INGRESOS DE FONDOS EUROPEOS DOS CAPÍTULOS IV E VII NO PERÍODO 2007-2016.	116
ANEXO X. DESAGREGACIÓN DE INGRESOS EXERCICIO CORRENTE 2016.....	125
ANEXO XI. DESAGREGACIÓN DE INGRESOS EXERCICIOS PECHADOS.	129
ANEXO XII. ENTIDADES PÚBLICAS LOCAIS RECEPTORAS DE FONDOS EUROPEOS.	131
ANEXO XIII. RELACIÓN DE CONCELLOS CLASIFICADOS POR NÚMERO DE HABITANTES E CONTÍAS RECIBIDAS DOS PROGRAMAS CON FONDOS EUROPEOS SEGUNDO TERCEIRO OU PERCEPTOR E CAPÍTULO.....	156

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

ABREVIATURAS

AECT	Agrupación Europea de Cooperación Territorial
AGADER	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
AGADIC	Axencia Galega de Industrias Culturais
AGASP	Academia Galega de Seguridade Pública
AXE	Administración Xeral do Estado
All	Acordo Interinstitucional
AMPLIAC.	Ampliacións
AMTEGA	Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
APLIFEM	Sistema Informático do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca
AUGAS	Augas de Galicia
AXENC TURIS	Axencia Galega de Turismo
AXI	Axencia Galega de Infraestruturas
BOE	Boletín Oficial do Estado
C	ConSELLERÍA
C. D.	Crédito Definitivo
CA	Comunidad Autónoma
CAP.	Capítulo
CCAA	Comunidades Autónomas
CNAE	Código Nacional de Actividades Económicas
CE	Comunidade Europea
CEIDA	Consortio de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia
CETMAR	Fundación Centro Tecnológico do Mar
CI	Crédito Inicial
CIXTEC	Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable
CLASECOING	Clasificación Económica de Ingresos

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

COF.	Cofinanciamento
COM	Comunicación
CR.	Crédito
CR. DEF.	Crédito Definitivo
CR. INIC.	Crédito Inicial
DEF.	Definitivo
DIF.	Diferenzas
DOG	Diario Oficial de Galicia
DOUE	Diario Oficial da Unión Europea
EGAP	Escola Galega de Administración Pública
EPOSH	Empresa Pública Obras e Servizos Hidráulicos
FC	Fondo de Cohesión
FCI	Fondo de Compensación Interterritorial
FEAD	Fondo de Axuda Europea para as Persoas máis Desfavorecidas
FEADER.	Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural
FEAG	Fondo Europeo de Adaptación á Globalización
FEAGA	Fondo Europeo Agrícola de Garantía
FED	Fondo Europeo de Desenvolvemento
FEDER	Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
FEGA	Fondo Español de Garantía Agraria
FEGAMP	Federación Galega de Municipios e Provincias
FEGAS	Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria
FEIE	Fondos Estruturais e de Investimento Europeos
FEMP	Fondo Europeo Marítimo e da Pesca
FEP	Fondo Europeo de Pesca
FFEE	Fondos Europeos
FOGA	Fondo de Garantía Asistencial

FOGGA	Fondo Galego de Garantía Agraria
FP	Fundación Pública
FPGMX	Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica
FSE	Fondo Social Europeo
GAIN	Axencia Galega de Innovación
GALARIA	Empresa Pública de Servizos Sanitarios
XENER.	Xeracións
I+D+I	Investigación, Desenvolvemento e Innovación
IFOP	Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca
IXAE	Intervención Xeral da Administración do Estado
IGAPE	Instituto Galego de Promoción Económica
IGE	Instituto Galego de Estatística
IGVS	Instituto Galego da Vivenda e Solo
INE	Instituto Nacional de Estatística
INEGA	Instituto Enerxético de Galicia
INGACAL	Instituto Galego de Calidade Alimentaria
INGO	Instituto Galego de Oftalmoloxía
INIC.	Inicial
INSS	Instituto Nacional da Seguridade Social
INTECMAR	Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia
INTERREG	Interregional
IXCA	Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
LCCG	Lei do Consello de Contas de Galicia
LOXCA	Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma
MAGRAMA	Ministerio de Agricultura e Medio Ambiente
MEC	Marco Estratégico Común
MECEGA	Marco Estratégico de Converxencia Económica de Galicia 2007-2013

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

MENR	Marco Estratégico Nacional de Referencia
MFP	Marco Financeiro Plurianual
MOD.	Modalidade
MODIF.	Modificación
Nº PROX ACTIV.	Número de proxectos activos
Nº PROX. INIC.	Número de proxectos iniciais
OBRIG. REC.	Obrigas Recoñecidas
OOAA	Organismos Autónomos
P_PERCEP	Pagos a Perceptores
P_TERCE	Pagos a Terceiros
PAC	Política Agraria Común
PDR	Programa de Desenvolvemento Rural
PERE	Plan Europeo de Recuperación Económica
PXCA	Presupuesto Xeral Comunidade Autónoma
PXCP	Plan Xeral de Contabilidade Pública
PIB	Producto Interior Bruto
PNR	Programa Nacional de Reformas
POCTEP	Programa Operativo de Cooperación Territorial Transfronteiriza (España-Portugal)
POEX	Programa Operativo de Emprego Xuvenil
PORTOS	Portos de Galicia
POS	Programas Operativos
PPC	Política Pesqueira Común
PEME	Pequena e Mediana Empresa
REAX	Reaxustes
REM.	Remanentes
REM. COMPR.	Remanentes Comprometidos

REM.NON COMPR.	Remanentes non Comprometidos
RETEGAL.	Rede de Telecomunicacións de Galicia
RNB	Renta Nacional Bruta
RRN	Red Rural Nacional
SEC (95)	Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Comunidade
SERGAS	Servizo Galego de Saúde
SXP	Secretaría Xeral de Pesca
SOGAMA	Sociedade Galega de Medio Ambiente
SUDOE	Espacio Suroeste Europeo
T. CAP.	Total Capítulo
TIC	Tecnoloxías da Información e Comunicación
TRANS. NEG.	Transferencias Negativas
TRANS. POS.	Transferencias Positivas
TRANSF.	Transferencias
TUE	Tratado da Unión Europea
UAFSE	Unidade Administradora do Fondo Social Europeo
UE	Unión Europea
UTE	Unión Temporal de Empresas
XUMCO	Sistema de Información de Xestión Contable da Xunta de Galicia

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016



I. INTRODUCCIÓN.

O Pleno do Consello de Contas aprobou en data 19 de decembro de 2017 o programa anual de traballo, correspondendo a fiscalización dos Fondos Europeos do exercicio 2016 á área de Coordinación Xeral.

A fiscalización dos Fondos Estruturais, Fondo de Cohesión e os Instrumentos Financeiros, sen prexuízo das competencias que ten atribuídas o Tribunal de Contas Europeo, levarase a cabo polo Consello de Contas, de acordo ás competencias que por lei ten asignadas.

O Consello de Contas realiza as actuacións de fiscalización en relación cos recursos procedentes dos Fondos Estruturais, Iniciativas Comunitarias e Outros Fondos Europeos, cuxa xestión e posterior xustificación corresponde á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

A finalidade do control dos Fondos Europeos será a de proporcionar ao Parlamento de Galicia e ás demais partes interesadas un informe de fiscalización no que se exprese o desenvolvemento da execución orzamentaria dos fondos por parte das entidades e organismos que dispoñen dos mesmos, a identificación dos Fondos Europeos percibidos polos organismos xestores a través da Xunta de Galicia e daqueloutros Fondos Europeos percibidos de forma externa á propia Xunta, a execución dos orzamentos de ingresos, realizándose unha análise final dos diversos beneficiarios, receptores finais das distintas modalidades de Fondos Europeos identificadas.

O presente informe segue a sistemática de traballo de fiscalización empregado en informes anteriores, facilitando así a consulta destes coa finalidade de avaliar e analizar series históricas na execución dos Fondos Europeos.

I.1. ASPECTOS LEGAIS DA FISCALIZACIÓN.

I.1.1. NORMATIVA COMPETENCIAL.

As funcións e actividades a realizar polo órgano fiscalizador da Comunidade Autónoma veñen fixadas pola Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia (en diante LCCG). Esta norma foi obxecto de modificación pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, polo que se reforma a citada Lei 6/1985 e atribúenselle ao Consello funcións sobre prevención da corrupción.

Así o artigo primeiro tras a reforma establece que o Consello de Contas como órgano de fiscalización das contas e da xestión económico-financeira e contable, exercerá as súas funcións en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma, e asesorará ao Parlamento de Galicia en materia económico-financeira.

En canto ao ámbito de actuación do Consello de Contas, referido ao sector público da

Comunidade Autónoma queda fixado no artigo 2 da LCGG agora reformado. O artigo 4 da LCGG determina cales son as funcións do Consello de Contas.

I.1.2. NORMATIVA REGULADORA DOS FONDOS EUROPEOS.

O novo marco 2014-2020 supón unha modificación no sistema de xestión e execución dos Fondos Europeos e axudas comunitarias respecto ao marco anterior, polo que se ditou toda unha normativa baseada nos principios de simplificación, harmonización, flexibilidade, seguridade xurídica e dixitalización de documentos sobre os que volveremos máis adiante.

Seguimos así na exposición un criterio conceptual, de maneira que se cita en primeiro lugar a normativa xeral aplicable a todos os fondos para centrarnos a continuación na normativa específica, por bloques de programas operativos. Esta normativa ten un carácter moi amplio deixa que extractemos a continuación a de maior importancia:

Normativa xeral de planificación e Fondos

Regulamento (UE) nº. 1300/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo de Cohesión e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1084/2006 (DOUE 20.12.2013, L 347).

Regulamento (UE) nº. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello. (DOUE 20.12.13, L 347).

Regulamento (UE) nº 1311/2013 do Consello, do 2 de decembro de 2013, polo que se establece o marco financeiro plurianual para o período 2014-2020. (DOUE 20.12.2013).

Regulamento (UE) nº 623/2015, do Consello do 21 de abril de 2015 polo que modifica o Regulamento nº 1311/2013 polo que se establece o marco financeiro plurianual para o período 2014-2020 e procédese a unha reasignación dos recursos non empregados no exercicio 2014 en favor de programas de 2015 a 2017. (DOUE 22 de abril de 2015).

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

Regulamento (UE) nº 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006. (DOUE 20.12.2013, L 347).

Fondo Social Europeo (FSE)

Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1081/2006 do Consello. (DOUE 20.12.2013, L 347).

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER e PAC 2014-2020)

Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello. (DOUE 20.12.2013, L 347).

Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da Política Agrícola Común, polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 352/78, (CE) nº 165/94, (CE) nº 2799/98, (CE) nº 814/2000, (CE) nº 1290/2005 e (CE) nº 485/2008 do Consello. (DOUE 20.12.2013, L 347).

Regulamento de Execución (UE) nº 908/2014 da Comisión, do 6 de agosto de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello en relación cos organismos pagadores e outros organismos, a xestión financeira, a liquidación de contas, as normas relativas aos controis, as garantías e a transparencia. (DOUE 28.08.2014, L 255).

Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) e Política Pesqueira Común 2014-2020

Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello. (DOUE 20.05.2014, L 149).

Cooperación Territorial

Regulamento (UE) nº 1299/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións específicas relativas ao apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao Obxectivo de Cooperación Territorial Europea. (DOUE 20.12.2013, L 347).

Regulamento (UE) nº 1302/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 1082/2006 sobre a

Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) no que se refire á clarificación, á simplificación e á mellora da creación e o funcionamento de tales agrupacións. (DOUE 20.12.2013, L 347).

Fondo Europeo de Axuda a Persoas Desfavorecidas (FEAD)

Regulamento (UE) nº 223/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo de 2014, relativo ao Fondo de Axuda Europea para as persoas más desfavorecidas. (DOUE 12.03.2014, L 72).

Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG)

Regulamento (UE) nº 1309/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (2014-2020) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1927/2006. (DOUE 20.12.2013, L 347).

I.2. ALCANCE DA FISCALIZACIÓN.

No ámbito obxectivo, a fiscalización abarca os fondos e iniciativas procedentes da Unión Europea durante o exercicio 2016. Distínguese así no período 2014-2020, por unha banda os denominados Fondos Europeos Estruturais, que se enmarcan na política de cohesión e que neste período son dous: o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e o Fondo Social Europeo (FSE). Dentro da Política Agraria Común, e por tanto fora do ámbito da política de cohesión e dos denominados Fondos Estruturais, atopámonos co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e o Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP).

Xunto con estes Fondos Europeos existen os denominados “programas operativos de cooperación territorial”, podendo ter estos programas de cooperación territorial un triple carácter: transfronteirizo, transnacional ou interrexional. Para finalizar atópanse os “programas operativos plurirrexionais” que son coordinados pola Administración Xeral do Estado.

No ámbito subxectivo, a fiscalización abarcou a actividade económico-financeira desenvolvida polas diversas entidades que componen a Administración Xeral da Comunidade Autónoma e o sector público autonómico, tal e como queda definido na Lei 16/2010, do 17 de decembro da Xunta de Galicia sobre Organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sen prexuízo de todo o anterior, a fiscalización dos Fondos Europeos do exercicio 2016 alcanza tamén a calquera potencial beneficiario de fondos ou axudas comunitarias procedentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou de calquera outro organismo ou administración, ben como perceptor ou ben como terceiro.



Este informe limitase a expresar unha conclusión relativa ao cumprimento, por parte dos organismos incluídos no ámbito subxectivo deste informe, das obrigas derivadas da normativa aplicable así como dos principios contables e orzamentarios.

Para alcanzar os obxectivos establecidos realizouse unha análise das bases de datos orzamentarias requiridas á Xunta de Galicia e da documentación remitida polos organismos, utilizándose para iso o procedemento electrónico aprobado por este Consello de Contas: "Fiscalización dos fondos procedentes da Unión Europea, exercicio 2016", nº 15502018-02.

I.3. OBXECTIVOS.

O presente informe sobre os Fondos Europeos xestionados pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma ten como obxectivo básico a análise da fiabilidade das contas que reflicten os fondos comunitarios desde as perspectivas de cada unha das modalidades, dos organismos e entidades xestoras e dos capítulos de gasto, recolléndose así mesmo a evolución dos créditos ao longo do exercicio 2016.

Como reflexo dos receptores finais dos fondos, analízanse en catro grandes grupos: "organismos públicos", " persoas xurídicas", "persoas físicas" e "outros"; (identificado cada grupo como se especifica no Anexo I); o número de perceptores e terceiros beneficiarios dos fondos, así como a contía final destes relacionada con cada un dos grupos. Este obxectivo permitirá estimar a contía dos fondos que son utilizados pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma, os seus organismos dependentes e o sector privado.

I.3.1. OBXECTIVOS DA AUDITORÍA FINANCEIRA.

Trátase de analizar se as contas relativas á execución de Fondos Europeos presentan unha información completa e exacta das operacións desenvolvidas no exercicio, mediante a análise e cotexo dos datos contables, verificando:

- Os proxectos dotados con financiamento de fondos comunitarios.
- A adscrición de cada un dos proxectos coas súas correspondentes modalidades.
- A evolución dos créditos iniciais e as súas modificacións ata os créditos definitivos por proxecto, modalidade, capítulo de gasto e órgano xestor.
- O desenvolvemento e evolución das distintas fases contables desde os créditos definitivos ata o pago final do conxunto dos proxectos, modalidades, capítulos de gasto e órganos xestores.
- O nivel de execución dos créditos definitivos correspondentes ao conxunto dos proxectos, modalidades, capítulos de gasto e órganos xestores.

-Execución dos fondos en relación co total da execución do Orzamento Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

I.3.2. OBXECTIVOS DA FISCALIZACIÓN.

Os Fondos Europeos e demais axudas comunitarias asignados á Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos programas operativos dos diversos períodos de referencia, non son os únicos aos que os organismos e as entidades da Administración Pública de Galicia poden ter acceso, xa que existe a posibilidade de poder solicitar ou xestionar outros fondos ou axudas procedentes tamén do Estado, da UE e doutros organismos, ben directamente ou como partícipes de proxectos multilaterais.

Tratouse así de determinar e analizar o total das transferencias recibidas polos organismos e entidades que forman parte da estrutura administrativa da Xunta de Galicia, coa finalidade de identificar o organismo ou entidade perceptora, cuantificando de forma separada os fondos recibidos a través da Xunta de Galicia dos recibidos de forma externa á mesma.

Da análise dos datos extraídos do XUMCO (Sistema de Información de Xestión Contable da Xunta de Galicia) identifícaronse os pagos realizados durante o exercicio e os receptores dos mesmos, tentando estruturar a información obtida en canto á súa contía, número e personalidade xurídica dos beneficiarios.

Preténdese así fiscalizar de forma individualizada para cada unha das modalidades, e dentro destas, por cada proxecto de financiamento europeo os seguintes parámetros:

1-As transferencias recibidas polos organismos e entidades que forman parte da estrutura administrativa da Xunta de Galicia relacionados cos Fondos Estruturais, Fondo de Cohesión, Iniciativas Comunitarias e outros Fondos Europeos correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia para a súa xestión e posterior xustificación dos programas activos do exercicio 2016.

2-Identificación doutros fondos procedentes da UE que sendo xestionados ou percibidos polos organismos ou entidades da Xunta de Galicia non se encadran dentro dos relacionados no punto anterior, ao ser a súa tramitación externa á Administración Xeral da Comunidade Autónoma.

3-Determinación cuantitativa e cualitativa dos proxectos contemplados en cada modalidade de Fondos Europeos identificadas no XUMCO.

4-Clasificación cualitativa e cuantitativa dos pagos segundo correspondan aos sectores públicos ou privados.

5-Cuantificación dos ingresos de Fondos Europeos tanto do exercicio corrente como de exercicios pechados e a súa execución acumulada.



6-Cuantificación dos pagos realizados por proxecto e modalidade coa identificación da personalidade xurídica do receptor dos Fondos Europeos (terceiros e perceptores), cun tratamento específico dos pagos realizados a corporacións locais.

I.4. METODOLOXÍA.

I.4.1. AUDITORÍA FINANCEIRA.

Para o desenvolvemento da auditoría financeira, procedeuse da seguinte forma:

1-Partindo dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2016, identifícanse os Fondos Europeos adscritos aos organismos e entidades dependentes que conformaron os orzamentos xerais da Xunta de Galicia.

2-Identifícanse os proxectos con financiamento europeo, segundo a súa modalidade, capítulo de gasto e sección á que están adscritos.

3-De forma individualizada, analízase a execución de cada un dos proxectos cofinanciados con Fondos Europeos, procedéndose a clasificálos segundo a súa pertenza á modalidade, capítulo de gasto e sección.

4-Unha vez adscritos os proxectos segundo a modalidade, capítulo de gasto e sección verifícase o nivel de execución por estes conceptos.

5-Analízase a contía das transferencias, correntes e de capital, realizadas a organismos autónomos, axencias, sociedades mercantís e demais entes públicos dependentes da Xunta de Galicia, na súa calidade de xestores de proxectos con financiamento europeo, así como ao sector privado.

I.4.2. FISCALIZACIÓN DOS BENEFICIARIOS.

Para o desenvolvemento da fiscalización pártese das bases de datos facilitadas pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia: Base de datos 2016 (Contas da Administración Xeral), Táboa 2016 (Fondos Europeos XUMCO).

O procedemento de captura de datos e depuración, mediante o tratamento informático das mesmas, realiza-se segundo a seguinte secuencia temporal:

1-Na base de datos 2016, Contas da Administración Xeral, identifícanse os proxectos financiados con Fondos Europeos.

2-Unha vez concretados os proxectos con financiamento europeo, crúzanse coa táboa 2016 Fondos Europeos XUMCO, procedendo a identificar as modalidades de Fondos Europeos que se contemplan neste sistema de información, ao non ser homoxéneo coa base de datos da Conta de

Administración Xeral.

3-Determinados os proxectos segundo a modalidade de adscrición do XUMCO, procédese a avaliar o número de proxectos por modalidade e tipo de fondos, identificándose os proxectos con pagos.

4-Determínase a contía dos pagos así como o número de beneficiarios por cada proxecto-modalidade-tipo de fondos.

5-As contías e o número de receptores por modalidade-tipo de fondo clasifícanse en catro grupos, segundo o número de identificación fiscal (NIF): "organismos públicos", "persoas xurídicas do sector privado", "persoas físicas" e "outros". (Anexo I).

6-Unha vez determinados os grupos, distínguese, desde o punto de vista contable, dentro dos mesmos os subgrupos de "terceiros" ou "perceptores". Identifícanse co subgrupo de "terceiros": aquelas persoas ou entidades que reciben o importe directamente do Tesouro e por "perceptores": os beneficiarios finais do gasto a través de habilitado ou con pago "MULTITERC" (desagregación a varios beneficiarios polo mesmo concepto).

7-Unha vez diferenciados os beneficiarios en "terceiros" e "perceptores", agrúpanse cos criterios de clasificación relacionados no apartado 5 anterior.

I.5. LIMITACIÓNS AO ALCANCE.

Os responsables dos distintos organismos e entes xestores prestaron un alto nivel de colaboración mediante a achega de documentación e información económico-financeira sobre os aspectos básicos do presente traballo. En xeral, as tarefas de fiscalización relacionadas co presente informe desenvolvérónse sen limitaciós que afectasen de forma substancial á consecución dos obxectivos previstos. Polo tanto, sinálanse as seguintes observacións:

-Todas as entidades ás que se solicitou información sobre as transferencias recibidas e execución contestaron e facilitaron información. Algunhas delas fixérono fóra de prazo, a pesar do cal, analizouse toda a información achegada.

-En xeral, coas matizacíós sinaladas no contido do informe, todos os organismos adaptáronse ás referencias documentais que se solicitaron por parte deste Consello de Contas.

-As entidades evidenciaron unha falta de protocolos documentais comúns que permitan unha análise comparativa e homoxénea da información facilitada por cada un deles.

-A denominación das modalidades de financiamento de Fondos Europeos relacionadas na base de datos 2016, Contas da Administración Xeral, difire da recollida na táboa Xumco-2016, o que dificulta establecer unha vinculación efectiva entre ambas bases de datos.

-Non existe un estado contable da Xunta de Galicia e os seus organismos autónomos e entes públicos que reflecta de forma consolidada a execución orzamentaria dos proxectos cofinanciados con Fondos Europeos, cuxa xustificación corresponde aos organismos e entes dependentes.

-Non existe un procedemento que permita á Xunta de Galicia o seguimento da participación dos seus organismos ou entes dependentes en proxectos cofinanciados con fondos da UE cuxo orixe de transferencias sexa distinto do da propia Administración Autonómica.

-Na base de datos Xumco 2016 (Terceiros e Perceptores de Fondos Europeos) facilitada este ano, o campo “P_O_Descripción” non especifica como en anos anteriores con detalle a descripción da modalidade (non consta o código) tal e como se especifica pola contra na base de datos da Conta Xeral 2016. Isto obrigou a que nos cadros resumen considérese unicamente o tipo de fondo.

II. A POLÍTICA DE COHESIÓN E OS FONDOS EUROPEOS ESTRUTURAIS E DE INVESTIMENTO (FEIE).

II.1. OBXECTIVOS, PRINCIPIOS E IMPLEMENTACIÓN.

A política rexional comunitaria ou política de cohesión pode definirse como aquela política destinada á redución das disparidades de desenvolvemento entre as rexións da Unión Europea. O obxectivo principal da política de cohesión é, polo tanto, reducir as diferenzas económicas, sociais e territoriais entre as rexións de Europa, sobre todo a través dos chamados Fondos Estruturais. Os Fondos Europeos constitúen así o conxunto de instrumentos financeiros destinados a corrixir os principais desequilibrios rexionais e promover o desenvolvemento harmonioso do conxunto da Unión Europea, e supoñen a partida máis importante do orzamento da UE.

Os Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (FEIE) teñen por finalidade investir na creación de emprego e nunha economía e un medio ambiente europeo sostible. Estes fondos concéntranse principalmente en cinco sectores: Investigación e innovación, Tecnoloxías dixitais, Economía hipocarbónica, Xestión sostible dos recursos naturais e Pequenas e medianas empresas. Estes son os catro Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (FEIE):

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER): fomenta o desenvolvemento equilibrado nas distintas rexións da UE.

Fondo Social Europeo (FSE): apoia proxectos relacionados co emprego en toda Europa e inviste no capital humano europeo (traballadores, novos e demandantes de emprego).

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER): céntrase no investimento das zonas rurais da UE, colaborando ao desenvolvemento económico e a unha maior calidade de vida nestes territorios.


Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP): axuda ao desenvolvemento dunha pesca sostible e ás comunidades costeiras a diversificar as súas economías, mellorando a calidade de vida nas zonas litorais europeas.

A estes fondos hai que engadir a **Iniciativa Europea de Emprego Xuvenil** que contribúe á cohesión en materia de emprego entre a poboación máis nova, menores de 30 anos (*) que tentan o acceso ao mercado laboral.

Finalmente e áinda que este Fondo non é aplicable a España desde a finalización do marco anterior 2007-2013, existe outro Fondo Estrutural: o Fondo de Cohesión (FC) que financia proxectos de transporte e medio ambiente en países cuxa renda nacional bruta (RNB) per cápita sexa menor que o 90% da media da UE.

(*) Modificado de acordo á segunda alegación formulada pola IXCA en escrito de data 9 de maio de 2018.

O financiamento total previsto a nivel nacional para estes fondos para o período 2014-2020 alcanza un total de 53.278.511.426€ correspondendo destes a achega da UE: 37.400.958.940€. A continuación móstrase graficamente a distribución da achega prevista da UE para o período 2014-2020 entre os diversos tipos de fondos:



Fonte: elaboración propia, toma de datos Portal de datos abertos (open data) Comisión Europea.

A Política de Cohesión da Unión Europea no período 2014-2020 impleméntase a través de dous documentos estratégicos: estes son o Marco Financeiro Plurianual 2014-2020 (MFP) e os Acordos de Asociación de cada Estado membro e acompañáñanse dunha norma común de regulación dos cinco Fondos: o Regulamento 1303/2013 (DOUE 20/12/2013). Finalmente sobre as prioridades e límites de gasto fixadas polo Marco Financeiro Plurianual, en cada orzamento anual da UE os Fondos reciben a súa asignación financeira.

En primeiro lugar referíremos ao Marco Financeiro Plurianual, a el refírese o Regulamento (UE, EURATOM) nº 1311/2013 do Consello do 2 de decembro de 2013 polo que se establece o marco financeiro para o período 2014-2020 (DOUE 20.12.2013), o cal xa foi obxecto de varios axustes técnicos a data de redacción deste informe. O Regulamento nº 1311/2013 prevé expresamente no seu artigo 7 a revisión en 2016 das asignacións en materia de Política de Cohesión derivado das actuais circunstancias de crise económica.

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

O marco financeiro plurianual ten tres obxectivos principais:

- 1-Establecer as grandes cifras das prioridades de investimento establecidas para a UE nun ciclo orzamentario amplio que abarca os exercicios 2014 ao 2020;
- 2-Fixar a disciplina orzamentaria da UE;
- 3-Servir de base para a adopción do orzamento anual da UE a través dun marco plurianual.

O marco financeiro plurianual é obxecto de actualizacións periódicas debido aos desaxustes que se producen polos atrasos na implementación dos programas nos diversos estados membros. No noso informe anterior recollemos as reasignacións financeiras efectuadas dos recursos non empregados no exercicio 2014 en favor de programas de 2015 a 2017 polo Regulamento nº 623, do 21 de abril de 2015. (DOUE 22 de abril de 2015).


O 22 de maio de 2015 (COM (2015) 320 final) lévase a cabo o axuste técnico do marco financeiro para 2016 en función da evolución da renda nacional. A continuación móstrase de forma agrupada, especificando os axustes efectuados para 2016, os créditos de compromiso que cobren o custo total das obrigas xurídicas que poderían asinarse nun exercicio orzamentario e os créditos de pago que cobren os gastos debidos no ano en curso derivados dos compromisos xurídicos contraídos no ano en curso ou en exercicios posteriores. O importe dos compromisos e o de pagos adoitan diferir nos proxectos plurianuais neste caso os créditos de compromiso consígnanse nun ano e os créditos de pagos divídense en importes más pequenos que se pagan ao longo de varios exercicios:

Cadro 1. Axuste do marco financeiro para 2016 en función da evolución da Renda Nacional dos países membros da UE.

MARCO FINANCIERO 2014-2020 (millóns de euros)	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	TOTAL 2014/ 2020
1.Crecemento intelixente e integrador	52.756	77.986	69.304	72.386	75.271	78.752	82.466	508.921
2. Crecemento sostible: recursos naturais	49.857	64.692	64.262	60.191	60.267	60.344	60.421	420.034
3. Seguridade e cidadanía	1.737	2.456	2.546	2.578	2.656	2.801	2.951	17.725
4. Europa global	8.335	8.749	9.143	9.432	9.825	10.268	10.510	66.262
5. Administración	8.721	9.076	9.483	9.918	10.346	10.786	11.254	69.584
6. Indemnizacíons	29	0	0	0	0	0	0	29
TOTAL CRÉDITOS DE COMPROMISO	121.435	162.959	154.738	154.505	158.365	162.951	167.602	1.082.555
En porcentaxe da RNB	0,90%	1,17%	1,03%	1,05%	1,01%	1,00%	1,00%	1,02%
TOTAL CRÉDITOS DE PAGO	135.762	142.007	144.685	142.771	149.074	153.362	156.295	1.023.956
En porcentaxe da RNB	1,01%	1,02%	0,98%	0,94%	0,95%	0,94%	0,93%	0,97%
Marxe dispoñible	0,22%	0,21%	0,25%	0,29%	0,28%	0,29%	0,30%	0,26%
Teito de recursos propios en porcentaxe da RNB	1,23%	1,23%	1,23%	1,23%	1,23%	1,23%	1,23%	1,23%

Fonte: resumo de partidas a partir do Anexo II da COM (2015) 320 final, do 22 de maio. (Cifras en millóns de euros, a prezos correntes). (*) Integrada polas sub-partidas 1a: Competitividade para o comercio e o emprego. 16.560€ e 1b Cohesión económica, social e territorial: 36.196€.

No seguinte gráfico móstrase a distribución dos 1.082.555 millóns de euros dos créditos de compromisos:



Elaboración propia a partir do Anexo II da COM (2015) 320 final, do 22 de maio. (Cifras en millóns de euros, a prezos correntes).

O marco financeiro 2014-2020 destina un terzo á Política de Cohesión (a través do FEDER e o FSE) e o resto a outras políticas fundamentalmente a Agrícola e Pesqueira (FEADER e FEMP). Estes catro fondos constitúen os Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (FEIE).

Avanzando nesta estrutura piramidal e xa no ámbito interno debemos referirnos ao Acordo de Asociación de España. Defínese o Acordo de Asociación como o documento elaborado por un Estado membro (que debe ser aprobado pola Comisión), con implicación de diversos axentes económicos e da sociedade civil, no que se expón a estratexia e as prioridades de cada Estado, no emprego efectivo e eficiente dos «Fondos Estruturais e de Investimento Europeos» (FEIE) coa finalidade última de lograr un crecemento intelixente, sostible e integrador (Estratexia UE 2020).

O Acordo de Asociación de España foi aprobado en marzo de 2014. Segundo recóllese na propia Introdución do Acordo de Asociación “O principal reto do modelo socio económico español é a necesidade de incrementar a produtividade e a competitividade e promover o emprego nun marco de consolidación fiscal e de restrición do crédito.”

Como xa sinalabamos no noso anterior informe de 2015, no novo marco 2014-2020, atopamos a introdución dunha distinción entre rexións co fin de asegurar que a concentración dos fondos aplíquese segundo o nivel do Produto Interior Bruto (PIB):

-Rexións menos desenvolvidas: Esta categoría inclúe aquelas rexións cuxo PIB per cápita é inferior ao 75% do PIB medio dos 28 países membros da UE.

-Rexións en transición: esta categoría nova de rexión introducirase para substituír o sistema actual de inclusión e exclusión gradual. Esta categoría incluirá todas as rexións cun PIB per cápita entre o 75% e o 90% da media dos 28 países membros da UE.

-Rexións más desenvolvidas: Esta categoría inclúe aquelas rexións cuxo PIB per cápita é superior ao 90% do PIB medio dos 28 países membros da UE. No caso de Galicia deixou de integrarse no obxectivo de converxencia para integrarse no grupo de máis desenvolvidas pero élle de aplicación a denominada “rede de seguridade”, o que vai permitir unha dotación dos Fondos Estruturais polo menos igual aos dous terzos da súa dotación de 2007-2013.

A Comisión considera que os obxectivos poden alcanzarse de forma máis eficaz se os fondos están mellor coordinados a fin de evitar solapamentos e de optimizar as sinerxías. Esta é a razón pola que a Comisión ditou o Regulamento 1303/2013 de data 17 de decembro de 2013 de disposicións comúns relativas aos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (FEIE): FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, FEADER e a FEMP, e polo que ademais derróga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello relativo ao marco anterior.

Para finalizar este apartado debemos sinalar como o marco financeiro plurianual define en termos xerais a corrente do gasto que o orzamento anual da UE establece.

O carácter anual do orzamento da UE permite non obstante revisións para atender a novas necesidades de financiamento, por exemplo: catástrofes naturais, reducir créditos co fin de considerar as desviacións de execución orzamentaria etc. Así mesmo as rectificacións poden afectar aos ingresos no orzamento para incorporar, por exemplo, o superávit do ano anterior ou para actualizar os ingresos previstos que se vaian a recadar dos distintos tipos de ingresos.

Estas adaptacións denominanse «proxectos de orzamentos rectificativos» e son aprobadas polo Consello da UE e o Parlamento Europeo a proposta da Comisión. No 2016 houbo ata seis orzamentos rectificativos. Centrándonos no último deles este ten por obxecto proporcionar asistencia financeira a Alemaña en resposta a unha serie de inundacións de curta duración moi intensas que afectaron á rexión de Baixa Baviera en maio e xuño de 2016. No seguinte cadro resúmense as partidas do orzamento 2016:

Cadro 2. Orzamento da Unión Europea para 2016 (rectificativo nº 6).

ORZAMENTO 2016 UE			
GASTOS			
Categorías dos Gastos	Orzamento 2016 (1)	Orzamento 2015 (2)	Variación (%)
1. Crecemento sostible	59.290.697.648	66.853.308.910	-11,31
2. Conservación e xestión dos recursos naturais	54.972.403.654	55.998.594.804	-1,8
3. Cidadanía, liberdade, seguridade e xustiza	3.022.387.739	1.929.165.795	+56,85
4. A UE como actor global	10.155.590.403	7.422.489.907	+35,80
5. Administración	8.950.916.040	8.658.632.705	+3,38
6. Compensacións	p.m.	p.m.	---
Instrumentos especiais	250.475.125	418.230.818	-34,86
Total de gastos (3)	136.642.470.609	141.280.422.939	-3,28
INGRESOS			
Categorías dos Ingresos	Orzamento 2016 (1)	Orzamento 2015 (2)	Variación (%)
Ingresos diversos (títulos 4 a 9)	1.616.701.373	3.045.497.557	-46,92
Excedente dispoñible do exercicio anterior (capítulo 3 0, artigo 3 0 0)	1.134.116.814	1.434.557.708	-5,96
Transferencia do excedente do Fondo de Garantía relativo a accións exteriores (capítulo 3 0, artigo 3 0 2)	p.m..	p.m..	---
Saldos de recursos propios procedentes do IVE e de recursos propios PNB/RNB relativo a exercicios anteriores (capítulos 3 1 e 3 2)	p.m..	7.133.244.000	---
Total dos ingresos dos títulos 3 a 9	2.965.818.187	11.613.299.265	-74,46
Importe neto dos dereitos de aduana e das cotizacións polo azucré (capítulos 1 1 e 1 2)	20.247.900.000	18.759.400.000	+7,93
Recurso propio «IVE» ao tipo uniforme (cadros 1 e 2, capítulo 1 3)	16.279.317.150	18.023.353.946	-9,68
Resto a financiar co recurso complementario (recurso propio RNB, cadro 3, capítulo 1 4)	97.149.435.272	92.884.369.728	+4,59
Créditos que se financiarán mediante os recursos propios aos que se refire o artigo 2 da Decisión 2014/335/UE, Euratom (4)	133.676.652.422	129.667.123.674	+3,09
Total dos ingresos (3)	136.642.470.609	141.280.422.939	-3,28

Fonte: Presuposto UE 2016 (DOUE 28.02.2017) (inclúe rectificativos). p.m.: Prol-memoria: Trátase das situacións onde a base xurídica do gasto ou ingreso áinda non existe ao ser aprobado o orzamento ou cando a autoridade orzamentaria suspende unha actividade, trátase de rúbricas de gasto ou ingresos recoñecidas pero sometidas a condición. (1) As cifras desta columna corresponden ás do orzamento 2016 (DO L 48, 24.02.2016, p. 1) máis os orzamentos rectificativos nº1 a 6/2016. (2) As cifras desta columna corresponden ás do orzamento 2015 (DO L 69, 13.03.2015, p. 1) máis os orzamentos rectificativos nº1 a 8/2015. (3) O artigo 310, apartado 1, parágrafo terceiro, do Tratado de Funcionamento da Unión Europea di: «O orzamento deberá estar equilibrado en canto a ingresos e gastos. (4) Os recursos propios do orzamento 2016 calcúlanse sobre as bases das previsións orzamentarias adoptadas na reunión nº 166 do Comité Consultivo de Recursos propios do 18 de maio de 2016.

II.2. A POLÍTICA DE COHESIÓN EN GALICIA NO MARCO 2014-2020.

Na actualidade, do novo Plan Estratégico de Galicia 2015-2020 (versión 11 de maio 2016) extraemos a seguinte información sobre as estratexias para o novo período 2014-2020 que se resumen así:

Obxectivo xeral do plan: *Fomentar un modelo de crecemento económico baseado na innovación e no capital humano, que favoreza unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e a renda dos galegos e das galegas. Destes documentos tamén se contén que: a nova orientación dos Fondos Europeos,*

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

dedicados ao fomento da economía do coñecemento, o apoio ás pequenas e medianas empresas e o desenvolvemento sostible, brinda a Galicia unha oportunidade única de despegamento económico que se debe aproveitar para achegarnos ás economías más avanzadas.

Este Plan Estratéxico pódese sintetizar no seguinte cadro:

Cadro 3. Eixos e principios transversais e horizontais do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.

EIXOS PLAN ESTRATÉXICO GALICIA 2015-2020			
EIXO 1: EMPREGO E CRECIMIENTO INTELIXENTE			
EIXO 2: BENESTAR DAS PERSOAS E AS FAMILIAS E COHESIÓN SOCIAL			
EIXO 3: CRECIMIENTO SOSTIBLE, TERRITORIO, MAR, AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES			
EIXO 4: SOCIEDADE DIXITAL, CULTURA E REFORZO DO PESO DE GALICIA NA SÚA CONTORNA			
EIXO INSTRUMENTAL: ADMINISTRACIÓN MODERNA, EFICIENTE E DE CALIDADE			

PRINCIPIOS TRANVERSAIS			
PRINCIPIO TRANSVERSAL 1	PRINCIPIO TRANSVERSAL 2	PRINCIPIO TRANSVERSAL 3	PRINCIPIO TRANSVERSAL 4
IMPULSO DA CULTURA DA INNOVACIÓN	FOMENTO DO EMPRENDEMENTO, DA INDUSTRIALIZACIÓN E DA INTERNACIONALIZACIÓN	DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	COHESIÓN TERRITORIAL, E FIXACIÓN DA POBOACIÓN NO MEDIO RURAL

PRINCIPIOS HORIZONTAIS		
GOBERNANZA E ASOCIACIÓN	PROMOCION DE IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E NON DISCRIMINACIÓN	CRECIMIENTO SOSTIBLE

Fonte: Elaboración propia a partir Plan Estratéxico Galicia (versión maio 2016), da Consellería de Facenda tomo 2 web.

No Plan Estratéxico de Galicia recóllese o marco financeiro do período 2015-2020, o cal se reproduce no seguinte cadro:

Cadro 4. Marco Financeiro do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.

MARCO FINANCIERO DO PLAN ESTRATEGICO DE GALICIA 2015-2020 (millóns de euros)						
EIXOS	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Eixo 1: Emprego e crecimiento intelixente	2.546	2.687	2.738	2.811	2.900	2.979
Eixo 2: Benestar das persoas e as familias e cohesión social	4.537	4.617	4.677	4.757	4.878	4.982
Eixo 3: Crecemento sostible, territorio, mar, agricultura, gandería e montes	925	845	839	836	831	830
Eixo 4: Sociedade dixital, cultura e reforzo do peso de Galicia na súa contorna	373	324	343	345	344	345
Eixo Instrumental: administración moderna, eficiente e de calidad	135	134	121	121	118	113
TOTAL PXE	8.516	8.607	8.718	8.870	9.071	9.249
Intereses de servizo de débeda	299	266	228	165	143	154
Total gasto non financeiro	8.815	8.874	8.946	9.034	9.213	9.403

Fonte Táboa nº 7 (páxina 289) do Plan Estratéxico Galicia (versión maio 2016), da Consellería de Facenda.

O Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, está estruturado en 5 eixos prioritarios, 20 prioridades de actuación, 74 obxectivos específicos e 21 obxectivos instrumentais.

Para finalizar recóllese no cadro seguinte os fondos e programas operativos do marco 2014-2020 en Galicia:

Cadro 5. Fondos Europeos e programas operativos en Galicia no novo marco 2014-2020.

FONDO/PROGRAMA OPERATIVO	AXUDA COMUNITARIA	CUSTO	% SOBRE TOTAL DE AXUDA COMUNITARIA
FEDER rexional-Galicia (*)	883.369.308,00	1.104.211.637,00	21,26
Crecemento. Intelixente FEDER Pluri-rexional	458.936.344,00	820.009.682,00	11,04
Crecemento. Sostible FEDER Pluri-rexional	570.345.171,00	964.917.209,00	13,73
PEME FEDER Pluri-rexional	44.235.080,00	44.235.080,00	1,06
SUBTOTAL FEDER	1.956.885.903,00	2.933.373.608,00	47,09
FSE rexional-Galicia (*)	313.142.972,00	391.428.715,00	7,54
Emprego Xuvenil FSE Pluri-rexional	97.764.350,00	109.553.580,00	2,35
Emprego, Formación e Educación FSE Pluri-rexional	299.100.000,00	373.875.005,00	7,20
Inclusión Social e Economía Social FSE Pluri-rexional	112.400.000,00	140.500.007,00	2,70
Asistencia Técnica FSE Pluri-rexional	3.300.000,00	5.304.631,00	0,08
Fondo de Axuda Europea ás persoas máis desfavorecidas Pluri-rexional. (FEAD).	28.200.000,00	33.176.471,00	0,68
SUBTOTAL FSE	853.907.322,00	1.053.838.409,00	20,55
Cooper. Territorial. Transfronteriza España-Portugal FEDER	57.039.373,00	76.052.497,00	1,37
Cooper. Territorial. Transnacional Espazo Atlántico FEDER	19.578.119,00	26.104.158,00	0,47
Cooper. Territorial. Transnacional Espazo Suroeste FEDER	5.114.974,00	6.819.966,00	0,12
Cooper. Territorial. Interrexional INTERREG FEDER	2.140.672,00	2.518.437,00	0,05
SUBTOTAL COOPERACION	83.873.138,00	111.495.058,00	2,02
FEADER rexional-Galicia. (*)	889.800.000,00	1.186.400.000,00	21,41
SUBTOTAL FEADER	889.800.000,00	1.186.400.000,00	21,41
Marítimo Pesqueiro FEMP pluri-rexional	371.016.842,00	825.305.242,00	8,93
SUBTOTAL FEMP	371.016.842,00	825.305.242,00	8,93
TOTAL	4.155.483.205,00	6.110.412.318,00	100,00

Fonte: Elaboración propia a partir do Plan Estratégico Galicia (versión xaneiro 2016), da Consellería de Facenda tomo 3 web. Cantidades en euros
 (*) En negrita, fondo azul, figuran os programas rexionais xestionados directamente pola Xunta de Galicia.

Durante todo o marco actual Galicia prevese que reciba axuda comunitaria procedente dos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos por un importe superior a 4.155 millóns de euros que, xunto coa achega adicional pública e privada, mobilizará un investimento global de 6.110 millóns de euros.

O FEDER rexional-Galicia representa o 21,26% do total dos fondos comunitarios correspondentes a Galicia e en concreto o 45,10% dos fondos FEDER previstos para Galicia. Por outra banda o FSE rexional-Galicia representa o 7,54% do total dos fondos comunitarios correspondentes a Galicia e o 36,67% do total do FSE vinculado a Galicia. Finalmente o FEADER rexional-Galicia representa o 21,41% do total de fondos comunitarios.

Estes tres programas rexionais (FEDER rexional-Galicia, FSE rexional-Galicia e FEADER rexional-Galicia) no seu conxunto representan o 50,21% do total de financiamento comunitario para o conxunto do período 2014-2020.

A continuación imos expoñer os diversos programas operativos existentes en Galicia para o período 2014-2020.

III. OS FONDOS EUROPEOS ESTRUTURAIS E DE INVESTIMENTO EN GALICIA NO PERÍODO DE PROGRAMACIÓN 2014-2020.

III.1. XESTIÓN FINANCEIRA DOS FONDOS EUROPEOS NO MARCO 2014-2020.

O título IX do Regulamento UE nº 1303/2013 de disposicións comúns dos Fondos Europeos relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao Fondo Social Europeo (FSE), ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), establece as normas sobre xestión financeira e outros aspectos como a aceptación, rectificacións e liberación de fondos, é dicir o que se denomina “o circuíto financeiro”.

Os compromisos orzamentarios réxense polo principio de anualidade para cada fondo durante a vixencia do marco 2014-2020. As reservas de rendemento ás que nos referiremos máis adiante, formalízanse de forma separada respecto das asignacións do programa. Os compromisos orzamentarios do primeiro tramo de cada programa contráense unha vez que a Comisión adopte o programa. Os seguintes tramos de cada programa, de forma xeral, contraeranse antes do 1 de maio de cada ano. A Comisión, de acordo co marco de rendemento, liberará os créditos asignados a un programa cuxa execución sexa deficiente e os reasignará a programas cun maior rendemento.

Respecto dos pagos, faranse con cargo ao compromiso orzamentario aberto máis antigo do fondo de que se trate. Os pagos revestirán a forma de prefinaciamento, pagos intermedios e pago de saldo final. O prefinaciamento inicial abonarase en tramos e só se empregará para pagos aos beneficiarios relacionados coa execución de cada programa. O importe dos pagos intermedios e o pago final calcularase en función da porcentaxe de cofinanciamento específico aplicable ao gasto subvencionable.

O prazo para o exame e aceptación das contas termina o 31 de maio do ano seguinte á finalización do exercicio contable. A Comisión poderá realizar correccións financeiras e recuperar os importes abonados cando o gasto incumpra a lexislación aplicable.

Respecto da liberación dos créditos asignados a un programa, séguese o seguinte procedemento (coas súas correspondentes excepcións) en virtude do cal serán liberados os importes vinculados a un compromiso que non estean incluídos no prefinaciamento nin nunha solicitude de pago dentro dun período determinado, incluída calquera solicitude de pago que estea suxeita total ou parcialmente a unha interrupción do prazo para o pago ou a unha suspensión do pago. A parte



dos compromisos que siga aberta será liberada se calquera dos documentos esixidos para o peche non se presentou á Comisión nos prazos fixados nas normas específicas dos fondos.

A Comisión comunicará ao Estado membro a información sobre os importes que vaian ser liberados para que este exprese a súa conformidade ou non no prazo de dous meses. Como moi tarde o 30 de xuño o Estado deberá presentar o plan financeiro revisado de acordo coas novas necesidades xurdidas e será aprobado pola Comisión antes do 30 de setembro.

III.2. PROGRAMA OPERATIVO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL 2014-2020 (FEDER-GALICIA).

III.2.1. ASPECTOS XERAIS.

Respecto do noso informe de 2015 no que expuxemos unha versión anterior deste programa, o FEDER-Galicia, obxectivo de investimento en crecemento e emprego, foi obxecto de actualización, a data de redacción do presente informe, sendo esta aprobada por Decisión da Comisión Europea do 22 de agosto de 2016. En efecto, tal e como ocorre no marco precedente os programas operativos poden ser obxecto de actualización periódica para adaptalos a unhas necesidades e obxectivos que varían no tempo, e a un financiamento que evoluciona en función da convivencia económica.

O Regulamento (UE) nº 1299/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, polo que se regula especificamente este fondo, establece que: *o FEDER debe contribuir a reducir as diferenzas entre os niveis de desenvolvemento das diversas rexións e o atraso das rexións menos favorecidas, entre as que debe prestarse especial atención ás zonas rurais, ás zonas afectadas por unha transición industrial e ás rexións que padecen desvantaxes naturais ou demográficas graves e permanentes como, por exemplo, as rexións más setentrionais cunha escasa densidade de poboación e as rexións insulares, transfronteirizas e de montaña.*

Con carácter previo e para delimitar os criterios da nosa exposición, é preciso destacar que en Galicia e para o novo marco 2014-2020, existen toda unha serie de instrumentos de intervención en relación co FEDER no territorio da Comunidade Autónoma. O FEDER aplicado a Galicia ten unha desagregación nunha serie de programas operativos que recollemos no seguinte cadro:

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

Cadro 6. Distribución do FEDER en Galicia no período 2014-2020 por instrumento de intervención rexional ou pluri-rexional.

INSTRUMENTO DE INTERVENCIÓN 2014-2020	IMPORTE	%
PO FEDER Galicia xestionado pola Xunta de Galicia	883.369.308,00	45,14
PO FEDER Crecemento intelixente xestionado pola Administración Xeral do Estado	458.936.344,00	23,45
PO FEDER Crecemento sostible xestionado pola Administración Xeral do Estado	570.345.171,00	29,15
PO FEDER Iniciativa PEME xestionado pola Administración Xeral do Estado	44.235.080,00	2,26
TOTAL	1.956.885.903,00	100,00

O FEDER que se investirá en Galicia ao longo do período supoñerá 1.956 millóns de euros, dos que 883 millóns corresponden ao Programa operativo FEDER-Galicia e o resto aos Programas FEDER Plurirrexionais.

Como xa sinalamos anteriormente, centrarémonos no programa operativo FEDER-Galicia xestionado pola Comunidade Autónoma, ao que corresponde o 45,14% do importe total dos instrumentos de intervención FEDER en Galicia. O programa operativo FEDER Galicia 2014-2020 conta con nove eixos e 19 prioridades de investimento.

III.2.2. PLAN DE FINANCIAMENTO DOS EIXOS DO PROGRAMA OPERATIVO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER)-GALICIA 2014-2020 NO MARCO DO OBXECTIVO INVESTIMENTO EN CRECIMIENTO E EMPREGO.

Como se sinalaba na parte correspondente aos “Aspectos Xerais” centrarémonos na presente exposición no programa operativo FEDER-Galicia xestionado pola Comunidade Autónoma cuxo custo total previsto ascende a 1.104 millóns de euros, entre recursos públicos da UE e nacionais. Deles o 80% corresponde á axuda comunitaria (883,36 millóns de euros), o 16,20% corresponde á cofinanciamento da Xunta de Galicia (178,90 millóns de euros), e o 3,80% restante será achegado polo sector privado nos Eixos 1, 3 e 4.

A continuación recóllese de forma pormenorizada como se distribúe o custo total previsto do Programa (1.104 millóns de euros):


Cadro 7. Plan Financeiro FEDER Galicia período 2014-2020.

Nº EIXO	Financiamento Comunitario (a)	Financiamento nacional (b)	Financiamento Total e=(a+b)	Taxa cofinanciación f=(a/e)	% correspondente ao eixo sobre total Financiamento
1	142.400.000,00	35.600.000,00	178.000.000,00	80,00%	16,12
2	140.700.000,00	35.175.000,00	175.875.000,00	80,00%	15,93
3	143.000.000,00	35.750.000,00	178.750.000,00	80,00%	16,19
4	152.907.438,00	38.226.860,00	191.134.298,00	80,00%	17,31
5	39.538.127,00	9.884.532,00	49.422.659,00	80,00%	4,48
6	152.054.435,00	38.013.609,00	190.068.044,00	80,00%	17,21
9	51.438.483,00	12.859.621,00	64.298.104,00	80,00%	5,82
10	47.330.000,00	11.832.500,00	59.162.500,00	80,00%	5,36

Nº EIXO	Financiamento Comunitario (a)	Financiamento nacional (b)	Financiamento Total e=(a+b)	Taxa cofinanciación f=(a/e)	% correspondente ao eixo sobre total Financiamento
13	14.000.825,00	3.500.207,00	17.501.032,00	80,00%	1,58
TOTAL	883.369.308,00	220.842.329,00	1.104.211.637,00	80,00%	100,00

Fonte: Elaboración propia a partir do programa operativo FEDER-Galicia versión 6.04.2016.

A continuación, móstrase no gráfico o financiamento comunitario do FEDER-Galicia 2014-2020 (que ten un importe previsto de 883.369.308,00€ desagregada por anualidades), correspondendo ao 2016: 120.097.006,00€ fronte aos 117.629.723,00€ do 2015, o que supón un aumento de 2.467.283,00€ respecto ao exercicio anterior.



Fonte: Elaboración propia os importes inclúen reserva de rendemento.

Debemos matizar que as cantidades anuais previstas neste marco 2014-2020, recollen dous componentes: a asignación principal e a chamada reserva de rendemento.

O Regulamento nº 1303/2013, establece que a “reserva de rendemento” constituirá entre o 5 e o 7% da asignación destinada a cada prioridade dentro do programa e destinarase únicamente aos programas e prioridades que alcancen os seus fitos, de non ser o caso, o Estado membro proponerá a reasignación do importe correspondente da “reserva de rendemento” ás prioridades establecidas na decisión da Comisión. As normas vixentes prevén que dita revisión terá lugar en 2019.

É de destacar como nos catro primeiros eixos (“1 potenciar o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación”, “2 mellorar o uso e a calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso ás mesmas”, “3 mellorar a competitividade das PEMES” e o “4 favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores”) máis a “6 conservación e protección do medio ambiente e promoción da eficiencia dos recursos”, concéntrase o 82,76% do total do financiamento comunitario.

III.2.3. ORGANISMOS RESPONSABLES DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER GALICIA).

De acordo coa sección 7 (Autoridades e organismos responsables da xestión, o control e a auditoría e papel dos socios intervenientes) do programa operativo do FEDER-Galicia, podemos destacar os seguintes organismos:

Cadro 8. Organismos responsables do FEDER-Galicia período 2014-2020.

TIPO DE INTERVENCIÓN	NOME DA AUTORIDADE	XEFE DA AUTORADE
Autoridade de Xestión	Subdirección Xeral de Administración do FEDER, da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios. Ministerio de Facenda e Administracións Públicas	Subdirector Xeral de Administración do FEDER
Autoridade de Certificación	Subdirección Xeral de Certificación e Pagos da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios. Ministerio de Facenda e Administracións Públicas	Subdirector Xeral de Certificación e Pagos
Autoridade de Auditoría	Intervención Xeral da Administración do Estado (IXAE). Ministerio de Facenda e Administracións Públicas	Interventor Xeral da Administración do Estado
Organismo ao que a Comisión debe realizar os pagos	Subdirección Xeral do Tesouro da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas	Subdirector Xeral do Tesouro
Organismo Intermedio	No PO FEDER-Galicia 2014-2020, o organismo intermedio será a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, abarcando todo o ámbito da Xunta de Galicia e os seus organismos dependentes	

Fonte: elaboración propia, a partir do documento do programa operativo

III.3. PROGRAMA OPERATIVO FONDO SOCIAL EUROPEO DE GALICIA 2014-2020 (FSE).

III.3.1. ASPECTOS XERAIS.

A exposición deste informe realiza de acordo coa versión do 8 de decembro de 2015 última versión aprobada a data de redacción deste informe xa que como expuxemos anteriormente os programa operativos poden ser obxecto de revisión para adaptalos ás circunstancias e necesidades reais de cada tempo en relación cos diversos obxectivos fixados con carácter pormenorizado ao principio do período. No FSE existen unha serie de instrumentos de intervención en relación cos cales Galicia recibirá ao longo do período 853 millóns de euros. A distribución dos fondos asignados recóllese no seguinte cadro:

Cadro 9. Distribución do FSE en Galicia no período 2014-2020 por instrumento de intervención rexional ou pluri-rexional.

Instrumento de intervención 2014-2020	IMPORTE UE	%
PO FSE Galicia xestionado pola Xunta de Galicia	313.142.972,00	36,67
PO pluri-rexional FSE Emprego xuvenil	97.764.350,00	11,45
PO pluri-rexional FSE Emprego, Formación e Educación	299.100.000,00	35,03
PO pluri-rexional FSE Inclusión Social e Economía Social	112.400.000,00	13,16
PO pluri-rexional FSE Asistencia Técnica	3.300.000,00	0,39
Fondo de Axuda Europea para os más necesitados (*)	28.200.000,00	3,30
TOTAL	853.907.322,00	100,00

Fonte: elaboración propia. (*) Fondo complementario do FSE.

O Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, que regula especificamente este fondo, e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1081/2006 do Consello, establece que o FSE ten como obxectivos:

- 1) No campo laboral: Promover elevados niveis de emprego que sexan de calidade, mellorar o acceso ao mercado laboral fomentando a mobilidade xeográfica e a adaptación ao cambio industrial e aos cambios dos sistemas de produción para garantir o desenvolvemento sostible, propiciar un elevado nivel de educación e formación para todos, e entre os mozos, apoiar a transición da educación ao emprego.
- 2) No campo social: Loitar contra a pobreza e fomentar a inclusión social, a non discriminación e a igualdade de xénero e de oportunidades.

III.3.2. PLAN DE FINANCIAMENTO DOS EIXOS DO PROGRAMA OPERATIVO FONDO SOCIAL EUROPEO (FSE)-GALICIA 2014-2020 NO MARCO DO OBXECTIVO INVESTIMENTO EN CRECERMENTO E EMPREGO.

Segundo a versión definitiva do 8 de decembro de 2015, o custo total do programa do FSE-Galicia alcanza os 391,42 millóns de euros entre recursos públicos nacionais e comunitarios, dos que o 80% corresponde á axuda comunitaria é dicir 313,14 millóns de euros e o resto 78,28 millóns de euros a financiamento nacional.

A continuación recóllese de forma pormenorizada como se distribúe o custo total previsto do programa operativo do FSE-Galicia:

Cadro 10. Plan financeiro FSE Galicia período 2015-2020.

Nº EIXO	Financiamento Comunitario (a)	Financiamento nacional (b)	Financiamento Total e=(a+b)	Taxa cofinanciamento f=(a/e)	% correspondente ao eixo sobre total Financiamento
1	97.001.292,00	24.250.323,00	121.251.615,00	80%	30,98
2	83.258.868,00	20.814.717,00	104.073.585,00	80%	26,59
3	124.378.765,00	(*) 31.094.691,00	(*) 155.473.456,00	80%	39,72

(*) Modificado de acordo á terceira alegación formulada pola IXCA en escrito de data 9 de maio de 2018.


Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

Nº EIXO	Financiamento Comunitario (a)	Financiamento nacional (b)	Financiamento Total e=(a+b)	Taxa cofinanciamento f=(a/e)	% correspondente ao eixo sobre total Financiamento
8	8.504.047,00	2.126.012,00	10.630.059,00	80%	2,72
TOTAL	313.142.972,00	(*) 78.285.743,00	(*) 391.428.715,00	80%	100,00

Fonte: Elaboración propia a partir do Programa operativo FSE-Galicia

A continuación, móstrase o financiamento comunitario ao FSE Galicia 2015-2020 que ten un importe previsto de 313.142.974,00€ desagregada por anualidades, correspondendo ao 2016: 45.745.731,00€ fronte aos 73.032.118,00€ de 2015. Esta importante baixa explícase polos atrasos na implementación do programa en 2014, o que obrigou a realizar a correspondente reasignación financeira a exercicios posteriores.

Debemos matizar que as cantidades anuais previstas neste marco 2015-2020, recollen dous compoñentes: a asignación principal e a chamada reserva de rendemento.



Fonte: elaboración propia.

Os eixos: “1 promover a sostibilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral”, “2 promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación”, “3 investir en educación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente” concentran o 97,28% da achega comunitaria.

III.3.3. ORGANISMOS RESPONSABLES DO FONDO SOCIAL EUROPEO (FSE-GALICIA).

De acordo co programa operativo do FSE-Galicia polo que se refire ás autoridades e organismos responsables da xestión, e ao control e a auditoría e papel dos socios pertinentes, as autoridades e organismos pertinentes son:

(*) Modificado de acordo á terceira alegación formulada pola IXCA en escrito de data 9 de maio de 2018.

Cadro 11. Organismos responsables do FSE-Galicia período 2014-2020.

TIPO DE INTERVENCIÓN	NOME DA AUTORIDADE	XEFE DA AUTORIDADE
Autoridade de Xestión	Unidade de Xestión da Unidade Administrativa FSE (UAFSE) Ministerio de Emprego e Seguridade Social	Subdirección Xeral Adxunta de Xestión
Autoridade de Certificación	Unidade de Certificación da Unidade Administradora do FSE (UAFSE) Ministerio de Emprego e Seguridade Social	Subdirector Xeral Adxunto de Certificación
Autoridade de Auditoría	Intervención Xeral da Xunta de Galicia	Interventor Xeral da Xunta de Galicia
Organismo ao que a Comisión debe realizar os pagos	Subdirección Xeral Adxunta de Certificación da Unidade Administradora do FSE (UAFSE) dentro da Dirección Xeral de Traballo Autónomo da Economía Social e de Responsabilidade Social das Empresas	Subdirector Xeral Adxunto de Certificación

Fonte: elaboración propia a partir do documento do programa operativo

Debemos sinalar que no novo marco 2014-2020 establecese como obxectivo unha simplificación das tarefas administrativas na execución, control e seguimento dos diversos programas operativos.

Os Regulamentos comunitarios prevén a xustificación e simplificación de custos; neste sentido o Regulamento (UE) nº 1303/2013, prevé a xustificación a tanto alzado do 40% dos custos de persoal e a xustificación, a través de baremos estándar de custos unitarios para operacións de importe inferior a 50.000€.

III.4. PROGRAMA OPERATIVO DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA 2014-2020 (PDR).

III.4.1. ASPECTOS XERAIS.

A exposición deste informe realiza de acordo ao programa operativo PDR-Galicia do 24 de novembro de 2015. O PDR de Galicia constitúe unha continuación do anterior programa aprobado dentro do marco 2007-2013 adaptado a unha nova concxuntura europea e máis concretamente aos novos retos que en materia de desenvolvemento rural xurdiron na Comunidade Autónoma de Galicia.

No novo marco Galicia percibirá unha achega da UE por un total de 889,80 millóns de euros, o que se determina pola importancia que o sector rural ten na economía galega, unido ao feito de que Galicia foi considerada dentro das rexións más desenvolvidas no marco 2014-2020, e dentro delas como rexión en transición.

Cadro 12. Orixe de achegas ao PDR-Galicia, período 2014-2020.

ORIXE	ACHEGA
ACHEGA UE FEADER 2014-2020	889.800.000,00
ACHEGA XUNTA DE GALICIA	217.572.000,00
ACHEGA ADMINISTRACION XERAL DO ESTADO	79.028.000,00
TOTAL	1.186.400.000,00

Fonte: elaboración propia.

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

Este fondo regúlase especificamente polo Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

De acordo co Regulamento nº 1306/2013 para alcanzar os obxectivos da PAC establecidos no Tratado de Funcionamento da UE, o financiamento das distintas medidas a que se estende esta política, incluídas as de desenvolvemento rural, efectuarase mediante:

a) O Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e b) o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER). O FEAGA e o FEADER constitúen partes do orzamento xeral da Unión Europea. Por outra banda e de acordo co artigo 6 do Regulamento 1305/2013, os Estados membros poderán presentar ben un programa único para todo o seu territorio ou ben un conxunto de programas rexionais, caso do Estado español.

Respecto ao contido do programa, o FEADER ten como finalidade fomentar o desenvolvemento rural sostible en toda a Unión como complemento dos demais instrumentos da PAC, a política de cohesión e a política pesqueira común. Contribuirá ao logro dun sector agrícola más equilibrado desde a óptica territorial e ambiental, más respectuoso co clima, más resistente aos cambios climáticos, más competitivo e más innovador. Tamén debe contribuír ao desenvolvemento dos territorios rurais (www.redruralnacional.es).

III.4.2. PLAN DE FINANCIAMENTO DO PROGRAMA OPERATIVO DE DESENVOLVEMENTO RURAL (PDR).

A continuación exponse como se distribúe o custo total previsto do Programa, que ascende a 1.186 millóns de euros entre as diversas prioridades do PDR de Galicia 2015-2020, distinguindo o financiamento comunitario e nacional e incluíndo a asistencia técnica e medidas discontinuas que corresponden á medida: "Xubilación Anticipada". Especificase así mesmo como se distribúe o importe de financiamento comunitario: que neste novo período alcanza os 889,80 millóns de euros.

Cadro 13. Plan Financeiro PDR-Galicia, período 2015-2020.


PRIORIDADE	Financiamento Comunitario (a)	Financiamento nacional (b)	Financiamento Total e=(a+b)	Taxa cofinanciamento f=(a/e)	% correspondente ao eixo sobre total financiamento
2	236.754.750,00	78.918.250,00	315.673.000,00	75%	26,61
3	101.382.000,00	33.794.000,00	135.176.000,00	75%	11,39
4	303.051.000,00	101.017.000,00	404.068.000,00	75%	34,06
5	77.132.250,00	25.710.750,00	102.843.000,00	75%	8,67
6	164.670.000,00	54.890.000,00	219.560.000,00	75%	18,51
Asistencia técnica e medidas sen continuidade	6.810.000,00	2.270.000,00	9.080.000,00	75%	0,77
TOTAL	889.800.000,00	296.600.000,00	1.186.400.000,00	75%	100,00

Fonte: elaboración propia. A partir do PDR-Galicia.

A continuación o gráfico mostra o financiamento comunitario ao PDR-Galicia 2015-2020 (que ten un importe previsto de 889.800.000,00€ para todo o período), desagregada por anualidades, de acordo co punto 10.1.3 do programa operativo, correspondendo ao 2016: 190.937.834,00€.

Como ocorreu no FSE debemos matizar que o comezo das anualidades do marco axústanse neste programa PDR-Galicia tamén ao exercicio 2015 e 2016, debido ao atraso na aprobación e posta en marcha dos diversos programas operativos de forma xeneralizada nas diversas rexións europeas.

Ademais as cantidades anuais previstas recollen dous compoñentes: a asignación principal e a chamada reserva de rendemento. Estes conceptos quedaron expostos anteriormente no programa operativo FEDER-Galicia.



Fonte: elaboración propia.

III.4.3. ORGANISMOS RESPONSABLES DO PROGRAMA OPERATIVO DE DESENVOLVEMENTO RURAL.

O Programa Operativo de Desenvolvemento Rural de Galicia (PDR) do 18 de novembro de 2015, de acordo ao previsto no Regulamento nº 1305/2013 e o Regulamento 1303/2013 recolle no seu punto 15 as autoridades do programa:

Cadro 14. Organismos responsables do PDR-Galicia, período 2014-2020.

TIPO DE INTERVENCIÓN	NOME DA AUTORIDADE	XEFE DA AUTORIDADE
Autoridade de Xestión	Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural e Mar	Secretario Xeral Técnico
Autoridade de Certificación	Intervención Xeral Consellería de Facenda	Interventor Xeral
Autoridade de Acreditación Pagos	Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA)	Director FOGGA
Autoridade de Auditoría	Intervención Xeral da Xunta de Galicia	Interventor Xeral da Xunta de Galicia

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

TIPO DE INTERVENCIÓN	NOME DA AUTORIDADE	XEFE DA AUTORIDADE
Organismos de Coordinación	Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal do Ministerio de Agricultura, alimentación e Medioambiente Servizo de Coordinación e Seguimento da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural e do Mar do PDR-Galicia	Director Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal MAGRAMA Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural e do Mar

Fonte: elaboración propia a partir do documento do programa operativo.

III.5. PROGRAMA OPERATIVO DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DA PESCA (FEMP).

III.5.1. ASPECTOS XERAIS.

Na actualidade, á data de redacción do presente informe, atópase aprobado xa de forma definitiva o Programa do Estado Español do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca por decisión da Comisión Europea do 13 de novembro de 2015 e presentado publicamente en decembro dese ano.

O Fondo Europeo Marítimo e de Pesca atópase regulado especificamente no Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, e polo Regulamento Delegado (UE) nº 480/2014 da Comisión do 3 de marzo de 2014. Así mesmo élle de aplicación o Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 de disposicións comúns para os Fondos Estruturais e de Investimento europeos, entre os que como xa se mencionou atópase o FEMP. No mesmo establecéñse as condicións, o exame do rendemento, medidas de seguimento, informes, avaliación e admisibilidade, que se aplicarán aos proxectos elixidos polos estados membros e a Comisión.

Este programa operativo, a diferenza dos expostos en apartados anteriores, ten un carácter nacional. Desta forma coa exposición deste fondo complétase a visión xeral dos denominados Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (FEIE) que serán aplicables para o período 2014-2020.

No seguinte cadro recólleñense os obxectivos principais da FEMP establecidos no artigo 3 do Regulamento nº 508/2014.

Cadro 15. Obxectivos do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca.

OBXECTIVOS DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DA PESCA (FEMP)
FOMENTAR UNHA PESCA E UNHA ACUICULTURA COMPETITIVAS, MEDIOAMBIENTALMENTE SOSTIBLES, ECONOMICAMENTE VIABLES E SOCIALMENTE RESPONSABLES
IMPULSAR A APLICACIÓN DA POLÍTICA PESQUEIRA COMÚN (PPC)
FOMENTAR UN DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL EQUILIBRADO E INTEGRADOR DAS ZONAS PESQUEIRAS E ACUÍCOLAS
IMPULSAR O DESENVOLVEMENTO E A APLICACIÓN DA POLÍTICA MARÍTIMA INTEGRADA (PMI) DA UNIÓN DE FORMA COMPLEMENTARIA Á POLÍTICA DE COHESIÓN E Á PPC

Fonte: elaboración propia.

III.5.2. PLAN DE FINANCIAMENTO DOS EIXOS DO PROGRAMA OPERATIVO FONDO EUROPEO MARÍTIMO DA PESCA 2014-2020 NO MARCO DO OBXECTIVO INVESTIMENTO EN CRECemento E EMPREGO.

O Regulamento nº 508/2014 distingue entre xestión compartida e xestión directa. De acordo co obxectivo de simplificación, todas as actividades (as do título V do Regulamento) do FEMP en réxime de xestión compartida, entre elas as de control e recompilación de datos, deben integrarse nun programa operativo único por Estado membro, de conformidade coa estrutura nacional do Estado membro de que se trate.

O Plan financeiro previsto para o período 2014-2020, de acordo co programa operativo da FEMP-España, recóllese a continuación no seguinte cadro, abarcando todo o territorio nacional:

Cadro 16. Plan financeiro FEMP-Estatal, período 2014-2020.

PRIORIDADE	Financiamento Comunitario (a)	Financiamento nacional (b)	Financiamento Total e=(a+b)	Taxa cofinanciamento % f=(a/e)	% correspondente ao eixo sobre total Financiamento
1	352.491.260,00	172.282.506,00	524.773.766,00	67,17	33,68
2	205.905.843,00	68.635.448,00	274.541.291,00	75,00	17,62
3	155.954.705,00	31.397.934,00	187.352.639,00	83,24	12,02
4	107.673.734,00	19.001.248,00	126.674.982,00	85,00	8,13
5	274.409.699,00	67.786.876,00	342.196.575,00	80,19	21,96
6	5.334.672,00	17.605.526,00	22.940.198,00	23,25	1,47
Asistencia Técnica	59.850.976,00	19.950.326,00	79.801.302,00	75,00	5,12
TOTAL	1.161.620.889,00	396.659.864,00	1.558.280.753,00	74,55	100,00


Fonte: elaboración propia, a partir do PO FEMP.

Dos 1.161.620.889€ do financiamento comunitario corresponden ás CCAA 829.556.350,37€ e á Administración Xeral do Estado: 332.064.538,63€ de acordo coa Conferencia Sectorial do 4 de decembro de 2014, que fixou a repartición total sen que se determinasen na mesma a repartición de anualidades entre as CCAA.

En calquera caso debe aclararse que este programa operativo ten carácter nacional e por tanto o aquí recollido abarca todo o territorio e todo o marco 2014-2020. A continuación, no seguinte gráfico móstrase o financiamento comunitario á FEMP para todo o territorio nacional 2014-2020 (que ten un importe previsto de 1.161.620.889,00€) desagregada por anualidades.

De acordo co programa operativo nacional, corresponden ao 2016: 162.731.468,00€ (320.480.723,00€ no 2015) tendo en conta as reasignacións financeiras producidas como consecuencia dos atrasos na súa aprobación, o que supón que o comezo das anualidades do marco axústanse neste programa ao exercicio 2015, como ocorrese con outros programas operativos (FSE-Galicia e PDR-Galicia). Non existe no programa operativo nacional unha repartición por anualidades, desagregado entre as distintas Comunidades Autónomas.

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016



Fonte: elaboración propia.

Debemos matizar ademais que as cantidades anuais previstas recollen dous compoñentes: a “asignación principal” e a “reserva de rendemento”. Estes conceptos quedaron expostos anteriormente no Programa Operativo FEDER-Galicia.

De acordo coa Conferencia Sectorial de Pesca (decembro 2014) a Comunidade Autónoma de Galicia recibirá do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP): 371.016.841,78€ (356.157.530,00€ asígnanse ao desenvolvemento sostenible e 14.859.311,78€ ao control e esforzo pesqueiro, arts. 13.1 e 13.2 do Regulamento (UE) nº 508/2014).

Durante o período 2014-2020 Galicia dispón así do 44,72% das axudas europeas ao sector pesqueiro español para todo o período. Finalmente se aos 162.731.468,00€ do total do 2016, aplicámoslle o 44,72% supón que a Galicia correspónelle 72.773.512,49€ no exercicio 2016.

III.5.3. ORGANISMOS RESPONSABLES DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO DA PESCA (FEMP).

O Programa do Estado español do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca refírese ás autoridades e organismos pertinentes do programa. Estes son:

Cadro 17. Organismos responsables do FEMP, período 2014-2020.

TIPO DE INTERVENCIÓN	NOME DA AUTORIDADE	ORGANISMO
Autoridade de Xestión da Administración Xeral do Estado	Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira da Secretaría Xeral de Pesca (SGP)	Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente
Organismo Intermedio de Xestión da Administración Autonómica	Secretaría Xeral do Mar. Consellería do Medio Rural e do Mar	Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Consellería do Medio Rural e do Mar
Autoridade Certificación da Administración Xeral do Estado	Fondo Español de Garantía Agraria (FEAGA)	Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente

TIPO DE INTERVENCIÓN	NOME DA AUTORIDADE	ORGANISMO
Organismo Intermedio de Certificación da Administración Autonómica	Secretaría Xeral do Mar	ConSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR DO GOBERNO DE GALICIA
Autoridade de Auditoría	Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE)	MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

Fonte: elaboración propia a partir do documento do programa operativo.

O sistema informático disporá dos mecanismos necesarios para a recompilación e tratamiento de datos para a xestión financeira, seguimento, auditoría e avaliación, que serán postos a disposición dos Organismos Intermediarios de Xestión e Certificación, Autoridade de Certificación e de Auditoría para o cumprimento das funcións que lles sexan propias.

A efectos de asegurar a eficacia e calidade da execución do programa operativo e co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 47 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, constituirase o Comité de Seguimento do Programa Operativo Español do FEMP.

III.6. OUTROS PROGRAMAS OPERATIVOS DA UNIÓN EUROPEA NO MARCO 2014-2020.

En epígrafes anteriores referímonos a aqueles programas operativos que teñen unha maior importancia (FEDER-Galicia, FSE-Galicia PDR-Galicia e FEMP), ben porque a súa xestión recae directamente en organismos da Comunidade Autónoma, caso dos tres primeiros, ou ben pola súa importancia estratéxica dentro da Comunidade, como é o caso do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP). Ademais destes existen outros programas operativos complementarios dos anteriores e que se xestionan a nivel nacional, como xa quedou exposto e que figuran no cadro 5 deste informe.

Agora ben, é preciso para ter unha visión definitiva e de conxunto, completar a exposición con outros programas nos que participa Galicia e que agrupan a varios territorios por razóns de proximidade xeográfica ou por caracteres comúns integradores. Así Galicia participa xunto a rexións doutros Estados, nos seguintes programas operativos 2014-2020 de carácter pluriterritorial: “Transfronteiriza España-Portugal”, “Transnacional Espazo Atlántico”, “Transnacional Espazo Suroeste” e “Interrexional”.

Resumimos no seguinte cadro o importe destes programas:

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

Cadro 18. Programas de carácter pluriterritorial, período 2014-2020.

PROGRAMA	FINANCIAMENTO COMUNITARIO	FINANCIAMENTO NACIONAL	FINANCIAMENTO TOTAL
PO Transfronteirizo España-Portugal (POCTEP) 2014-2020	288.977.635,00	93.606.091,00	382.583.726,00
PO Transnacional Espazo Atlántico 2014-2020	140.013.194,00	45.353.298,00	185.366.492,00
PO Transnacional Espazo Suroeste 2014-2020	106.810.523,00	35.069.456,00	141.879.979,00
PO Interrexional 2014-2020	359.326.320,00	66.983.298,00	426.309.618,00
TOTAL	895.127.672,00	241.012.143,00	1.136.139.815,00

Fonte: Elaboración propia a partir dos documentos e dos programas operativos. Os importes son os totais asignados aos programas de acordo co plan de financiamento dos diversos documentos programáticos. Debe terse en conta que nestes programas interveñen diversos países polo que os datos de financiamento corresponden a agregados.

IV. AUDITORÍA FINANCEIRA.

IV.1. IDENTIFICACIÓN DOS FONDOS EUROPEOS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2016.

Do mesmo xeito que nos informes de exercicios anteriores, mantense a estrutura organizativa da base de datos da Conta Xeral, pretendese desta forma facilitar as consultas que deseñe realizar un terceiro da base da Conta Xeral e dos datos que se mostran neste informe.

No cadro 19 especificase o número de proxectos presentes na Conta Xeral relacionados cos Fondos Europeos, segundo os seguintes nomeamentos: "proxectos iniciais": aqueles que se identifican en cada unha das modalidades, teñan ou non movementos contables, "proxectos activos": son aqueles que disponen de "crédito definitivo" e "proxectos con pago": son os que alcanzaron durante o exercicio 2016 a fase "P" en calquera contía superior a cero.

Cadro 19. Códigos de modalidades e número de proxectos iniciais, activos e con pagos, exercicio 2016.

CÓDIGO	MODALIDADE	Nº PROXECTOS INICIAIS	Nº PROXECTOS ACTIVOS	Nº PROXECTOS CON PAGO
4121	FEDER 2007-2013 INCORPORADO	18	13	10
4130	FEDER 2014-2020	84	60	35
4131	FEDER 2014-2020 INCORPORADO	2	2	2
4250	FEAGA	9	9	4
4251	FEAGA INCORPORADO	6	6	6
4260	FEADER 2014-2020	69	55	39
4330	FSE 2014-2020	38	33	30
4331	FSE 2014-2020 INCORPORADO	2	2	2
4340	FSE INICIATIVA EMPREGO	13	10	10
4341	FSE INICIATIVA EMPREGO. INCORPORADO	4	4	4
4421	FEP INCORPORADO	6	6	3
4430	FEMP 2014-2020	45	15	10
4610	OUTROS FONDOS EUROPEOS	28	28	20
4611	OUTROS FONDOS EUROPEOS INCORPORADO	17	17	15
5170	INTERREG IV-C. EUROPE 2014-2020	1	1	1
5181	INTERREG IV-B ESPAZO ATLÁNTICO, SUDOE INCORPORADO	1	1	1
5410	INTERREG POCTEP. ESPAÑA-PORTUGAL 2014-2020	1	1	0
TOTAL DE PROXECTOS ACUMULADOS POR MODALIDADES		344	263	192
TOTAL DE PROXECTOS ÚNICOS DO EXERCICIO 2016		323	242	179

Respecto ao exercicio anterior o número total de modalidades presentes redúcese de 24 a 17 e o número de proxectos baixa nos tres tramos que diferenciamos. En concreto para os proxectos únicos (número real dos proxectos presentes, xa que un mesmo proxecto pode ser financiado por varias modalidades) respecto ao exercicio 2015 redúscense un 35,66% os "proxectos iniciais", un 45,74% os "proxectos activos" e un 49,86% os "proxectos con pago".

A redución do número de modalidades e de proxectos, débese, de forma xeral, á finalización de modalidades e actuacións vinculadas co marco financeiro do período 2007-2013.

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

A non coincidencia do número de proxectos acumulados por modalidades co total de proxectos únicos débese á presenza simultánea dalgúns proxectos de Fondos Europeos en varias modalidades, non soamente nas do exercicio corrente e os seus homónimos de exercicios incorporados, senón tamén con outras modalidades distintas desas.

O cadro 20, identifica o ano de orixe dos proxectos con presenza no exercicio 2016.

Cadro 20. Número de proxectos únicos: iniciais, activos e con pagos segundo o ano de orixe, presentes no exercicio 2016.

ANO DE ORIXE DOS PROXECTOS	Nº PROXECTOS INICIAIS	Nº PROXECTOS ACTIVOS	Nº PROXECTOS CON PAGOS
2007	7	7	5
2008	0	0	0
2009	2	2	2
2010	1	1	1
2011	6	6	4
2012	3	3	0
2013	4	3	2
2014	17	13	12
2015	56	50	45
2016	227	157	108
TOTAL	323	242	179

Como se pode apreciar o maior número de proxectos correspondece cos exercicios vinculados ao marco financeiro 2014-2020.

En canto ás demais observacións comparativas con exercicios anteriores, remitímonos aos informes de fiscalización de Fondos Europeos realizados nos últimos anos nos que se recollen datos similares aos que aquí se mostran.

IV.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTO.

A análise da execución orzamentaria dos Fondos Europeos para o exercicio 2016, mantén os apartados cos que se realizaron estes informes desde o exercicio 2009. Estes son: **1º execución por modalidade, 2º execución por capítulos de gasto e 3º execución por seccións ou departamentos sectoriais do goberno da Comunidade Autónoma**. Nos tres reflíctense: as diversas modificacións de crédito, desde inicial ao definitivo e as distintas fases contables, incluíndo os pagos pendentes sobre as obrigas contraídas a data do 31 de decembro de 2016.

Como norma xeral os importes monetarios reflectidos, tanto en texto como en cadros e gráficos, mentres non se indique o contrario, exprésanse en unidades de euro (€).

IV.2.1. ANÁLISE DOS FONDOS EUROPEOS POR MODALIDADE.

As modalidades de Fondos Europeos presentes no exercicio 2016 redúcense un 29,17% respecto das do exercicio anterior (de 24 pásase a 17), isto é debido, como xa se indicou anteriormente, ao peche dos programas europeos vinculados ao marco financeiro 2007-2013.

Dos 17 presentes neste exercicio, 7 (41,18%) contemplaban crédito inicial e 10 (58,82%) financiáronse principalmente con remanentes, xeración de crédito e adscricións.

Nos Anexos II e III expónense, respectivamente, a relación de Fondos Europeos por modalidade para o exercicio 2016 así como a evolución que os mesmos tiveron desde o crédito inicial ao crédito definitivo, e a execución orzamentaria segundo as distintas fases contables desde a fase contable "A" á fase contable "P".

No cadro 21 cuantificanse, para cada modalidade, os créditos iniciais e definitivos que corresponden a cada un deles, relacionándooos co número de proxectos iniciais e activos cos que se corresponden.

A evolución destes créditos reducímola a un histórico con inicio no exercicio de 2014 (exercicio coincidente co inicio do novo marco operativo), de forma que calquera outra comparación con exercicios anteriores deberá ser realizada cos datos contidos no Informe de Fiscalización destes fondos do exercicio 2015 e anteriores.

Cadro 21. Relación de Fondos Europeos por modalidade, exercicio 2016. Crédito Inicial-Crédito Definitivo.

CÓDIGO	MODALIDADE	CREDITO INICIAL	CREDITO DEFINITIVO	Nº PROXECTOS POR MODALIDADE	
				INICIAIS	ACTIVOS
4121	FEDER 2007-2013 INCORPORADO	0,00	9.237.120,39	18	13
4130	FEDER 2014-2020	199.968.100,00	69.774.427,30	84	60
4131	FEDER 2014-2020 INCORPORADO	0,00	13.332.297,58	2	2
4250	FEAGA	53.231.000,00	207.094.933,88	9	9
4251	FEAGA INCORPORADO	0,00	23.926.359,94	6	6
4260	FEADER 2014-2020	191.089.064,00	120.312.768,75	69	55
4330	FSE 2014-2020	61.228.214,00	37.945.767,29	38	33
4331	FSE 2014-2020 INCORPORADO	0,00	13.448.713,95	2	2
4340	FSE INICIATIVA EMPREGO	18.205.807,00	13.145.480,67	13	10
4341	FSE INICIATIVA EMPREGO. INCORPORADO	0,00	3.978.420,10	4	4
4421	FEP INCORPORADO	0,00	6.271.765,12	6	6
4430	FEMP 2014-2020	51.440.000,00	12.908.557,27	45	15
4610	OUTROS FONDOS EUROPEOS	309.948,00	1.522.874,45	28	28
4611	OUTROS FONDOS EUROPEOS INCORPORADO	0,00	1.358.488,40	17	17
5170	INTERREG IV-C. EUROPE 2014-2020	0,00	101.637,51	1	1

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

CÓDIGO	MODALIDADE	CREDITO INICIAL	CREDITO DEFINITIVO	Nº PROXECTOS POR MODALIDADE	
				INICIAIS	ACTIVOS
5181	INTERREG IV-B ESPAZO ATLÁNTICO, SUDOE INCORPORADO	0,00	207.680,91	1	1
5410	INTERREG POCTEP. ESPAÑA-PORTUGAL 2014-2020	0,00	180.200,00	1	1
TOTAL MODALIDADES 2016		575.472.133,00	534.747.493,51	344	263
TOTAL PROXECTOS ÚNICOS 2016		575.472.133,00	534.747.493,51	323	242
TOTAL MODALIDADES 2015		468.909.891,00	770.446.781,60	623	553
TOTAL PROXECTOS ÚNICOS 2015		468.909.891,00	770.446.781,60	502	446
TOTAL MODALIDADES 2014		432.233.851,00	776.547.680,11	652	599
TOTAL PROXECTOS ÚNICOS 2014		432.233.851,00	776.547.680,11	551	516

O crédito inicial do conxunto das modalidades, que ascende a 575.472.133,00€, convértese, tras as correspondentes modificacións de crédito netas realizadas ao longo do exercicio por valor de - 40.724.639,49€, nun crédito definitivo total de 534.747.493,51€. Isto dá lugar, por primeira vez nestes últimos exercicios, a que o orzamento definitivo redúzase fronte ao inicial nun 7,08%.

Examinada a base de datos da Conta Xeral en relación coas distintas modalidades de financiamento ás que están vinculados os distintos proxectos europeos, prodúcense unhas variacións orzamentarias que afectan principalmente aos seguintes apartados: Reaxustes - 13.982,39€, Ampliacións 2.968.189,00€, Remanentes 75.031.093,39€, Xeracións 160.008.008,59€ e Adscricións 7.200,00€. Estas modificacións incrementan en principio o crédito inicial total en 238.000.508,59€ que se verá reducido polas baixas de crédito que se contabilizan ao longo do ano por un valor total de 278.725.148,08€.

Atendendo ás datas nas que se contabilizan as baixas, observamos que se reparten da forma seguinte.

DATAS DE CONTABILIZACIÓN E CUANTIAS DAS BAIXAS DE CREDITOS									TOTAL
03/05/2016	12/07/2016	20/07/2016	09/08/2016	07/09/2016	23/09/2016	14/11/2016	21/12/2016	31/12/2016	
97.035,00	593.637,00	2.374.552,00	7.200,00	1.907.144,83	1.412.000,00	18.415.268,41	624.548,00	253.293.762,84	278.725.148,08

Apréciase que ao 31 de decembro de 2016 é cando se procede a contabilizar a maior baixa, xustificándose a mesma como remanentes de créditos non comprometidos ao 30 de decembro de 2016 correspondentes a Fondos Europeos e finalistas que cofinancian para a súa reprogramación en exercicios posteriores.

Atendendo ás baixas de crédito contabilizadas o 31 de decembro de 2016, o orzamento executable do que se dispoña ata ese momento alcanzaba os 788.041.256,35€, resultado de incrementar o orzamento que se dá como definitivo coas baixas mencionadas (534.747.493,51€ + 253.293.762,84€).

O cadro seguinte recolle a contía da baixa de crédito e a porcentaxe que a mesma supón para cada unha das modalidades na data indicada.

Cadro 22. Relación de Fondos Europeos por modalidade, exercicio 2016. Crédito Definitivo–Crédito Anterior á baixa contabilizada o 31/12/2016.

CÓDIGO	MODALIDADE	CREDITO DEFINITIVO	BAIXA DE CREDITO CONTABILIZADA O 31/12/2016	CREDITO ANTERIOR Á BAIXA CONTABILIZADA O 31/12/2016	% DE BAIXA SOBRE O CREDITO ANTERIOR
4121	FEDER 2007-2013 INCORPORADO	9.237.120,39	3.105.566,20	12.342.686,59	25,16
4130	FEDER 2014-2020	69.774.427,30	114.379.071,58	184.153.498,88	62,11
4131	FEDER 2014-2020 INCORPORADO	13.332.297,58		13.332.297,58	0,00
4250	FEAGA	207.094.933,88		207.094.933,88	0,00
4251	FEAGA INCORPORADO	23.926.359,94		23.926.359,94	0,00
4260	FEADER 2014-2020	120.312.768,75	70.887.969,44	191.200.738,19	37,08
4330	FSE 2014-2020	37.945.767,29	21.239.635,59	59.185.402,88	35,89
4331	FSE 2014-2020 INCORPORADO	13.448.713,95	0,56	13.448.714,51	0,00
4340	FSE INICIATIVA EMPREGO	13.145.480,67	5.005.363,98	18.150.844,65	27,58
4341	FSE INICIATIVA EMPREGO. INCORPORADO	3.978.420,10	27.600,44	4.006.020,54	0,69
4421	FEP INCORPORADO	6.271.765,12	117.112,32	6.388.877,44	1,83
4430	FEMP 2014-2020	12.908.557,27	38.531.442,73	51.440.000,00	74,91
4610	OUTROS FONDOS EUROPEOS	1.522.874,45		1.522.874,45	0,00
4611	OUTROS FONDOS EUROPEOS INCORPORADO	1.358.488,40		1.358.488,40	0,00
5170	INTERREG IV-C. EUROPE 2014-2020	101.637,51		101.637,51	0,00
5181	INTERREG IV-B ESPAZO ATLÁNTICO, SUDOE INCORPORADO	207.680,91		207.680,91	0,00
5410	INTERREG POCTEP. ESPAÑA-PORTUGAL 2014-2020	180.200,00		180.200,00	0,00
TOTAL MODALIDADES 2016		534.747.493,51	253.293.762,84	788.041.256,35	32,14

A baixa para a totalidade do “crédito activo” é do 32,14% e afecta a 9 das 17 modalidades, sendo as más afectadas: “4130-FEDER 2014-2020” con 114.379.071,58€ (62,11%), “4260-FEADER 2014-2020” con 70.887.969,44€ (37,08%), “4430-FEMP” 38.531.442,73€ (74,91%), “4330-FSE 2014-2020” con 21.239.635,59€ (35,89%) e 4340-FSE INICIATIVA EMPREGO” con 5.005.363,98€ (27,58%). As outras dúas que figuran están vinculadas a modalidades incorporadas e non teñen unha baixa destacable.

As modalidades con maior baixa de crédito están relacionadas co novo marco operativo 2014-2020, poñendo de manifesto a dificultade que se está producindo cos proxectos que dispoñen de financiamento europeo para a súa posta en marcha.

En canto á execución do crédito definitivo, no cadro seguinte recóllese explicitamente a execución que se alcanza nas fases contables “A”, “O” e “P” en relación co crédito definitivo e a porcentaxe de pagos sobre “O”. No Anexo III constátase a coincidencia da mesma contía das fases “A” e “D” e tamén das fases “O” e “K”.

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

Cadro 23. Execución do crédito definitivo por modalidade, exercicio 2016.

MODALIDADE	CR. DEF.	A	O	P	% O/CR.DEF.	% P/CR.DEF.	% P/O
4121	9.237.120,39	7.937.511,26	7.937.511,26	7.559.511,26	85,93	81,84	95,24
4130	69.774.427,30	44.575.953,61	38.154.088,75	14.815.166,18	54,68	21,23	38,83
4131	13.332.297,58	12.499.852,15	12.499.852,15	12.492.661,83	93,76	93,70	99,94
4250	207.094.933,88	197.254.562,93	193.807.290,29	192.949.642,44	93,58	93,17	99,56
4251	23.926.359,94	23.926.359,94	20.114.521,67	20.114.521,67	84,07	84,07	100,00
4260	120.312.768,75	112.685.269,87	85.897.155,32	55.540.925,46	71,39	46,16	64,66
4330	37.945.767,29	30.489.632,06	25.854.072,04	19.793.821,88	68,13	52,16	76,56
4331	13.448.713,95	13.448.713,95	13.341.353,95	12.007.913,95	99,20	89,29	90,01
4340	13.145.480,67	13.127.015,79	9.933.573,09	7.942.065,86	75,57	60,42	79,95
4341	3.978.420,10	3.978.420,10	3.969.000,56	3.934.899,10	99,76	98,91	99,14
4421	6.271.765,12	5.516.578,82	5.408.958,59	5.408.958,59	86,24	86,24	100,00
4430	12.908.557,27	12.908.557,27	8.862.332,05	6.083.030,30	68,65	47,12	68,64
4610	1.522.874,45	1.087.154,96	783.025,46	684.559,11	51,42	44,95	87,42
4611	1.358.488,40	1.128.628,47	1.077.310,31	982.761,28	79,30	72,34	91,22
5170	101.637,51	71.414,51	65.482,07	53.132,84	64,43	52,28	81,14
5181	207.680,91	100.099,69	100.099,69	100.099,69	48,20	48,20	100,00
5410	180.200,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL 2016	534.747.493,51	480.735.725,38	427.805.627,25	360.463.671,44	80,00	67,41	84,26
TOTAL 2015	770.446.781,60	674.899.606,30	596.380.755,37	526.808.870,88	77,41	68,38	88,33
TOTAL 2014	776.547.680,11	567.833.878,82	449.887.334,86	367.469.450,72	57,93	47,32	81,68

Analizando as distintas modalidades obsérvase o seguinte: a modalidade 5410 non ten movementos contables, nin sequera en fase "A", 7 modalidades teñen unha execución en "O" por encima da media desta fase (80,00%), 8 modalidades superan a media (67,41%) de execución na fase "P" e 10 están por encima da media (84,26%) das obrigas sobre os pagos. Tres das modalidades igualan as fases "O" e "P" e en total 9 superan o 90% dos da porcentaxe de pagos sobre obrigas.

A situación que se observa é propiciada co inicio dun novo marco financeiro, no cal os proxectos non se consolidaron e atópanse en fases iniciais de realización.

Se a análise realizámola sobre o "crédito activo" de todas as modalidades, anterior á baixa de crédito realizada ao final do exercicio, teríamos a seguinte execución. (Cadro 24).

Cadro 24. Execución do crédito anterior á baixa contabilizada o 31/12/2016 por modalidade.

CÓDIGO DE MODALIDADE	CREDITO ANTERIOR Á BAIXA CONTABILIZADA O 31/12/2016	A	O	P	% O/CR.ANTER	% P/CR.ANTER.	% P/O
4121	12.342.686,59	7.937.511,26	7.937.511,26	7.559.511,26	64,31	61,25	95,24
4130	184.153.498,88	44.575.953,61	38.154.088,75	14.815.166,18	20,72	8,05	38,83
4131	13.332.297,58	12.499.852,15	12.499.852,15	12.492.661,83	93,76	93,70	99,94
4250	207.094.933,88	197.254.562,93	193.807.290,29	192.949.642,44	93,58	93,17	99,56
4251	23.926.359,94	23.926.359,94	20.114.521,67	20.114.521,67	84,07	84,07	100,00
4260	191.200.738,19	112.685.269,87	85.897.155,32	55.540.925,46	44,93	29,05	64,66
4330	59.185.402,88	30.489.632,06	25.854.072,04	19.793.821,88	43,68	33,44	76,56
4331	13.448.714,51	13.448.713,95	13.341.353,95	12.007.913,95	99,20	89,29	90,01

CÓDIGO DE MODALIDADE	CREDITO ANTERIOR Á BAIXA CONTABILIZADA O 31/12/2016	A	O	P	% O/CR.ANTER	% P/CR.ANTER.	% P/O
4340	18.150.844,65	13.127.015,79	9.933.573,09	7.942.065,86	54,73	43,76	79,95
4341	4.006.020,54	3.978.420,10	3.969.000,56	3.934.899,10	99,08	98,22	99,14
4421	6.388.877,44	5.516.578,82	5.408.958,59	5.408.958,59	84,66	84,66	100,00
4430	51.440.000,00	12.908.557,27	8.862.332,05	6.083.030,30	17,23	11,83	68,64
4610	1.522.874,45	1.087.154,96	783.025,46	684.559,11	51,42	44,95	87,42
4611	1.358.488,40	1.128.628,47	1.077.310,31	982.761,28	79,30	72,34	91,22
5170	101.637,51	71.414,51	65.482,07	53.132,84	64,43	52,28	81,14
5181	207.680,91	100.099,69	100.099,69	100.099,69	48,20	48,20	100,00
5410	180.200,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL 2016	788.041.256,35	480.735.725,38	427.805.627,25	360.463.671,44	54,29	45,74	84,26

Das nove modalidades que se ven afectadas polas baixas de crédito, as dúas que mostran unha diferenza porcentual maior na execución da fase contable "O" son a "4430-FEMP" que mostra unha execución anterior á baixa de crédito do 17,23% e despois da baixa crediticia, (por 38.531.442,73€) do 68,65% (51,43 puntos porcentuais de diferenza) e a modalidade "4130-FEDER 2014-2020" que antes da baixa do crédito mostra unha execución do 20,72% e despois da baixa, (por 114.379.071,58€) ascende ao 54,68% (33,96 puntos porcentuais de diferenza).

En canto á fase "P" a modalidade que mostra maiores diferenzas é tamén a "4430-FEMP" que mostra unha execución anterior á baixa de crédito do 11,83% e despois da baixa do crédito sobe ata o 47,12% (35,30 puntos porcentuais de diferenza).

No total do conxunto das modalidades a execución antes da baixa de crédito é: en "O" do 54,29% e despois do 80,00% (25,71 puntos porcentuais de diferenza) e na fase contable "P" antes o 45,74% e despois o 67,41% (25,71 e 21,67 puntos porcentuais respectivamente das fases mencionadas).

A continuación amósanse en relación aos últimos tres exercicios os créditos definitivos anteriores ás baixas contabilizadas o 31 de decembro, as baixas producidas a esa data e o crédito definitivo resultante do exercicio.

EXERCICIOS	CRÉDITOS ANTES DE BAIXAS DO 31/12	BAIXAS DO 31/12	CRÉDITO DEFINITIVO
2016	788.041.256,35	-253.293.762,84	534.747.493,51
2015	839.635.330,94	-69.188.549,34	770.446.781,60
2014	832.416.456,64	-55.868.776,53	776.547.680,11

De seguido faise unha comparación da execución das fases contables "O" e "P" sobre o crédito anterior e posterior ás baixas contabilizadas o 31 de decembro de cada un dos exercicios desde 2014.

EXERCICIOS	% OBRIGAS/CRÉDITOS ANTES DE BAIXAS DO 31/12	% OBRIGAS/CRÉDITO DEFINITIVO	% PAGOS/CRÉDITO ANTES DE BAIXAS DO 31/12	% PAGOS/CRÉDITO DEFINITIVO
2016	54,29	80,00	45,74	67,41
2015	71,03	77,41	62,74	68,38
2014	54,05	57,93	44,14	47,32

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

Finalizando esta análise da execución por modalidades, realizamos unha valoración dos pagos pendentes (diferenza de "OK" cos pagos realizados). O cadro 25 mostra a evolución desde o exercicio 2014, referenciamos unicamente ata o 2014 para ir homoxeneizándose cos exercicios relacionados co novo marco. Os pagos pendentes ascenderon ao 15,74%, esta porcentaxe sitúase por encima da media do conxunto dos tres exercicios aos que nos estamos referindo e supón un empeoramento en relación co de 2015 de 4,07 puntos porcentuais.

Cadro 25. Interrelación porcentual entre as fases contables "OK" e "P" nos últimos tres exercicios

EXERCICIO	"OK"	"P"	"OK" – "P"	% "OK"- "P"/"OK"
2016	427.805.627,25	360.463.671,44	67.341.955,81	15,74
2015	596.380.755,37	526.808.870,88	69.571.884,49	11,67
2014	447.225.529,22	364.807.645,08	82.417.884,14	18,43

Separando as modalidades con créditos do exercicio corrente das de créditos incorporados, cadro 26, dedúcese que o 86,58% dos créditos definitivos están adscritos ás modalidades con crédito corrente e o 13,42% ás modalidades con crédito incorporado. Na execución obsérvase un mellor comportamento porcentual das distintas fases contables dos créditos vinculados ás modalidades de créditos incorporados.

Do total das obrigas que quedan pendentes de pasar á fase "P" (67.341.955,81€), corresponden ás modalidades de corrente o 97,26% (65.494.675,00€) e ás de incorporado o 2,74% (1.847.280,81€).

Cadro 26. Execución por modalidades con créditos correntes e créditos incorporados, exercicio 2016.

MODALIDADE	CR. DEF.	A	O	P	% O/CR. DEF.	% P/CR. DEF.	% P/O
Modalidades con crédito corrente (9)	462.986.647,12	412.199.561,00	363.357.019,07	297.862.344,07	78,48	64,33	81,98
Modalidades con crédito incorporado (8)	71.760.846,39	68.536.164,38	64.448.608,18	62.601.327,37	89,81	87,24	97,13
Total de todas as modalidades (17)	534.747.493,51	480.735.725,38	427.805.627,25	360.463.671,44	80,00	67,41	84,26

IV.2.2. ANÁLISE DOS FONDOS EUROPEOS POR CAPÍTULO DE GASTO.

De forma xeral os capítulos de gasto aos que están vinculados os proxectos financiados con Fondos Europeos son: I "Gastos de persoal", II "Gastos de bens correntes e de servizos", IV "Transferencias correntes", VI "Investimentos reais", VII "Transferencias de capital".

O cadro seguinte mostra, por separado para cada modalidade, unha relación de cada un dos capítulos: de gasto corrente (I, II e IV) e de gasto de capital (VI e VII) presentes en cada unha delas. En cada capítulo recóllese a contía do crédito inicial e a do crédito definitivo, o que permite coñecer a suma do conxunto do capítulo e os totais por modalidade. Como parte da análise detállase a alteración que sofre o crédito definitivo con anterioridade ás baixas contabilizadas o 31 de decembro de 2016.

No Anexo IV, móstrase de forma desenvolvida, segundo cada modalidade, a evolución de cada un dos capítulos, desde o crédito inicial ata o crédito definitivo, coas correspondentes variacións de crédito realizadas ao longo de todo o exercicio corrente de 2016.

Cadro 27. Capítulos presentes por modalidade, exercicio 2016 Crédito Inicial-Crédito Definitivo.

CÓDIGO DE MODALIDADE	CAPÍTULOS						TOTAL
	CR.	I	II	IV	VI	VII	
4121	Inic.					0,00	0,00
	Def.					9.237.120,39	9.237.120,39
4130	Inic.	378.905,00			34.939.106,00	164.650.089,00	199.968.100,00
	Def.	362.268,05			14.181.930,05	55.230.229,20	69.774.427,30
4131	Inic.					0,00	0,00
	Def.					13.332.297,58	13.332.297,58
4250	Inic.				1.331.000,00	51.900.000,00	53.231.000,00
	Def.				1.791.299,68	205.303.634,20	207.094.933,88
4251	Inic.				0,00	0,00	0,00
	Def.				610.324,52	23.316.035,42	23.926.359,94
4260	Inic.				36.360.228,00	154.728.836,00	191.089.064,00
	Def.				21.883.089,73	98.429.679,02	120.312.768,75
4330	Inic.	12.864.035,00	7.368.462,00	38.864.975,00	620.540,00	1.510.202,00	61.228.214,00
	Def.	12.805.142,09	5.170.990,45	19.514.805,25	411.309,05	43.520,45	37.945.767,29
4331	Inic.			0,00			0,00
	Def.			13.448.713,95			13.448.713,95
4340	Inic.	1.816.637,00		16.073.170,00	316.000,00		18.205.807,00
	Def.	1.766.768,01		11.376.777,42	1.935,24		13.145.480,67
4341	Inic.			0,00			0,00
	Def.			3.978.420,10			3.978.420,10
4421	Inic.					0,00	0,00
	Def.					6.271.765,12	6.271.765,12
4430	Inic.				12.878.053,00	38.561.947,00	51.440.000,00
	Def.				5.841.377,43	7.067.179,84	12.908.557,27
4610	Inic.	5.867,00	1.694,00	131.789,00	51.853,00	118.745,00	309.948,00
	Def.	71.786,85	28.117,72	603.649,14	344.389,71	474.931,03	1.522.874,45
4611	Inic.		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Def.		49.476,96	853.964,03	348.471,36	106.576,05	1.358.488,40
5170	Inic.			0,00		0,00	0,00
	Def.			69.367,26		32.270,25	101.637,51
5181	Inic.					0,00	0,00
	Def.					207.680,91	207.680,91
5410	Inic.				0,00		0,00
	Def.				180.200,00		180.200,00
Total Xeral	Inic.	15.065.444,00	7.370.156,00	55.069.934,00	86.496.780,00	411.469.819,00	575.472.133,00
	Def.	15.005.965,00	5.248.585,13	49.845.697,15	45.594.326,77	419.052.919,46	534.747.493,51
VARIACIÓN DO CRÉDITO DEFINITIVO / CRÉDITO INICIAL		-59.479,00	-2.121.570,87	-5.224.236,85	-40.902.453,23	7.583.100,46	-40.724.639,49
		-0,39%	-28,79%	-9,49%	-47,29%	1,84%	-7,08%

Nos sete exercicios anteriores, só nunha ocasión, o crédito definitivo foi inferior ao crédito inicial (capítulo I do exercicio 2011) e en ningunha ocasión o crédito final do conxunto dos capítulos de gasto foi inferior ao inicial. Neste exercicio 2016, catro capítulos (ver cadro anterior) presentan

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

un crédito definitivo inferior ao inicial debido ás baixas realizadas ao longo do exercicio e en concreto ás contabilizadas o día 31 de decembro de 2016 por unha contía de 253.293.762,84€. Soamente o capítulo VII ten un crédito definitivo superior ao inicial, feito que non impide que o conxunto dos capítulos mostre un crédito final inferior ao inicial en 40.724.639,49€ (-7,08% do inicial).

O detalle das baixas por capítulo de cada unha das modalidades pódese ver no seguinte cadro:

Cadro 28. Baixas contabilizadas o 31 de decembro de 2016 por capítulos de gasto.

CÓDIGO DE MODALIDADE	CAPÍTULOS					TOTAL MODALIDADES
	I	II	IV	VI	VII	
4121					-3.105.566,20	-3.105.566,20
4130	-16.636,95			-18.166.531,92	-96.195.902,71	-114.379.071,58
4260				-12.091.190,56	-58.796.778,88	-70.887.969,44
4330	-58.892,91	-2.214.831,55	-18.654.428,63	-209.230,95	-102.251,55	-21.239.635,59
4331			-0,56			-0,56
4340	-49.868,99		-4.641.430,23	-314.064,76		-5.005.363,98
4341			-27.600,44			-27.600,44
4421					-117.112,32	-117.112,32
4430				-7.786.675,57	-30.744.767,16	-38.531.442,73
TOTAL CAPITULOS	-125.398,85	-2.214.831,55	-23.323.459,86	-38.567.693,76	-189.062.378,82	-253.293.762,84

Nove das 17 modalidades víronse afectadas. As baixas do capítulo VII "Transferencias de Capital" afectan a seis modalidades destacando as 4130 "FEDER 1014-2020", 4260 "FEADER 2014-2020" e 4430 "FEMP".

No cadro 29, contémplanse as baixas contabilizadas o 31 de decembro de 2016 en cada un dos capítulos (están incluídas todas as modalidades). Para un maior detalle no Anexo V relaciónanse as contías das baixas por capítulos de cada unha das modalidades.

Cadro 29. Crédito Inicial-Crédito antes de baixas contabilizadas o 31-12-2016-Crédito Definitivo, exercicio 2016.

MOD.	CAPÍTULOS						TOTAL
	CR.	I	II	IV	VI	VII	
Total Xeral	Inic.	15.065.444,00	7.370.156,00	55.069.934,00	86.496.780,00	411.469.819,00	575.472.133,00
	Cr. Antes Baixas 31/12	15.131.363,85	7.463.416,68	73.169.157,01	84.162.020,53	608.115.298,28	788.041.256,35
	Def.	15.005.965,00	5.248.585,13	49.845.697,15	45.594.326,77	419.052.919,46	534.747.493,51
VARIACIÓN DO CRÉDITO DEFINITIVO / CRÉDITO INICIAL		-59.479,00	-2.121.570,87	-5.224.236,85	-40.902.453,23	7.583.100,46	-40.724.639,49
VARIACIÓN DO CRÉDITO DEFINITIVO / CRÉDITO ANTES DE BAIXAS		-125.398,85	-2.214.831,55	-23.323.459,86	-38.567.693,76	-189.062.378,82	-253.293.762,84
		-1,22%	-30,07%	-32,27%	-46,22%	-31,48%	-32,54%

As minoracións más significativas cuantitativamente, respecto ao crédito anterior ás baixas contabilizadas o 31 de decembro son as do capítulo VII (189.062.378,82€) e porcentualmente as do capítulo VI (46,22%). Os dous capítulos de gasto de capital acumulan unha baixa de

227.630.072,58€, que significa o 89,87% do total dos créditos dados de baixa contabilizados o último día do exercicio.

O nivel de execución das distintas fases contables de cada capítulo, relacionado con cada unha das modalidades nas que están presentes, ao longo do exercicio 2016, pódese ver no Anexo VI. A continuación, no cadro 30, únicamente referenciamos de forma resumida as fases contables "O" e "P" que alcanzan de forma consolidada por capítulos o conxunto das modalidades, comparando a execución das fases mencionadas co crédito definitivo e o crédito antes das baixas realizadas o 31 de decembro.

Cadro 30. Execución de Fondos Europeos por capítulo de gasto (Fases "O" e "P"), exercicio 2016. Antes e despois da baixa contabilizada o 31-12-2016.

CAP	CR. DEF. CR. ANTES DAS BAIXAS	RESUMO XERAL DE FONDOS POR CAPÍTULO DE GASTO EXERCICIO 2016				
		O	P	% O/CR.DEF.	% P/CR.DEF.	%P/O
				% O/CR.ANTES DAS BAIXAS	% P/CR. ANTES DAS BAIXAS	
I	15.005.965,00	7.496.418,00	7.496.418,00	49,96	49,96	100,00
	15.131.363,85			49,54	49,54	
II	5.248.585,13	5.232.949,23	5.019.592,70	99,70	95,64	95,92
	7.463.416,68			70,11	67,26	
IV	49.845.697,15	41.769.830,53	32.578.556,30	83,80	65,36	78,00
	73.169.157,01			57,09	44,52	
VI	45.594.326,77	35.097.878,21	18.453.693,30	76,98	40,47	52,58
	84.162.020,53			41,70	21,93	
VII	419.052.919,46	338.208.551,28	296.915.411,14	80,71	70,85	87,79
	608.115.298,28			55,62	48,83	
TOTAL SOBRE CR. DEF.	534.747.493,51	427.805.627,25	360.463.671,44	80,00	67,41	84,26
TOTAL SOBRE CR. ANTES DAS BAIXAS	788.041.256,35			54,29	45,74	

Excepto o capítulo I, os restantes mostran diferenzas de máis de 25 puntos porcentuais, na fase "O" segundo sobre que crédito se analiza a execución, en concreto no VII a diferenza é de 25,09 puntos, no VI de 35,28 puntos, no IV de 26,71 puntos e o II de 29,59 puntos.

Polo que respecta á fase "P" as diferenzas son menores que as anteriores. No VII de 22,02 puntos, no VI de 18,54 puntos, no IV de 20,84 puntos e en II de 28,38 puntos porcentuais.

Como se pode apreciar isto dá lugar a diferenzas substanciais que alteran a análise de execución sobre a maioría dos créditos de que se dispuxo no exercicio 2016.

Os pagos pendentes (diferenza de "O" menos "P"), como xa vimos no apartado IV.2.1, ascenden a 67.341.955,81€, correspondendo a maior contía ao capítulo VII con 41.293.140,14€ (61,32% das "O" pendentes de pago).

No capítulo VI ("Investimentos Reais") destaca o baixo nivel de execución que ten a fase "P" tanto en relación co crédito definitivo como co crédito antes das baixas.

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

Á vista da execución que alcanzan os distintos capítulos nos que se reparten os Fondos Europeos, procedemos a realizar unha comparación co nivel de execución xeral que para os mesmos capítulos do orzamento xeral recóllese na “*Resolución do 27 de abril de 2017 pola que se publica o estado de execución do orzamento da Comunidade Autónoma e das súas modificacións, e a situación da tesourería e movementos por operacións orzamentarias e extraorzamentarias correspondentes ao cuarto trimestre de 2016*” (DOG. nº 99, do 26 de maio de 2017).

O cadro 31 mostra as porcentaxes da execución (sobre o orzamento vixente para ambos casos) de cada un dos capítulos de gasto aos que estamos a facer referencia en relación coas Fases “O” e “P” que se publican na resolución do 27 de abril de 2017 da Consellería de Facenda.

Cadro 31. Resumo xeral do estado de execución dos capítulos I, II, IV, VI e VII do orzamento da Comunidade Autónoma, exercicio 2016.

RESUMO XERAL DO ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA, 4º TRIMESTRE 2015					
CAP	CR_DEF	O	P	% O/CR.DEF.	% P/CR.DEF.
I	1.896.412.692,67	1.892.061.849,56	1.890.222.059,43	99,77	99,67
II	500.626.975,41	480.528.534,81	445.851.153,75	95,99	89,06
IV	4.873.272.814,90	4.758.483.973,86	4.434.360.434,61	97,64	90,99
VI	281.260.621,95	239.025.242,05	160.798.171,00	84,98	57,17
VII	1.173.409.563,76	1.051.079.131,45	799.975.648,09	89,57	68,18
TOTAL	8.724.982.668,69	8.421.178.731,73	7.731.207.466,88	96,52	88,61

Lembramos no cadro seguinte, a execución dos distintos capítulos que conforman os Fondos Europeos.

Cadro 32. Execución de Fondos Europeos por capítulo de gasto (Fases “O” e “P”), exercicio 2016.

RESUMO XERAL DE FONDOS POR CAPÍTULO DE GASTO EXERCICIO 2016					
CAP	CRE_DEF	O	P	% O/CR.DEF.	% P/CR.DEF.
I	15.005.965,00	7.496.418,00	7.496.418,00	49,96	49,96
II	5.248.585,13	5.232.949,23	5.019.592,70	99,70	95,64
IV	49.845.697,15	41.769.830,53	32.578.556,30	83,80	65,36
VI	45.594.326,77	35.097.878,21	18.453.693,30	76,98	40,47
VII	419.052.919,46	338.208.551,28	296.915.411,14	80,71	70,85
TOTAL	534.747.493,51	427.805.627,25	360.463.671,44	80,00	67,41

Continúa a mesma tendencia que nos exercicios anteriores, nos que sempre a execución dos Fondos Europeos foi inferior á do orzamento da Comunidade Autónoma. No exercicio 2016 a diferenza de execución, en puntos porcentuais, para o total dos cinco capítulos na fase contable “O” é inferior nos FF.EE. de 16,52 puntos e na fase contable “P” de 21,20 puntos. De forma específica as diferenzas son notables, sobre todo no capítulo I como podemos ver no cadro que segue. A excepción pójena de manifesto o capítulo II, no cal a execución dos Fondos Europeos é superior á execución do conxunto de todos os créditos vixentes, deste capítulo, do orzamento da Comunidade Autónoma e o capítulo VII no referente á fase “P”.

Cadro 33. Diferenzas de execución por capítulo de gasto (Fases "O" e "P"), entre os Fondos Europeos e o Orzamento Xeral da Comunidade Autónoma, exercicio 2016.

CAP	"O" FFEE-CA	"P" FFEE-CA
I	49,81	49,71
II	-3,71	-6,58
IV	13,84	25,63
VI	8,00	16,70
VII	8,86	-2,67
TOTAL	16,52	21,20

O seguinte cadro resume as diferenzas porcentuais que se deron desde 2009 entre a execución (fase de obrigas e de pagos en relación ao crédito definitivo) dos Fondos Europeos e o orzamento da Comunidade Autónoma.

Cadro 34. Diferenzas de execución de fases "O" e "P" entre Fondos Europeos e o Orzamento Xeral da Comunidade Autónoma.

EXERCICIO	"O" FF.EE. %	"O" PXCA.	DIFERENZA	"P" FF.EE.	"P" PXCA	DIFERENZA
		%	"O"	%	%	"P"
2016	80,00	96,52	-16,52	67,41	88,61	-21,20
2015	77,41	95,03	-17,62	68,38	87,57	-19,19
2014	57,93	92,17	-34,24	47,32	86,15	-38,83
2013	60,4	92,24	-31,84	50,4	83,88	-33,48
2012	57,98	90,89	-32,91	50,51	82,21	-31,7
2011	55,33	88,96	-33,63	50,04	81,86	-31,82
2010	50,8	89,52	-38,72	45,29	83,6	-38,31
2009	49,99	87,2	-37,21	38,49	77,71	-39,22

En definitiva: no seu conxunto, os capítulos de gasto dos Fondos Europeos, xa vinculados en maior medida ao novo marco 2014-2020, non acadan na súa execución, igual que no anterior marco, os niveis que teñen os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma no exercicio 2016.

No Anexo VI recóllese a execución orzamentaria da Comunidade Autónoma correspondente ao cuarto trimestre de 2016.

IV.2.3. ADSCRICIÓN E ANÁLISE DOS FONDOS EUROPEOS POR SECCIÓNDS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Con data 5 de outubro de 2015 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia aprobada polo Decreto 227/2012, do 2 de decembro. Posteriormente con data 9 de outubro de 2015 publicouse o Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia. A estrutura desenvolvida por estes decretos é a que serviu de base para a adscrición dos créditos orzamentarios para o exercicio 2016.

Con motivo das eleccións celebradas o 25 de setembro de 2016, publicouse o Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

Posteriormente publicouse o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia, non obstante, estes decretos non deron lugar a cambios significativos na adscrición dos créditos orzamentarios. Considerándose para o presente exercicio a execución dos fondos vinculados aos proxectos comunitarios segundo as seccións contempladas na Lei de orzamentos para 2016 que se indican a continuación:

Sección 04.- Presidencia da Xunta.

Sección 05.- Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Sección 06.- Consellería de Facenda.

Sección 07.- Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Sección 08.- Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

Sección 09.- Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Sección 10.- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Sección 11.- Consellería de Sanidade.

Sección 12.- Consellería de Política Social.

Sección 13.- Consellería do Medio Rural.

Sección 14.- Consellería do Mar.

Seguindo os mesmos criterios que en exercicios anteriores, no Anexo VII recóllese pormenorizadamente as contías dos créditos iniciais, modificacións de créditos e créditos definitivos dos Fondos Europeos correspondentes aos distintos departamentos sectoriais da Administración Xeral da Comunidade Autónoma. No cadro seguinte móstranse os totais, resumindo os datos recollidos no Anexo VII, correspondentes ao crédito inicial, as modificacións (reaxustes, transferencias, remanentes, ampliacións, xeracións, adscricións e baixas) e o crédito definitivo do conxunto das 11 unidades nas que os Fondos Europeos están repartidos durante o exercicio 2016.

Cadro 35. Distribución cuantitativa e porcentual do crédito inicial e final dos Fondos Europeos por seccións en 2016.

CONSELLERÍAS	CRÉDITO INICIAL	% de participación inicial nos programas europeos	CRÉDITO FINAL	% de participación final nos programas europeos	% de incremento do crédito inicial a final
04:Presidencia da Xunta de Galicia	31.307.875,00	5,44	18.909.603,77	3,54	-39,60
05:Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza	17.376.743,00	3,02	12.028.618,25	2,25	-30,78
06:Consellería de Facenda	3.922.317,00	0,68	2.077.806,40	0,39	-47,03

CONSELLERÍAS	CRÉDITO INICIAL	% de participación inicial nos programas europeos	CRÉDITO FINAL	% de participación final nos programas europeos	% de incremento do crédito inicial a final
07:ConSELLERÍA de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	44.446.576,00	7,72	5.195.015,88	0,97	-88,31
08:ConSELLERÍA de Infraestruturas e Vivenda	12.330.034,00	2,14	2.256.787,69	0,42	-81,70
09:ConSELLERÍA de Economía, Emprego e Industria	112.035.763,00	19,47	76.000.145,97	14,21	-32,16
10:ConSELLERÍA de Cultura, Educación e O.U.	36.151.706,00	6,28	27.558.619,01	5,15	-23,77
11:ConSELLERÍA de Sanidade	15.631.317,00	2,72	18.259.823,75	3,41	16,82
12:ConSELLERÍA de Política Social	24.929.698,00	4,33	9.899.435,53	1,85	-60,29
13:ConSELLERÍA do Medio Rural	225.940.132,00	39,26	343.363.034,76	64,21	51,97
14:ConSELLERÍA do Mar	51.399.972,00	8,93	19.198.602,50	3,59	-62,65
TOTAL	575.472.133,00	100	534.747.493,51	100	-7,08

A ConSELLERÍA de Sanidade (sección 11) e a de Medio Rural (sección 13), son as únicas que ven incrementado o seu crédito final respecto ao crédito inicial, un 16,82% e un 51,97% respectivamente. O resto das seccións mostran unha significativa redución do seu crédito inicial tal como observamos nas porcentaxes do cadro 35.

O 31 de decembro contabilízanse unhas baixas (no cadro 36 indícanse as contías por modalidade e capítulos de gasto correspondentes a cada sección) que afectan á contía dos créditos disponibles.

Cadro 36. Baixas contabilizadas ao 31 de decembro de 2016 por modalidade e capítulo de gasto de cada sección.

SECC.	CAP.	CÓDIGO DA MODALIDADE									Total xeral	Total Sección
		4121	4130	4260	4330	4331	4340	4341	4421	4430		
04	7		-12.705.326,68	-1.372.109,65							-14.077.436,33	-14.077.436,33
05	2				-3,76						-3,76	-4.998.216,29
	4				-531.616,36	-0,56					-531.616,92	
	6		-3.708.182,35								-3.708.182,35	
	7		-41.168,24	-717.245,02							-758.413,26	
06	1		-16.636,95		-58.892,91		-49.868,99				-125.398,85	-1.851.710,60
	6		-238.559,39		-128.912,95		-114.064,76				-482.267,46	
	7		-1.244.044,29								-1.244.044,29	
07	6		-4.298.109,23	-721.102,29							-5.019.211,52	-37.335.848,82
	7		-27.212.521,77	-5.104.115,53							-32.316.637,30	
08	6		-1.436.775,62								-1.436.775,62	-10.073.246,31
	7		-8.636.470,69								-8.636.470,69	
09	2				-343.264,03						-343.264,03	-44.621.556,78
	4				-13.638.129,21		-4.381.258,36	-27.600,44			-18.046.988,01	
	6						-200.000,00				-200.000,00	
	7		-3.105.566,20	-22.018.482,21	-805.004,78	-102.251,55					-26.031.304,74	
10	4				-727.883,20						-727.883,20	-10.123.990,49
	6		-5.339.310,45								-5.339.310,45	
	7		-4.056.796,84								-4.056.796,84	
11	7		-13.583.198,05								-13.583.198,05	-13.583.198,05
12	2				-1.871.563,76						-1.871.563,76	-15.608.446,59
	4				-3.756.799,86		-260.171,87				-4.016.971,73	

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

SECC.	CAP.	CÓDIGO DA MODALIDADE									Total xeral	Total Sección
		4121	4130	4260	4330	4331	4340	4341	4421	4430		
	6		-2.941.699,16		-80.318,00						-3.022.017,16	
	7		-6.697.893,94								-6.697.893,94	
13	6		-203.895,72	-11.370.088,27							-11.573.983,99	-62.372.287,89
	7			-50.798.303,90							-50.798.303,90	
14	6										-7.785.945,21	-38.647.824,69
	7										-117.112,32	
Total.		-3.105.566,20	-114.379.071,58	-70.887.969,44	-21.239.635,59	-0,56	-5.005.363,98	-27.600,44	-117.112,32	-38.531.442,73	-253.293.762,84	-253.293.762,84

Se estas baixas engadímolas aos créditos vixentes que se especifican na Resolución do 27 de abril de 2017 (DOG nº 99 do 26/5/2017) teremos a dispoñibilidade crediticia executable para cada unha das seccións. O cadro seguinte mostra a execución (fases contables "O" e "P") segundo o crédito dispoñible despois e antes da contabilización das baixas.

Cadro 37. Fases Contables "O" e "P" dos Fondos Europeos executados por cada sección despois e antes das baixas contabilizadas o 31-12-2016, exercicio 2016

CONSELLERÍAS	CR.DEF.	"O"	"P"	% "O"/CR.DEF.	% "P"/CR.DEF.	% "P"/"O"	
	CR.ANTES DAS BAIXAS 31/12			% "O"/CR. ANTES BAIXAS 31/12	% "P"/CR. ANTES BAIXAS 31/12		
04:Presidencia da Xunta de Galicia	18.909.603,77	17.811.516,16	9.087.230,42	94,19	48,06	51,02	
	32.987.040,10			54,00	27,55		
05:Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza	12.028.618,25	10.750.813,28	8.277.624,69	89,38	68,82	77,00	
	17.026.834,54			63,14	48,62		
06:Consellería de Facenda	2.077.806,40	1.983.793,46	1.805.307,88	95,48	86,89	91,00	
	3.929.517,00			50,48	45,94		
07:Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	5.195.015,88	4.105.815,92	1.223.339,34	79,03	23,55	29,80	
	42.530.864,70			9,65	2,88		
08:Consellería de Infraestruturas e Vivenda	2.256.787,69	1.822.631,50	1.357.228,63	80,76	60,14	74,47	
	12.330.034,00			14,78	11,01		
09:Consellería de Economía, Emprego e Industria	76.000.145,97	46.374.312,27	33.289.628,68	61,02	43,80	71,78	
	120.621.702,75			38,45	27,60		
10:Consellería de Cultura, Educación e O.U.	27.558.619,01	16.650.219,71	11.681.400,97	60,42	42,39	70,16	
	37.682.609,50			44,19	31,00		
11:Consellería de Sanidade	18.259.823,75	12.867.248,56	12.678.351,46	70,47	69,43	98,53	
	31.843.021,80			40,41	39,82		
12:Consellería de Política Social	9.899.435,53	9.416.109,92	4.884.586,29	95,12	49,34	51,87	
	25.507.882,12			36,91	19,15		
13:Consellería do Medio Rural	343.363.034,76	291.755.300,18	264.698.692,07	84,97	77,09	90,73	
	405.735.322,65			71,91	65,24		
14:Consellería do Mar	19.198.602,50	14.267.866,29	11.480.281,01	74,32	59,80	80,46	
	57.846.427,19			24,67	19,85		
TOTAL SECCIÓN 2016		534.747.493,51	427.805.627,25	360.463.671,44	80,00	67,41	84,26
		788.041.256,35			54,29	45,74	

Apréciase unha alteración substancial, en cada unha das seccións, do nivel de execución dos seus orzamentos atendendo á dispoñibilidade de créditos antes e despois das baixas. Porcentualmente, a maior diferenza de execución na fase "O" entre ambas situacóns dáse nas seccións 07, 08 e 12.



Na 07 -Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio- a diferenza é de 69,38 puntos, na 08 – Consellería de Infraestruturas e Vivenda- é de 65,98 puntos e na 12 – Consellería de Política Social de 58,21 puntos porcentuais.

En canto ás que mostran menores diferenzas, en “O”, antes e despois da contabilización das baixas, atópanse as seccións 13 –Consellería do Medio Rural- e a 10 –Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria con 13,06 e 16,23 puntos porcentuais respectivamente.

En canto á fase “P”, as seccións de maior diferenza porcentual na execución son: a 08 – Consellería de Infraestruturas e Vivenda- con 49,13 puntos, 06 –Consellería de Facenda- con 40,95 puntos e 14 –Consellería do Mar- con 39,95 puntos. Polo que respecta ás que teñen máis próximas as execucións nunha e outra situación, atópanse as seccións 10 –Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria- con 11,39 puntos e a 13 –Consellería do Medio Rural- con 11,85 puntos.

Como en todos os exercicios anteriores, as maiores variacións positivas corresponden aos remanentes incorporados e aos créditos xerados, e as maiores variacións negativas débense ás baixas de créditos (nos anexos vinculados á execución por modalidades de Fondos Europeos, móstranse as variacións, que por programa, sofrén os créditos iniciais).

Á vista destes datos, obsérvase que a Consellería de medio Rural é a que máis achega nos créditos vinculados aos Fondos Europeos e que a execución dos mesmos fai que o nivel de execución do conxunto dos departamentos da Xunta aumente tanto en relación co crédito final como coa disponibilidade de crédito antes das baixas contabilizadas o 31 de decembro.

En canto á execución orzamentaria do conxunto dos fondos definitivos que se reparten entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia, incluída a Presidencia, coincide, non pode ser doutra maneira, coa execución que se fai nos apartados anteriores (IV.2.1 e IV.2.2), sendo 80,00% a execución das obrigas sobre os créditos definitivos, 67,41% dos pagos en relación cos créditos definitivos e un 84,26% de pagos sobre obrigas.

O grao de execución orzamentario de cada un dos departamentos de xestión da Administración Xeral da Comunidade Autónoma recóllese no Anexo VIII “Fases contables dos Fondos Europeos executados por Consellerías ”, móstrase con maior detalle a contía que cada unha das fases contables acadou en cada sección.

En apartados anteriores vimos que as obrigas contraídas pendentes de executar o pago ao final do exercicio ascendían a 67.341.955,81€. O seguinte cadro específica para cada un dos departamentos da Xunta de Galicia, a diferenza cuantitativa e porcentual de cada un deles e o

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

que esta cantidade representa para o total das obrigas que quedan pendentes do conxunto de todos os departamentos.

Cadro 38. Porcentaxe de obrigas pendentes de pago por sección e sobre o total do conxunto de todas as obrigas "O" pendentes no exercicio 2016.

CONSELLERÍAS	"O"	"P"	DIFERENZA	% DE "O" PENDENTES NA SECCIÓN	% SOBRE O TOTAL DE "O" PENDENTES
			"O"- "P"		
04:Presidencia da Xunta de Galicia	17.811.516,16	9.087.230,42	8.724.285,74	48,98	12,96
05:Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza	10.750.813,28	8.277.624,69	2.473.188,59	23,00	3,67
06:Consellería de Facenda	1.983.793,46	1.805.307,88	178.485,58	9,00	0,27
07:Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	4.105.815,92	1.223.339,34	2.882.476,58	70,20	4,28
08:Consellería de Infraestruturas e Vivenda	1.822.631,50	1.357.228,63	465.402,87	25,53	0,69
09:Consellería de Economía, Emprego e Industria	46.374.312,27	33.289.628,68	13.084.683,59	28,22	19,43
10:Consellería de Cultura, Educación e O.U.	16.650.219,71	11.681.400,97	4.968.818,74	29,84	7,38
11:Consellería de Sanidade	12.867.248,56	12.678.351,46	188.897,10	1,47	0,28
12:Consellería de Política Social	9.416.109,92	4.884.586,29	4.531.523,63	48,13	6,73
13:Consellería do Medio Rural	291.755.300,18	264.698.692,07	27.056.608,11	9,27	40,18
14:Consellería do Mar	14.267.866,29	11.480.281,01	2.787.585,28	19,54	4,14
TOTAL SECCIÓN 2016	427.805.627,25	360.463.671,44	67.341.955,81	15,74	100,00
TOTAL SECCIÓN 2015	596.380.755,37	526.808.870,88	69.571.884,49	11,67	100,00
TOTAL SECCIÓN 2014	449.887.334,86	367.469.450,72	82.417.884,14	18,32	100,00

A sección que maior cantidade de obrigas ten pendentes é a Consellería do Medio Rural, 27.056.608,11€ que representan o 9,60% das contraídas durante o exercicio por este departamento e, á súa vez, significan o 40,18% da bolsa total de obrigas pendentes do conxunto das Consellerías incluída a Presidencia.

A sección 07 -Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio-, é a que presenta a maior porcentaxe de "O" pendentes (70,20%) das contraídas polo departamento.

A continuación, como en todos os informes anteriores e recollendo o que xa se dicía no "Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2015", repasamos o comportamento individualizado que tiveron as diversas seccións no seu nivel de execución. Neste exercicio maniféstase de forma xeneralizada en todas as seccións unhas baixas de crédito contabilizadas ao final do exercicio que distorcen de maneira substancial os niveis de execución sobre o que en realidade cada departamento tiña disponible ata o último día do ano de tal forma que:

Sección 04 -Presidencia da Xunta de Galicia- mostra na fase contable "O" unhas porcentaxes de execución sobre o orzamento vixente do 94,19% e sobre o anterior ás baixas do 31 de decembro do 54,00%. No primeiro atópase por encima da media de execución de todos as seccións (o terceiro mellor) e no segundo caso está por baixo da media do conxunto dos departamentos (o terceiro de todos e o primeiro por baixo da media). En relación coa fase "P" no caso do orzamento vixente co 48,06% e na execución anterior ás baixas co 27,55% ocupa os postos



octavo e séptimo respectivamente e en ambos casos por baixo das respectivas medias do conxunto das seccións. En calquera das situacions é mellorable o nivel de execución que debe ter ao final do exercicio.

Sección 05.-Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza- é xunto a sección 13 –Consellería do Medio Rural- as dúas únicas que nas dúas fases contables e considerando as dúas disponibilidades orzamentarias (crédito vixente e crédito antes de baixas do 31 de decembro), atópanse por encima da execución media do conxunto dos departamentos. Ocupa o cuarto posto nas dúas fases sobre o crédito vixente e o segundo, tamén nas dúas fases do de antes das baixas. Aínda así mostra unha distancia superior nas súas execucións a 20 puntos porcentuais antes e despois das baixas. É a segunda sección que menos baixas contabiliza o 31 de decembro 4.998.216,29€.

Sección 06.-Consellería de Facenda- este departamento é o que dispón en todas as situacions de menos créditos vinculados aos Fondos Europeos e o que menos baixas contabiliza á data do 31 de decembro 1.851.710,60€. Unicamente na fase de obrigas antes das baixas, esta sección, atópase por baixo do nivel medio de execución do conxunto dos departamentos.

Sección 07.-Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas- o seu comportamento na execución dos Fondos Europeos presenta o perfil máis baixo de todas as seccións nas fases "O" e "P" antes das baixas así como na fase "P" do crédito vixente. Así mesmo tamén se quede por baixo do nivel de execución medio no crédito vixente. É o terceiro departamento que contabiliza máis baixas o 31 de decembro 37.335.848,82€ (14,74% do total das baixas na data indicada e o 87,78% de baixas contabilizadas do seu propio orzamento o día 31 de decembro).

Sección 08. –Consellería de Infraestruturas e Vivenda- unicamente supera a media de execución na fase "O" relacionada co crédito vixente e é a segunda que peor comportamento ten nas fases vinculadas aos créditos antes das baixas. Tamén é a segunda sección que más diminúe porcentualmente o seu crédito nas baixas contabilizadas o 31 de decembro (81,69%, 10.073.246,31€).

Sección 09.-Consellería de Economía e Industria- en ningunha das situacions de crédito que analizamos esta Consellería supera as respectivas medias de execución do conxunto das seccións. É a segunda que más baixas achega 44.621.556,78€ (17,62% de todas as baixas contabilizadas o día 31 de decembro).

Sección 10.-Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- esta é outra das seccións que non supera en ningún caso, na execución dos Fondos Europeos que xestiona, os niveis medios do conxunto dos departamentos, sendo a cuarta que menos crédito contabiliza de

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

baixas o 31 de decembro 10.123.990,49€ (4,00% do total de todas as baixas e 26,87% das da súa responsabilidade en Fondos Europeos.

Sección 11.-Consellería de Sanidade- esta sección unicamente supera a media de execución na fase contable "P" relacionada co crédito vixente. As súas baixas o 31 de decembro ascenderon a 13.583198,05€, situándose, en termos porcentuais, en lugares intermedios do conxunto das seccións (5,36% do total das baixas e 42,66% das súas propias dispoñibilidades).

Sección 12.-Consellería de Política Social- este departamento só está por enriba da media na execución dos seus Fondos Europeos na fase "O" do orzamento vixente. No resto de situacións mostra uns niveis por baixo das medias do conxunto das seccións. O 31 de decembro procede a contabilizar unhas baixas do seu propio orzamento vinculado aos proxectos europeos do 61,19% (15.608.446,59€) cunha carga do 6,16% do total das baixas.

Sección 13.-Consellería do Medio Rural- a contía dos seus diferentes créditos é a maior de todas as seccións antes das baixas (405.735.322,65€) e despois das baixas (343.363.034,76€) e por tanto é a sección que máis contribúe ao nivel de execución de todos os departamentos sectoriais, incluída a Presidencia. As súas porcentaxes de execución son en todos os casos superiores ás medias e, en concreto nas fases de execución "O" e "P" antes das baixas contabilizadas o 31 de decembro, é a sección que mellor comportamento ten co 71,91% e o 65,24% respectivamente. Ao mesmo tempo é a que máis créditos dá de baixa 62.372.287,89€ achegando o 24,62% das baixas totais contabilizadas o 31 de decembro, e o 15,37% das dos seus créditos (porcentualmente é a que menos reduce as súas dispoñibilidades de execución ata o crédito vixente).

Sección 14.-Consellería do Mar- é outro dos departamentos sectoriais que en ningunha das situacións de execución que analizamos supera a media do conxunto das seccións. Cunhas baixas contabilizadas o 31 de decembro por valor de 38.647.824,69€, reduce as súas posibilidades crediticias un 38,65% contribuíndo co 15,26% das baixas totais contabilizadas o 31 de decembro de 2016.

Como xa reflectimos anteriormente nos apartados "V.2.1. Análise dos Fondos Europeos por Modalidade" e ".2.2. Análise dos Fondos Europeos por Capítulo de Gasto" o exercicio 2016 sobresaí pola elevada contía dos créditos que contabiliza de baixa o 31 de decembro de 2016 e o que estes porcentualmente representan sobre a dispoñibilidade que se tivo dos mesmos ata o día que se sinala.

En relación coa *"Resolución do 27 de abril de 2017 pola que se publica o estado de execución do orzamento da Comunidade Autónoma e das súas modificacións, e a situación de tesourería e*



movementos por operacións orzamentarias e extraorzungamentarias correspondentes ao cuarto trimestre de 2016", verificamos o nivel de execución dos Fondos Europeos de cada sección en comparación co nivel de execución xeral das mesmas seccións. No cadro 39 amósase o orzamento xeral vixente (neste informe vímolo denominando crédito final ou crédito definitivo), as obrigas recoñecidas e os pagos realizados que mostran o conxunto das seccións que teñen entre as súas competencias a xestión dalgún tipo de fondo ou programa europeo e no anterior cadro 37, móstrase a execución das fases contables "O" e "P" dos Fondos Europeos executados polas mesmas seccións.

Cadro 39. Execución orzamentaria do 2016. Resumo xeral por seccións xestoras de Fondos Europeos. Fases contables "O" e "P" (Resolución do 27 de abril de 2017).

CONSELLERÍAS	CR.DEF.	"O"	"P"	% "O"/CR. DEF.	% "P"/CR. DEF.	% "P"/"O"
04:Presidencia da Xunta de Galicia	256.635.471,67	252.767.591,69	213.917.203,41	98,49	83,35	84,63
05:Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza	265.194.007,24	260.634.515,11	240.363.009,34	98,28	90,64	92,22
06:Consellería de Facenda	74.075.704,03	73.836.669,09	72.249.628,78	99,68	97,53	97,85
07:Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	67.576.850,79	60.203.248,46	45.595.499,18	89,09	67,47	75,74
08:Consellería de Infraestruturas e Vivenda	340.906.971,67	322.600.455,55	264.091.238,85	94,63	77,47	81,86
09:Consellería de Economía, Emprego e Industria	450.007.234,23	311.805.373,49	217.362.794,78	69,29	48,30	69,71
10:Consellería de Cultura, Educación e O.U.	2.262.875.476,85	2.255.972.052,50	2.185.619.535,63	99,69	96,59	96,88
11:Consellería de Sanidade	3.631.037.997,77	3.620.859.277,91	3.370.882.232,22	99,72	92,84	93,10
12:Consellería de Política Social	624.906.293,51	602.517.170,09	554.392.274,13	96,42	88,72	92,01
13:Consellería do Medio Rural	605.370.966,96	534.995.405,32	463.873.695,78	88,37	76,63	86,71
14:Consellería do Mar	81.974.964,13	74.361.605,95	64.697.604,73	90,71	78,92	87,00
TOTAL SECCIÓN 2016	8.660.561.938,85	8.370.553.365,16	7.693.044.716,83	96,65	88,83	91,91

Relacionando os datos de Crédito Definitivo, Obrigas Recoñecidas e Pagos realizados que se mostran nos cadros 37 e 39, referidos: o primeiro á execución dos Fondos Europeos no exercicio 2016 e o segundo á execución orzamentaria do exercicio corrente 2016 (Resolución do 27 de abril de 2017), expóñense a continuación (cadro 40) a porcentaxe dos Fondos Europeos sobre o orzamento vixente, as "O" e "P" de cada unha das seccións e a diferenza porcentual da execución dos Fondos Europeos en contraste coa execución do orzamento xeral de cada unha das seccións, para as fases contables "O" e "P".

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

Cadro 40. Porcentaxe de Fondos Europeos sobre o orzamento vixente e diferenza de puntos porcentuais de execución entre os Fondos Europeos e o Orzamento Xeral de cada sección en 2016. Fases contables "O" e "P" (Resolución do 27 de abril de 2017).

CONSELLERÍAS	% DE FF.EE. SOBRE O ORZAMENTO XERAL VIXENTE			DIFERENZA DE PUNTOS PORCENTUAIS DE EXECUCIÓN		
	CR.DEF.	"O"	"P"	"O"	"P"	"P"/"O"
04:Presidencia da Xunta de Galicia	7,37	7,05	4,25	-4,30	-35,30	-33,61
05:Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza	4,54	4,12	3,44	-8,90	-21,82	-15,23
06:Consellería de Facenda	2,80	2,69	2,50	-4,20	-10,65	-6,85
07:Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	7,69	6,82	2,68	-10,05	-43,92	-45,94
08:Consellería de Infraestruturas e Vivenda	0,66	0,56	0,51	-13,87	-17,33	-7,40
09:Consellería de Economía, Emprego e Industria	16,89	14,87	15,32	-8,27	-4,50	2,07
10:Consellería de Cultura, Educación e O.U.	1,22	0,74	0,53	-39,28	-54,20	-26,72
11:Consellería de Sanidade	0,50	0,36	0,38	-29,25	-23,40	5,44
12:Consellería de Política Social	1,58	1,56	0,88	-1,30	-39,37	-40,14
13:Consellería do Medio Rural	56,72	54,53	57,06	-3,40	0,46	4,02
14:Consellería do Mar	23,42	19,19	17,74	-16,40	-19,13	-6,54
TOTAL SECCIÓN 2015	6,17	5,11	4,69	-16,65	-21,42	-7,65

A presenza porcentual dos Fondos Europeos no orzamento vixente a final de exercicio redúcese en 2,60 puntos en relación con 2015, o mesmo sucede coa participación na execución das fases contables "O" e "P" que diminúen en 2,05 e 2,16 puntos porcentuais. Prodúcese unha diminución da participación porcentual dos Fondos Europeos no crédito final (crédito vixente) respecto ao exercicio anterior ao pasar no 2015 de ser os Fondos Europeos o 8,77% do total ao 6,17% en 2016. As obrigas reducen a súa distancia a 16,95 puntos (en 2015 era de 17,44 puntos) e os pagos aumentan a distancia do nivel de execución a 21,42 puntos (en 2015 era de 19,14 puntos).

En definitiva, no exercicio 2016, mantéñense uns niveis de execución dos Fondos Europeos en relación cos fondos consolidados xerais de todas as seccións que interveñen en proxectos europeos, moi similar ás do exercicio 2015.

IV.2.4. EXECUCIÓN DE TRANSFERENCIAS CORRENTES (CAPÍTULO IV) E DE CAPITAL (CAPÍTULO VII) SEGUNDO OS SECTORES PRIVADO E PÚBLICO.

Os capítulos de gasto IV e VII financian os gastos correntes e de capital que realizan terceiros. As transferencias correntes (capítulo IV), son transaccións a outros componentes do sistema para financiar gastos de características iguais aos contemplados nos capítulos I e II, e as transferencias de capital (capítulo VII) corresponden ás efectuadas para investimentos reais polos receptores das transferencias. Ambos tipos poden ter como destinatario tanto ao sector público como ao privado. Neste apartado analizamos cal dos sectores (público ou privado) é o finalista destas transferencias e comparamos a evolución que se dá en relación cos dous exercicios anteriores.



Nos cadros 41 e 42 recóllese as contías destas transferencias e a execución que tiveron no exercicio corrente os proxectos que contan con financiamento de Fondos Europeos e que se recollen na base de datos da Conta Xeral de 2016.

En apartados anteriores xa se resaltou de maneira específica a execución que supón considerar o crédito definitivo do exercicio ou a que se tiña antes das baixas contabilizadas o 31 de decembro de 2016, aquí soamente analizamos a execución sobre o crédito vixente ao final do exercicio.

No apartado IV.2.2 “Análise dos Fondos Europeos por Capítulos de Gasto”, xa analizamos a variación que individualmente, prodúcese nestes capítulos desde o seu crédito inicial ao definitivo. Conxuntamente o incremento foi de 2.358.863,61€ (0,51% sobre o inicial), incremento que só se debe ao capítulo VII xa que o IV presenta unha baixa de 5.224.236,85€. O incremento conxunto de ambas transferencias é o menor dos últimos oito exercicios (ver informe do exercicio 2015), este comportamento vese reforzado polas baixas contabilizadas ao final do exercicio.

Cadro 41. Transferencias correntes e de capital (Capítulos IV e VII), exercicio 2016.

TRANSF.	CR. IN.	CR.DEF.	DIFERENZA CR.DEF. - CR.INI.	% SOBRE O CR.DEF. TOTAL
CORRENTES 2016	55.069.934,00	49.845.697,15	-5.224.236,85	10,63
DE CAPITAL 2016	411.469.819,00	419.052.919,46	7.583.100,46	89,37
TOTAL 2016	466.539.753,00	468.898.616,61	2.358.863,61	100,00

A notable diferenza, cuantitativa e porcentual, que se mostra ao longo dos últimos exercicios entre os dous tipos de transferencia, (e que no exercicio que fiscalizamos séguese poñendo de manifesto) pon de relevo a importancia das transferencias de capital, capítulo VII, fronte ás transferencias destinadas a gastos de persoal e funcionamento dos organismos e entidades, tanto públicas como privadas, que se orzan no capítulo IV.

Como en exercicios anteriores e co obxecto de facilitar unha información que permita a comparación entre as distintas anualidades e a evolución que se produce nestes capítulos de gasto, no seguinte cadre reproducense os resumos, por tipos de transferencias, dos créditos inicial e definitivo das obrigas recoñecidas e dos pagos realizados desde o exercicio 2014 (exercicio inicial do novo período).

Cadro 42. Transferencias correntes e de capital (Capítulos IV e VII), exercicio 2016 e anteriores.

TRANSF.	CR. IN.	CR.DEF.	OBRIG REC.	PAGOS	% "O"/"CR.DEF"	% "P"/CR.DEF"	% "P"/"O"
CORRENTES 2016	55.069.934,00	49.845.697,15	41.769.830,53	32.578.556,30	83,80	65,36	78,00
DE CAPITAL 2016	411.469.819,00	419.052.919,46	338.208.551,28	296.915.411,14	80,71	70,85	87,79
TOTAL 2016	466.539.753,00	468.898.616,61	379.978.381,81	329.493.967,44	81,04	70,27	86,71

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

TRANSF.	CR. IN.	CR.DEF.	OBRIG REC.	PAGOS	% "O"/"CR.DEF"	% "P"/"CR.DEF"	% "P"/"O"
CORRENTES 2015	48.445.500,00	56.859.042,53	18.836.580,05	18.159.345,11	33,13	31,94	96,4
DE CAPITAL 2015	330.561.667,00	599.107.387,56	468.366.243,13	401.970.546,48	78,18	67,09	85,82
TOTAL 2015	379.007.167,00	655.966.430,09	487.202.823,18	420.129.891,59	74,27	64,05	86,23

TRANSF.	CR. IN.	CR.DEF.	OBRIG REC.	PAGOS	% "O"/"CR.DEF"	% "P"/"CR.DEF"	% "P"/"O"
CORRENTES 2014	37.041.296,00	54.775.270,45	45.407.830,44	39.710.070,60	82,9	72,5	87,45
DE CAPITAL 2014	336.189.065,00	641.869.404,04	361.596.368,11	292.586.676,51	56,33	45,58	80,92
TOTAL 2014	373.230.361,00	696.644.674,49	407.004.198,55	332.296.747,11	58,42	47,7	81,64

As transferencias de capital presentan unha execución inferior ás correntes, no referente á fase contable "O", mentres que en "P" trócanse as execucións. Este comportamento é o que se vén producindo ao longo dos exercicios, no que unhas veces son as correntes e outras as de capital as que teñen mellor execución nunha fase contable ou noutra (este comportamento apréciase nos datos que se visualizan no cadro anterior).

As transferencias correntes e de capital, como se menciona anteriormente, teñen como destinatarios a terceiros e perceptores pertencentes tanto ao sector público como ao sector privado. No exercicio 2016 a repartición que se produce nos capítulos económicos IV e VII entre os dous sectores, móstrase no seguinte cadro para cada un dos dous tipos de transferencias.

Cadro 43. Execución das transferencias correntes e de capital aos sectores público e privado, exercicio 2016.

TRANSF.	CR. IN.	CR.DEF.	OBRIG. REC.	PAGOS	% "O"/"CR. DEF"	% "P"/"CR. DEF."	% "P"/"O"
TRANSF. CTES SECTOR PRIVADO	41.440.154,00	38.686.991,89	32.187.594,00	26.408.821,25	83,20	68,26	82,05
TRANSF. CTES SECTOR PÚBLICO	13.629.780,00	11.158.705,26	9.582.236,53	6.169.735,05	85,87	55,29	64,39
SUBTOTAL	55.069.934,00	49.845.697,15	41.769.830,53	32.578.556,30	83,80	65,36	78,00
TRANSF. CAPITAL SECTOR PRIVADO	130.167.314,00	68.462.311,78	31.775.471,67	26.841.893,68	46,41	39,21	84,47
TRANSF. CAPITAL SECTOR PÚBLICO	281.302.505,00	350.590.607,68	306.433.079,61	270.073.517,46	87,40	77,03	88,13
SUBTOTAL	411.469.819,00	419.052.919,46	338.208.551,28	296.915.411,14	80,71	70,85	87,79
TOTAL 2016	466.539.753,00	468.898.616,61	379.978.381,81	329.493.967,44	81,04	70,27	86,71

Nas transferencias correntes o crédito definitivo do sector privado representa o 77,61% e o público o 22,39%. Esta constante superioridade do crédito cara ao sector privado só viuse alterada no exercicio 2010 (ver informes de fiscalización de Fondos Europeos exercicios 2014 e 2010). As transferencias de capital continúan en 2016 sendo maiores para o sector público co 83,66% que para o privado que son o 16,34%.

No cadro 43 observamos o nivel de execución dos créditos anteriores, no que se manifesta a mellor execución na fase contable "O" do sector público en ambos tipos de transferencias, non sendo así na fase contable "P" onde a execución das transferencias correntes ao sector privado

son mellores que ao sector público e na que as transferencias de capital teñen unha porcentaxe de execución superior ao sector público que ao privado.

Comparando a situación que se dá no exercicio 2016 en relación cos exercicios 2014 e 2015, no cadro 44 amósanse as contías correspondentes aos créditos iniciais, créditos definitivos, obrigas e pagos, así como as porcentaxes de execución das fases contables "O" e "P" deses anos, permitíndonos ver o destino público ou privado e a evolución destas transferencias neses exercicios.

Cadro 44. Execución das transferencias correntes e de capital aos sectores público e privado, exercicios 2014 a 2016.

TRANSF.	CR. IN.	CR.DEF.	OBRIG. REC.	PAGOS	% "O"/"CR. DEF"	% "P"/CR. DEF.	% "P"/"O"
TRANSF. CTES SECTOR PRIVADO	41.440.154,00	38.686.991,89	32.187.594,00	26.408.821,25	83,20	68,26	82,05
TRANSF. CTES SECTOR PÚBLICO	13.629.780,00	11.158.705,26	9.582.236,53	6.169.735,05	85,87	55,29	64,39
SUBTOTAL	55.069.934,00	49.845.697,15	41.769.830,53	32.578.556,30	83,80	65,36	78,00
TRANSF. CAPITAL SECTOR PRIVADO	130.167.314,00	68.462.311,78	31.775.471,67	26.841.893,68	46,41	39,21	84,47
TRANSF. CAPITAL SECTOR PÚBLICO	281.302.505,00	350.590.607,68	306.433.079,61	270.073.517,46	87,40	77,03	88,13
SUBTOTAL	411.469.819,00	419.052.919,46	338.208.551,28	296.915.411,14	80,71	70,85	87,79
TOTAL 2016	466.539.753,00	468.898.616,61	379.978.381,81	329.493.967,44	81,04	70,27	86,71
TRANSF. CTES SECTOR PRIVADO	32.557.405,00	38.698.812,25	8.207.156,93	7.652.932,97	21,21	19,78	93,25
TRANSF. CTES SECTOR PÚBLICO	15.888.095,00	18.160.230,28	10.629.423,12	10.506.412,14	58,53	57,85	98,84
SUBTOTAL	48.445.500,00	56.859.042,53	18.836.580,05	18.159.345,11	33,13	31,94	96,4
TRANSF. CAPITAL SECTOR PRIVADO	100.608.719,00	169.337.106,73	124.618.963,15	124.616.642,51	73,59	73,58	99,99
TRANSF. CAPITAL SECTOR PÚBLICO	229.952.948,00	429.770.280,83	343.747.279,98	277.353.903,97	79,98	64,54	80,69
SUBTOTAL	330.561.667,00	599.107.387,56	468.366.243,13	401.970.546,48	78,18	67,09	85,82
TOTAL 2015	379.007.167,00	655.966.430,09	487.202.823,18	420.129.891,59	74,27	64,05	86,23
TRANSF. CTES SECTOR PRIVADO 2014	28.823.873,00	43.446.050,12	35.803.056,72	32.691.258,32	82,41	75,25	91,31
TRANSF. CTES SECTOR PÚBLICO 2014	8.217.423,00	11.329.220,33	9.604.773,72	7.018.812,28	84,78	61,95	73,08
SUBTOTAL	37.041.296,00	54.775.270,45	45.407.830,44	39.710.070,60	82,9	72,5	87,45
TRANSF. CAPITAL SECTOR PRIVADO 2014	116.726.002,00	213.182.020,76	84.408.705,13	75.920.548,33	39,59	35,61	89,94
TRANSF. CAPITAL SECTOR PÚBLICO 2014	219.463.063,00	428.687.383,28	277.187.662,98	216.666.128,18	64,66	50,54	78,17
SUBTOTAL	336.189.065,00	641.869.404,04	361.596.368,11	292.586.676,51	56,33	45,58	80,92
TOTAL 2014	373.230.361,00	696.644.674,49	407.004.198,55	332.296.747,11	58,42	47,7	81,64

Ante un menor crédito definitivo (vixente) conxunto das dúas transferencias en 2016, danse unhas porcentaxes de execución en obrigas e pagos superiores ao dos exercicios que estamos a comparar e ao mesmo tempo, unhas contías de execución conxunta en ambas fases inferior ás dos outros dous exercicios.

Analizando, independentemente do capítulo ao que pertencen, as transferencias totais ao sector

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

público suman más que as realizadas ao sector privado. No cadro seguinte indicamos as do exercicio 2016, á súa vez, ambas fases "O" e "P" teñen unha mellor porcentaxe de execución nas transferencias ao sector privado que ao público.

Cadro 45. Total de transferencias correntes e de capital aos sectores público e privado, exercicio 2016.

TRANSF.	CR. IN.	CR.DEF.	OBRIG. REC.	PAGOS	% "O"/"CR.DEF"	% "P"/CR. DEF.	% "P"/"O"
TOTAL TRANSF. AO SECTOR PRIVADO	171.607.468,00	107.149.303,67	63.963.065,67	53.250.714,93	59,70	49,70	83,25
TOTAL TRANSF. AO SECTOR PÚBLICO	294.932.285,00	361.749.312,94	316.015.316,14	276.243.252,51	87,36	76,36	87,41
TOTAL	466.539.753,00	468.898.616,61	379.978.381,81	329.493.967,44	81,04	70,27	86,71

A superioridade das transferencias destinadas ao sector público foi unha constante xeneralizada nos derradeiros exercicios e sempre tiveron unhas porcentaxes de execución superiores ás transferencias do sector privado (como podemos ver no Informe de fiscalización dos Fondos Europeos, exercicio 2014, onde se recollen os datos desde 2009).

Comparando a execución destas transferencias coa media de execución do conxunto de todos os créditos vinculados aos Fondos Europeos no exercicio 2016, obsérvase que ambas se atopan por encima en 1,04 e 2,86 puntos porcentuais nas fases de obrigas e de pagos respectivamente.

En canto ao total das obrigas pendentes de pagamento, a contía das do sector privado ascenden a 10.712.350,74€ e as do sector público a 39.772.063,63€. O conxunto de ambas 50.484.414,37€, representa o 74,97% do total das "O" que non alcanzaron durante o exercicio 2016 a fase contable "P".

IV.3. ENTIDADES DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA QUE RECIBIRON TRANSFERENCIAS DE FONDOS EUROPEOS.

Para identificar as entidades receptoras de Fondos Europeos acudiuse aos orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2016, considerando as entidades que este comprende de acordo ao perímetro de consolidación definido mediante os criterios fixados polo Sistema Europeo de Contas (SEC-2010), con excepción das universidades públicas. O SEC-2010 aprobado polo Regulamento (CE) nº 549/2013 é o sistema de contas adoptado na Unión Europea e constitúe un marco contable a nivel internacional.

Debe terse en conta nesta análise que os Fondos Europeos poden recibirse por transferencias da propia Administración Autonómica pero tamén doutras entidades públicas ou privadas alleas á mesma, de aquí que a información requerida ás entidades ou organismos refírase aos dous aspectos sinalados.

Así con data 30 de outubro de 2017 solicitouse información, mediante modelos que permitisen homoxeneizar os datos, aos organismos e entidades públicas aos que nos referimos

anteriormente dependentes da Administración Xeral, sobre as transferencias de fondos comunitarios recibidas dos diversos departamentos que integran a Administración Autonómica ou de forma externa a esta.

O número de entidades en 2016 ás que se solicitou información foi de 69, diminuíndo con respecto ao pasado exercicio en catro unidades, tal e como se recolle no cadro seguinte:

Cadro 46. Tipo de entidades dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma ás que se requirió información.

TIPO DE ENTIDADES ÁS QUE SE REQUIRIÓ INFORMACIÓN (*)	ANO 2015	ANO 2016
AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	14	16
CONSORCIOS AUTONÓMICOS	11	7
FUNDACIÓN DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO	22	20
ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS	2	2
ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA	2	2
ORGANISMOS AUTÓNOMOS	9	9
SOCIEDADES PÚBLICAS MERCANTÍS AUTONÓMICAS	13	13
TOTAL	73	69

(*) A diferenza de número de entidades débese á non inclusión no orzamento de 2016 dos seguintes Consorcios: Consorcio Provincial de Pontevedra de prestación de servizos contra incendios, Consorcio contra incendios e salvamento da comarca da Limia, Consorcio contra incendios e salvamento da Comarca de Verín e Consorcio contra incendios e salvamento da Comarca de Deza e Taberíos-Terra de Montes e das Fundacións: Fundación Pública Escola galega de Administración Sanitaria e a Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia e á inclusión das Axencias Públicas: Axencia galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.


No seguinte cadro móstrase un resumo da información obtida unha vez analizada das 69 entidades sobre a orixe dos Fondos Europeos que nalgúnha contía foron percibidos no exercicio 2016 por estas entidades ou organismos.

Cadro 47. Orixé dos Fondos Europeos recibidos polas entidades dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma no exercicio 2016.

ORIXE DE FONDOS EUROPEOS	ANO 2015	ANO 2016
ENTIDADES CON FONDOS EUROPEOS RECIBIDOS EXCLUSIVAMENTE A TRAVÉS DA XUNTA DE GALICIA	19	17
ENTIDADES CON FONDOS EUROPEOS RECIBIDOS EXCLUSIVAMENTE DE FORMA EXTERNA Á XUNTA DE GALICIA	7	6
ENTIDADES CON FONDOS EUROPEOS RECIBIDOS DA XUNTA DE GALICIA E DE FORMA EXTERNA	4	1
ENTIDADES QUE NON PERCIBEN FONDOS EUROPEOS	43	45
TOTAL	73	69

Polo tanto en 2016, 24 entidades das 69 entidades ás que se requirió información percibieron transferencias de financiamento europeo é dicir a 34,78% fronte ao 41,10% do exercicio anterior. Pola contra 45 entidades que representan o 65,22% do total non percibieron financiamento europeo, fronte ao 58,90% do 2015.

No seguinte gráfico amósase porcentualmente cal é a natureza xurídica destas 24 entidades receptoras de Fondos Europeos xa sexan estes percibidos a través da Administración Autonómica ou de forma externa á mesma:



Fonte: Elaboración propia.

Se analizamos os datos anteriores e comparámoslos co exercicio anterior pódese concluír que en 2016 as axencias públicas son as entidades que presentan un maior dinamismo na recepción destes fondos xa que 12 das 16 axencias, o 75,00%, son receptoras destas transferencias de Fondos Europeos.

Non obstante, e pola contra, as sociedades mercantís publicas, as entidades publicas empresariais e os consorcios son os que menos dinámicos móstranse na recepción destes Fondos Europeos. Destaca así que tan só unha das trece sociedades publicas mercantís (7,69%) reciben transferencias de Fondos Europeos.

Finalmente nun punto intermedio encontraríanse os organismos autónomos no que 4 dos 9 (44,44%) perciben Fondos Europeos e as fundacións nas que 5 de 20 (25%) perciben transferencias deste tipo de fondos.

Como se vén reiterando en anteriores informes de Fondos Europeos deste Consello de Contas, durante o ano 2016 continúan existindo entidades que non recibiron transferencias pero si tiveron execución de fondos ou programas Europeos neste exercicio; isto débese á diversa natureza xurídica dos entes obxecto do presente informe, e que por tanto aplican diversos circuitos financeiros na súa xestión, dependendo da prolixa normativa aplicable a cada tipo de fondo, iniciativa, programa operativo ou de cooperación territorial, nos que se enmarque cada un



dos proxectos ou programas xestionados polas entidades fiscalizadas. Ademais do anterior o carácter plurianual do financiamento dos múltiples proxectos e a diversidade de organismos provocan que a corrente de ingresos (transferencias) e a corrente do gasto (execución) no exercicio auditado sexan diverxentes.

Con obxecto de ofrecer a maior claridade posible na información que recollemos basicamente identifícaronse dous bloques: as entidades e organismos que reciben Fondos Europeos a través da Administración Xeral Autonómica e as que os reciben de forma externa á mesma, detallándose aquelas entidades que perciben Fondos Europeos de ambas procedencias.

Organismos e entidades perceptoras de transferencias de Fondos Europeos procedentes da Administración Autonómica

Na análise realizada da Conta Xeral do exercicio 2016 (tal e como sucedeu na fiscalización de Fondos Europeos do exercicio 2015), séguese manifestando que non existe na base de datos ningún campo que estableza de maneira indubitada o organismo destinatario da transferencia, sexan correntes ou de capital, por iso tivo que empregarse o campo: "descripción proxecto" (DES_PROXECTO). Este campo meramente descriptivo, non recolle de forma indubitada o órgano perceptor da transferencia senón o tipo de actuación a desenvolver. Por iso solicitouse información directamente de cada unha das posibles entidades receptoras de axudas europeas tal e como expuxemos con anterioridade.

No seguinte cadro recóllese a relación de entidades que remitiron información positiva acerca de Fondos Europeos a través da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e o importe das transferencias percibidas.

Cadro 48. Importe de transferencias recibidas no exercicio 2016, por organismos e entidades dependentes da Comunidade Autónoma, perceptores de Fondos Europeos a través da Administración Xeral Autonómica.

AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	IMPORTE
AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	4.072.820,68
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER)	13.670.909,35
AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS (AXEGA)	1.349.658,18
AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN	3.707.359,48
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)	1.742.832,01
AXENCIA PARA A XESTIÓN E COÑECEMENTO EN SAUDE	78.144,48
AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (1)	6.136.038,78
CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCEIRA E CONTABLE (CIXTEC)	506.310,61
INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA)	8.766.989,26
INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA (INGACAL)	19.272,37
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) (2)	9.471.564,77
INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARÍÑO DE GALICIA (INTECMAR) (3)	28.519,04
SUBTOTAL	49.550.419,01

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

CONSORCIOS AUTONÓMICOS	IMPORTE
CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR	1.856.250,00
SUBTOTAL	1.856.250,00
FUNDACIÓN DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO	IMPORTE
FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA	260.000,00
SUBTOTAL	260.000,00
ORGANISMOS AUTÓNOMOS	IMPORTE
ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA (AGASP)	400.847,20
FONDO GALEGO DE GARANTIA AGRARIA (FOGGA)	232.915.809,30
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (SERGAS) (2)	12.585.147,23
SUBTOTAL	245.901.803,73
TOTAL	297.568.472,74

(1) Presenta a información distingindo en corrente e pechados (2) Entidade que percibe fondos tamén de forma externa á Comunidade Autónoma de Galicia.

Dos 69 organismos aos que se solicitou información, 24 informaron positivamente acerca da percepción de Fondos Europeos a través da Administración Xeral da Comunidade Autónoma. Debe de sinalarse que destas 24 entidades, 1 delas: o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) recibe tamén, como se indicará con posterioridade, Fondos Europeos de forma externa á Administración Autonómica. Ademais é necesario engadir unha segunda matización consistente en que existen entidades que aínda que tiveron execución deste tipo de fondos no exercicio 2016 non recibiron as transferencias no mesmo, polo que non aparecen recollidos no anterior cadre pero si no cadre correspondente á execución.

Pásase así de 321.465.954,49€ do exercicio anterior a 297.568.472,74€ de transferencias por Fondos Europeos recibidos no exercicio 2016, o que supón unha diminución de 23.897.481,75€. Efectivamente esta importante diminución débese en primeiro lugar aos atrasos na aprobación do novo marco financeiro polas dificultades acaecidas na negociación entre os diversos Estados integrantes da UE das condicións de financiamento do novo período, e en segundo lugar, e como consecuencia do anterior, producíronse atrasos na aprobación dos documentos dos programas operativos nos diversos Estados, algúns deles de finais de 2015 e comezos de 2016. Finalmente a iso hai que engadir os atrasos producidos no peche do marco anterior 2007-2013.

Execución de Fondos Europeos recibidos a través da Administración Xeral Autonómica.

En canto á execución deben de terse en conta as matizaciones referidas anteriormente, no sentido de que algunas entidades que non reciben transferencias no 2016 non obstante si tiveron execución de proxectos con financiamento europeo no dito exercicio e á inversa.

No cadre que se mostra a continuación tratouse de homoxeneizar para as distintas entidades e organismos públicos unha mesma forma de reflectir a disponibilidade dos seus créditos e a execución dos mesmos, identificando os créditos iniciais orzados para o exercicio e as modificacións de que estes foron obxecto, permitíndonos identificar un crédito definitivo. É

necesario resaltar que esta execución é individual para cada entidade e organismo xa que non pode reflectirse unha execución consolidada do conxunto.

Cadro 49. Resumo de execución no exercicio 2016 de Fondos Europeos percibidos da Administración Xeral Autonómica polos organismos e entidades dependentes da mesma.

ORGANISMOS	CR.IN.	MODIF.	CR.DEF.	OBRIG. REC.	REM. COMPR.	REM. NON COMPR.
ACIS		555.131,68	555.131,68	166.235,81	388.895,87	
AGASP (**)	400.847,00	0,00	400.847,00	387.026,72		
AGADER	20.660.649,00	0,00	20.660.649,00	13.670.909,32	1.115.503,80	5.874.235,88
AMTEGA	25.269.685,00	-12.099.516,34	13.170.168,66	12.081.304,91	1.088.863,75	0,00
AUGAS	31.581.572,00	52.979,86	31.634.551,86	470.783,44	0	31.163.768,42
AXI	7.390.401,00	-5.647.569,08	1.742.831,92	1.742.831,92		
AXEGA	1.390.827,00	-41.656,80	1.349.170,20	1.349.170,20		
AXENC TURISMO	6.038.190,00	1.679.165,10	7.717.355,10	5.747.538,37	543,95	1.969.272,77
GAIN	23.101.163,00	-9.494.773,84	13.606.389,16	3.767.875,37	7.119.733,15	2.718.780,64
CIXTEC	593.626,00	0	593.626,00	544.141,84	0	49.484,16
CONSOR DE IGUAL. E BENESTAR	6.025.000,00	0,00	6.025.000,00	2.014.797,90	0	4.010.202,10
FOGGA	71.990.407,00	170.272.887,39	242.263.294,39	232.915.809,25	4.056.770,10	5.290.715,04
FUND.FEIRAS E EXPOS DE LUGO	32.671,93		32.671,93	32.671,93		
FUND. SEMANA VERDE DE GALICIA	260.000,00		260.000,00	260.000,00		
IGAPE (*)	25.391.936,00	-383.130,38	25.008.805,62	18.171.180,41	4.792.778,25	2.044.846,96
IGVS	3.040.452,00	-2.988.901,59	51.550,41	6.344,39	45.206,02	0,00
INEGA	26.443.272,00	-6.331.959,15	20.111.312,85	8.735.428,83	10.012.520,21	1.363.363,81
INGACAL	158.745,50	0,00	158.745,50	45.470,39	0,00	113.275,11
INTECMAR		70.872,50	70.872,50	63.246,26	0	7.626,24
SERGAS (**)	15.631.317,00	10.716.876,97	26.348.193,97	12.735.314,24		

(*) O IGAPE recolle tamén unhas obrigas recoñecidas correspondentes a exercicios pechados por 140.703,89 €. (**) Datos incompletos.

No cadro anterior móstrase para cada unha das entidades a evolución individual de Fondos Europeos (Obrigas e Remanentes) no exercicio 2016. Non se totaliza por tanto a información por non ter un carácter homoxéneo, xa que algunas entidades (debido á diversidade da súa natureza xurídica) non envían completa a información, ademais de optar por criterios distintos para adaptar á contabilidade pública resultados contables que se rexen por sistemas contables heteroxéneos algúns deles de carácter privado. A información non permite facer unha análise de execución para todas as entidades porque ademais do anteriormente sinalado, algunas das entidades ou organismos de fondos son á súa vez receptoras e transmisoras de fondos a outras entidades ou organismos públicos.

O crédito definitivo xestionado por todas as entidades alcanzou en 2016 os 411.761.167,75€. É de destacar o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) que segue sendo polas funcións legalmente asignadas, a que xestiona e executa un maior volume de Fondos Europeos, seguindo a esta entidade AUGAS de GALICIA, o IGAPE e o SERGAS en canto ao crédito definitivo xestionado.

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

Organismos e entidades públicas perceptoras de transferencias externas á Administración Xeral Autonómica.

No seguinte cadro recóllese o importe e a relación de entidades que remitiron información positiva relativa á transferencia de Fondos e demais formas de financiamento europeo con orixe en entidades ou organismos non pertencentes á Administración Xeral Autonómica.

Cadro 50. Importe de transferencias recibidas no exercicio 2016 por organismos e entidades dependentes da Comunidade Autónoma receptores de Fondos Europeos externos á Administración Xeral Autonómica.

ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS	IMPORTE
PORTOS DE GALICIA	52.112,00
SUBTOTAL	52.112,00
FUNDACIÓN	IMPORTE
FUNDACIÓN AXENCIA ENERXETICA DA CORUÑA	113.746,40
FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA	1.001.264,08
FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR	390.785,94
FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA	275.384,00
SUBTOTAL	1.781.180,42
ORGANISMOS AUTÓNOMOS	IMPORTE
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (SERGAS) (*)	4.284,58
SUBTOTAL	4.284,58
SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	IMPORTE
SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE (SOGAMA)	11.462,36
SUBTOTAL	11.462,36
TOTAL	1.849.039,36

(*) Entidades que reciben ademais Fondos Europeos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Como xa sinalamos con anterioridade existe unha entidade, o SERGAS, que percibe xunto con este tipo de Fondos Europeos externos fondos procedentes da Administración Xeral Autonómica.

De 69 entidades ás que se solicita información 7 (10,14%) recibiron transferencias por canles externas o que supón unha diminución respecto ao exercicio anterior no que foi o 15,07%.

Ademais como ocorría anteriormente coas transferencias recibidas a través da Administración Autonómica, tamén neste caso, existen entes que non tiveron transferencias de axudas comunitarias no exercicio 2016, pero si tiveron execución (e á inversa) de fondos recibidos de forma externa no 2016, dándose aquí por reproducido o explicado anteriormente.

Respecto ao importe das transferencias externas viuse notablemente afectado, do mesmo xeito que ocorreu cos Fondos Europeos procedentes da Administración Autonómica, polos atrasos temporais que se foron acumulando tal e como quedou anteriormente exposto. Así tamén nas transferencias externas prodúcese unha importante diminución dos importes transferidos ao pasar dos 28.729.272,64€ do 2015 a 1.849.039,36€ do 2016. Unha vez que o novo marco 2014-2020 estea plenamente desenvolvido é de prever que os importes de transferencias e a execución vaian aumentando a medida que o novo marco vaia avanzando temporalmente.

Como advertimos e prevíñamos xa nos nosos anteriores informes sobre Fondos Europeos, estes atrasos provocaron finalmente que os diversos entes xestores visen dificultada a súa capacidade de financiamento e xestión pola dificultade de acceso aos Fondos Europeos do novo marco 2014-2020 polos atrasos na posta en marcha dos diversos programas operativos.

Finalmente e como xa sinalamos no noso anterior informe, as entidades que teñen áreas relacionadas con sectores como a investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+I), sostibilidade ambiental e enerxética, economía verde, novas tecnoloxías e grandes proxectos están chamadas a xogar un papel fundamental no período 2014-2020 polo novo financiamento estratéxico dos mesmos neste novo marco.

Execución dos Fondos Europeos percibidos de forma externa á Administración Xeral Autonómica.

Da análise da información facilitada polos organismos e entidades aos que se requirió información, recollemos a continuación o cadre resumo de execución de Fondos Europeos percibidos de forma externa á Xunta de Galicia. Debe lembrarse coas matizacions antes realizadas que existen entidades que non tiveron transferencias de axudas comunitarias externas no exercicio 2016 e á inversa, é dicir que tiveron transferencias de fondos deste tipo pero non execución. Realizada esta matización recóllese a continuación de forma resumida a execución de Fondos Europeos recibidos de forma externa á Administración Xeral Autonómica:

Cadro 51. Resumo de execución no exercicio 2016, de Fondos Europeos percibidos de forma externa á Administración Xeral Autonómica polos organismos e entidades dependentes da mesma.

ORGANISMOS	CR.IN.	MODIF.	CR.DEF.	OBRIG. REC.	REM. COMPR.	REM. NON COMPR.
FUND. AXENCIA ENERXÉTICA DA CORUÑA			113.746,40	411,31		113.335,09
FUND. CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA (*)			806.469,10	346.287,61		
FUND. CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR	494.764,04	0,00	494.764,04	494.764,04		
FUND. PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA	552.606,50		552.606,50	154.265,00	57.100,00	341.241,50
SERGAS (*)	0,00	17.336,50	17.336,50	4.284,58		
SOGAMA	75.360,00	-57.794,30	17.565,70	9.969,49	0	7.596,21

(*) Datos incompletos.

Non se totaliza a información por non ter un carácter homoxéneo tendo en conta que algunas entidades, debido á diversidade da súa natureza xurídica e sistemas informático-contables, non envían completa a información. O importe do crédito definitivo total de Fondos Europeos externos alcanzou os 2.002.488,24€.

A análise dos datos facilitados polas entidades viuse dificultado na forma que tiveron de presentar e estruturar a información solicitada por este Consello de Contas. Como norma xeral as entidades requeridas contestaron á solicitude realizada tratando de adaptarse na información facilitada aos modelos remitidos por este Consello, non obstante e tendo en conta o mencionado

en relación coa súa natureza xurídica, non lles foi posible completar e adaptarse de forma correcta aos modelos de información solicitada.

IV.4. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS.

A base de datos contables facilitada pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia permite a través das correspondentes claves económicas de ingresos, determinar as transferencias recibidas pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma nos capítulos IV e VII de Fondos Europeos. No presente informe identifícanse: os ingresos recibidos durante o exercicio corrente 2016, a evolución da situación sobre exercicios pechados ao 31 de decembro de 2016 e a execución acumulada dos ingresos obtidos no período 2000-2016.

Como en anteriores traballos de fiscalización nos Anexos IX, X e XI identifícanse os fondos, iniciativas, programas e proxectos das distintas transferencias recibidas de acordo coas claves económicas de ingresos ás que se fai referencia con anterioridade.

Así no Anexo IX figuran a totalidade de todas as claves de ingresos que se teñen desde o exercicio 2007 ata o 2016, estando recollidas nos Anexos X e XI aquelas que tiveron algún tipo de movemento. Ao mesmo tempo, indícanse as agregacións que se realizan e que son as que figuran nos cadros que se mostran nos apartados seguintes, sobre a execución do orzamento de ingresos do exercicio corrente, exercicios pechados e a execución acumulada ao 31 de decembro de 2016.

IV.4.1. EXERCICIO CORRENTE.

Continuando coa situación iniciada no exercicio anterior as previsións definitivas dos dous tipos de transferencias (capítulos IV e VII) superaron notablemente os dereitos recoñecidos, circunstancia que non se produciu nos exercicios anteriores a 2015, nas que as previsións definitivas foron sempre superadas polos dereitos recoñecidos netos do exercicio corrente de cada ano. O total dos dereitos recoñecidos netos redúcense en relación cos que se obtiñan en exercicios anteriores, non obstante a recadación neta mantense moi próxima á dos anos 2014 e 2015. A baixa dos dereitos recoñecidos netos do exercicio corrente dá lugar a que os dereitos pendentes ao 31 de decembro, ofrezan a mellor porcentaxe de recadación (88,04%) ao diminuír ata 44.482.997,23€ os dereitos recoñecidos pendentes.

Cadro 52. Execución orzamentaria de Ingresos de Fondos Europeos capítulos IV e VII, exercicio 2016.

FONDOS / INICIATIVAS COMUNITARIAS POR CAPÍTULO	PREVISIÓN DEFINITIVAS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	RECADACION NETA	DEREITOS PENDENTES A 31-12	(%) RECADACIÓN/ DEREITOS RECOÑECIDOS
FSE P.O. 2007-2013	0,00	1.776.832,30	0,00	1.776.832,30	0,00
FSE P.O. 2014-2020	65.713.553,03	7.134.654,58	7.134.654,58	0,00	100,00
INICIATIVA EQUAL	0,00	94.943,93	94.943,93	0,00	100,00
COOPERACION TRANSNACIONAL ESPAZO ATLANTICO 2007-2013	0,00	60.723,72	60.723,72	0,00	100,00
PROGRAMA INTERREG EUROPE 2014-2020 PROXECTO TITTAN	30.223,00	0,00	0,00	0,00	---
INICIATIVA DE EMPREGO XUVENIL. (YEI)	18.205.807,00	433.496,95	433.496,95	0,00	100,00
OUTRAS TRANSFERENCIAS DA UNIÓN EUROPEA	1.576.467,18	2.316.213,70	2.316.213,70	0,00	100,00
SUBTOTAL CAP. IV	85.526.050,21	11.816.865,18	10.040.032,88	1.776.832,30	84,96
FEDER P.O. 2007-2013	12.342.938,07	0,00	0,00	0,00	---
FEDER P.O. 2014-2020	213.300.397,58	30.580.735,02	29.031.350,25	1.549.384,77	94,93
COOPERACION TRANSFRONTEIRIZA ESPAÑA PORTUGAL 2007-2013	0,00	917.601,86	917.601,86	0,00	100,00
COOPERACION TRANSNACIONAL ESPAZO ATLANTICO 2007-2013	0,00	615.720,05	615.720,05	0,00	100,00
COOPERACION TRANSNACIONAL INTERREG IV B SUDOE 2007-2013	0,00	94.376,62	94.376,62	0,00	100,00
PROGRAMA INTERREG EUROPE 2014-2020 PROXECTO TITTAN	37.965,00	0,00	0,00	0,00	---
POCTEP 2014-2020PROXECTO ASISTENCIA TÉCNICA	180.200,00	0,00	0,00	0,00	---
FEADER 2014-2020	195.839.064,00	71.790.277,08	71.790.277,08	0,00	100,00
FEAGA 2014-2020	207.094.933,88	214.789.449,97	214.789.449,97	0,00	100,00
FEP P.O. 2007-2013	6.388.877,44	41.145.600,34	0,00	41.145.600,34	0,00
FEMP 2014-2020	51.440.000,00	0,00	0,00	0,00	---
OUTRAS TRANSFERENCIAS DA UNION EUROPEA	1.254.371,57	335.213,08	324.033,26	11.179,82	96,66
SUBTOTAL CAP. VII	687.878.747,54	360.268.974,02	317.562.809,09	42.706.164,93	88,15
TOTAL EXERCICIO CORRENTE 2016	773.404.797,75	372.085.839,20	327.602.841,97	44.482.997,23	88,04
TOTAL EXERCICIO CORRENTE 2015	841.935.401,35	565.073.529,59	333.124.862,57	231.948.667,02	58,95
TOTAL EXERCICIO CORRENTE 2014	432.233.851,00	531.554.491,26	404.100.032,24	127.454.459,02	76,02
TOTAL EXERCICIO CORRENTE 2013	481.019.478,00	559.913.393,66	408.451.788,14	151.461.605,52	72,95
TOTAL EXERCICIO CORRENTE 2012	433.723.562,00	546.022.388,84	468.125.590,62	77.896.798,22	85,73

IV.4.2. EXERCICIOS PECHADOS.

En canto á ejecución orzamentaria de ingresos vinculados a exercicios anteriores (exercicios pechados), distinguimos entre os dereitos pendentes de cobro do capítulo IV, dos que se recada o 72,96% (28.512.682,89€), debéndose a maior parte ao FSE P.O. 2007-2013 con 28.389.067,67€ e os correspondentes ao capítulo VII dos que tan só recádase o 62,66%, sendo neste capítulo os fondos FEDER P.O. 2007-2013 os que teñen unha maior significación cunha recadación de 134.738.067,82€ seguidos dos FEP P.O. 2007-2013 con 33.469.560,01€.

A recadación total en 2016 dos dereitos pendentes de cobro correspondentes a exercicios pechados é do 63,95%, inferior á do exercicio anterior en 3,58 puntos porcentuais. A contía dos ingresos recibidos incrementouse, en relación con 2015, en 30.449.538,44€ (17,99%), sendo o segundo mellor exercicio desde 2012.

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

Cadro 53. Execución orzamentaria de Ingresos de exercicios pechados. Capítulos IV e VII, exercicio 2016.

FONDOS	PTES. DE COBRO ANULADOS	PTES. DE COBRO NO EXERCICIO	RECADACIÓN	PTES. DE COBRO AO FINAL DO EXERCICIO	(%) RECADACIÓN / PTE. COBRO
FSE P.O. 2007-2013		38.911.757,75	28.389.067,67	10.522.690,08	72,96
INICIATIVA EQUAL(Anulados 228.838,16 € de D_P_COBRO)	228.838,16	61.237,05	61.237,05	0	100
INTERREG (COOP. TRANSFR. ESPAÑA-PORTUGAL 2007-2013)		81.849,57	62.378,17	19.471,40	76,21
INTERREG IV-C 2007-2013 (Anulados 2,50 € de D_P_COBRO)	2,50	0	0	0	--
OUTRAS TRANSFERENCIAS DA UNIÓN EUROPEA(Anulados 731,07 € de D_P_COBRO)	731,07	26.560,40	0	26.560,40	0
SUBTOTAL CAPITULO IV	229.571,73	39.081.404,77	28.512.682,89	10.568.721,88	72,96
FEDER P.O. 2007-2013		148.177.644,20	134.438.067,82	13.739.576,38	90,73
INTERREG(Anulados 710.438,37 € de D_P_COBRO)	710.438,37	143.123,67	0	143.123,67	0
COOPERACION TRANSFRONTEIRIZA ESPAÑA PORTUGAL 2007-2013		3.304.537,45	3.219.309,18	85.228,27	97,42
COOP. TRANSNACIONAL ESPAZO ATLÁNTICO 2007-2013		136.469,26	78.961,90	57.507,36	57,86
FEOGA-ORIENTACIÓN. PROGRAMA OPERATIVO		50.148.283,73	0	50.148.283,73	0
FEOGA-ORIENTACIÓN. LIÑA HORIZONTAL		7.589.870,55	0	7.589.870,55	0
IFOP P.O. 2000-2006		21.024.290,58	0	21.024.290,58	0
FEP P.O. 2007-2013		42.692.558,17	33.469.560,01	9.222.998,16	78,4
INICIATIVA COMUNITARIA EQUAL.VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR(Anulados 58.458,53 € de D_P_COBRO)		6.825,64	6.825,64	0	100
OUTRAS TRANSFERENCIAS DA UNIÓN EUROPEA	58.458,53	40.653,18	11.063,80	29.589,38	27,22
SUBTOTAL CAPITULO VII	768.896,90	273.264.256,43	171.223.788,35	102.040.468,08	62,66
TOTAL EXERCICIOS PECHADOS 2016	998.468,63	312.345.661,20	199.736.471,24	112.609.189,96	63,95
TOTAL EXERCICIOS PECHADOS 2015		250.682.395,62	169.286.932,80	81.395.462,82	67,53
TOTAL EXERCICIOS PECHADOS 2014		269.612.918,84	127.645.435,19	141.967.483,65	47,34
TOTAL EXERCICIOS PECHADOS 2013		286.178.908,75	164.459.549,41	121.719.359,34	57,47
TOTAL EXERCICIOS PECHADOS 2012		469.731.535,42	261.425.070,39	208.306.465,03	55,65

IV.4.3. EXECUCIÓN ACUMULADA.

Como se recolleu tamén en informes de fiscalización de Fondos Europeos de exercicios anteriores, no seguinte cadro resúmese a execución acumulada por modalidades dos ingresos de Fondos Europeos ao 31 de decembro de 2016 (Anexos IX, X e XI). A sistemática utilizada baséase en complementar os acumulados do exercicio 2015 coa execución orzamentaria que se produce en 2016, tanto de ingresos do exercicio corrente como de exercicios pechados (contías que se detallan nos Anexos X e XI) agrupándose segundo as modalidades recollidas no Anexo IX tal e como se reflicte tamén de forma máis resumida nos dous cadros anteriores).

Cadro 54. Execución orzamentaria de Ingresos acumulados período 2000-2016.

FONDOS / INICIATIVAS COMUNITARIAS	PREVISIÓN DEFINITIVAS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	RECADACIÓN NETA	DEREITOS PENDENTES A 31-12-2016	(%) RECADAC / DEREITOS RECONOC.
F.S.E. P.O. 2000-2006	372.939.327,56	393.083.595,68	393.083.595,68	0,00	100,00
FSE P.O. 2007-2013	432.206.745,77	332.463.778,94	320.164.256,56	12.299.522,38	96,30
FSE P.O. 2007-2013. REAXUSTE PROGRAMACIÓN	5.590.000,00	5.590.000,00	5.590.000,00	0,00	100,00
FSE P.O. 2014-2020	98.874.677,03	7.134.654,58	7.134.654,58	0,00	100,00
FSE 2014-2020.FP BASICA E NOVOS ITINERARIOS 3º E 4º ESO	0,00	4.480.208,89	4.480.208,89	0,00	100,00
INICIATIVA EQUAL	2.932.593,00	5.397.994,21	5.397.994,21	0,00	100,00
COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA ESPAÑA-PORTUGAL 2007-2013	175.356,17	1.232.697,54	1.213.226,14	19.471,40	98,42
COOPERACION TRANSNACIONAL ESPAZO ATLANTICO 2007-2013	219.896,54	230.103,13	230.103,13	0,00	100,00
PROGRAMA INTERREG EUROPE 2014-2020 PROXECTO TITTAN	30.223,00	0,00	0,00	0,00	---
COOPERACIÓN TRANSNACIONAL INTERREG IV B SUDOE 2007-2013	203.861,00	4.528,43	4.528,43	0,00	100,00
INTERREG IV C 2007-2013	98.250,00	135.221,02	135.221,02	0,00	100,00
INICIATIVA DE EMPREGO XUVENIL. YEI	36.417.338,00	433.496,95	433.496,95	0,00	100,00
OUTRAS TRANSFERENCIAS DA UNIÓN EUROPEA	4.890.922,34	11.574.885,46	11.548.325,06	26.560,40	99,77
TOTAL CAPITULO IV	954.579.190,41	761.761.164,83	749.415.610,65	12.345.554,18	98,38
FEDER P.O. 2000-2006	1.046.047.836,98	1.154.918.460,19	1.154.918.460,19	0,00	100,00
FEDER P.O. 2007-2013	1.351.595.167,47	819.900.700,50	806.161.124,12	13.739.576,38	98,32
FEDER P.O. 2007-2013 REAXUSTE DE PROGRAMACIÓN	208.144.019,00	130.460.489,99	130.460.489,99	0,00	100,00
FEDER P.O. 2014-2020	269.783.959,58	30.580.735,02	29.031.350,25	1.549.384,77	94,93
INTERREG III / INTERREG III E OUTRAS INICIATIVAS 2007-2013	64.833.190,00	71.495.041,09	71.351.917,41	143.123,67	99,80
COOPERACION TRANSFRONTEIRIZA ESPAÑA PORTUGAL 2007-2013	10.771.159,65	18.838.071,23	18.752.842,94	85.228,27	99,55
COOPERACION TRANSNACIONAL ESPAZO ATLANTICO 2007-2013	3.011.692,29	3.286.366,60	3.228.859,23	57.507,36	98,25
COOPERACION TRANSNACIONAL INTERREG IV B SUDOE 2007-2013	794.028,05	1.123.545,72	1.123.545,72	0,00	100,00
PROGRAMA INTERREG EUROPE 2014-2020 PROXECTO TITTAN	37.965,00	0,00	0,00	0,00	---
POCTEP 2014-2020 PROXECTO ASISTENCIA TÉCNICA	180.200,00	0,00	0,00	0,00	---
INTERREG IV C 2007-2013	444.088,00	546.812,24	546.812,24	0,00	100,00
FEOGA-ORIENTACIÓN. PROGRAMA OPERATIVO	682.468.073,16	665.857.264,06	615.708.980,33	50.148.283,73	92,47
FEOGA ORIENTACION P. O. 2 - MARCO 94-99	0,00	83.346,04	83.346,04	0,00	100,00
FEOGA-ORIENTACIÓN. LIÑA HORIZONTAL	95.978.837,00	88.545.623,28	80.955.752,73	7.589.870,55	91,43
FEADER 2007-2013	1.184.330.745,90	817.424.183,79	817.424.183,79	0,00	100,00
FEADER 2014-2020	195.839.064,00	71.790.277,08	71.790.277,08	0,00	100,00
FEAGA 2007-2013	462.858.206,92	1.172.930.026,87	1.172.930.026,87	0,00	100,00
FEAGA 2014-2020	207.094.933,88	214.789.449,97	214.789.449,97	0,00	100,00
FONDOS DE COHESIÓN	113.844.436,88	144.014.831,62	144.014.831,62	0,00	100,00
IFOP P.O. 2000-2006	562.999.754,04	652.520.975,80	631.496.685,22	21.024.290,58	96,78
FEP P.O. 2007-2013	623.216.035,03	364.047.686,23	313.679.087,73	50.368.598,50	86,16
INICIATIVA EQUAL	0,00	157.883,54	99.425,01	0,00	62,97

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

FONDOS / INICIATIVAS COMUNITARIAS	PREVISIÓNS DEFINITIVAS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	RECADACIÓN NETA	DEREITOS PENDENTES A 31-12-2016	(%) RECADAC / DEREITOS RECONOC.
FEMP 2014-2020	51.440.000,00	0,00	0,00	0,00	---
OUTRAS TRANSFERENCIAS DA U.E.	5.409.328,48	6.798.873,16	6.816.562,49	40.769,20	100,26
TOTAL CAPITULO VII	7.141.122.721,31	6.430.110.644,02	6.285.364.010,97	144.746.633,01	97,75
TOTAL ACUMULADO 2000-2016	8.095.701.911,72	7.191.871.808,85	7.034.779.621,62	157.092.187,19	97,82
TOTAL ACUMULADO 2000-2015	7.322.297.113,97	6.820.784.438,28	6.507.440.308,41	313.344.129,87	95,41
TOTAL ACUMULADO 2000-2014	6.480.361.712,62	6.274.450.455,72	6.005.028.513,04	269.421.942,68	95,71
TOTAL ACUMULADO 2000-2013	6.048.127.861,62	5.746.464.010,47	5.473.283.045,61	273.180.964,86	95,25
TOTAL ACUMULADO 2000-2012	5.567.108.383,62	5.186.574.971,31	4.900.371.708,06	286.203.263,25	94,48

A recadación neta acumulada correspondente ao capítulo IV alcanza o 98,38%, 3,62 puntos porcentuais por encima da de 2015 que era do 94,76%. No capítulo VII sobe ao 97,75% 2,26 puntos porcentuais más que no exercicio anterior.

No conxunto de ambos capítulos a recadación neta acumulada sobre os dereitos recoñecidos netos increméntase en 2,41 puntos porcentuais respecto da recadación total acumulada do período 2000-2015, chegando ao 97,82%. En canto aos dereitos pendentes ao 31 de decembro de 2016, estes redúcense en 156.251.942,68€ un 49,87% respecto dos acumulados ao final do exercicio 2015.

V. FISCALIZACIÓN DOS BENEFICIARIOS DE PROGRAMAS EUROPEOS.

Complementando a información sobre a execución no exercicio 2016 dos Fondos Europeos por parte da Xunta de Galicia e outras entidades e organismos públicos dependentes da Administración Xeral Autonómica. Neste apartado, tomando como base documental a información remitida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, realiza unha análise da base de datos XUMCO (Sistema de Información de Xestión Contable, elaborado pola Subdirección Xeral de Contabilidade), co obxecto de identificar os beneficiarios e sectores económicos aos que están vinculados os distintos programas que contan con financiamento de Fondos Europeos.

Mantendo a mesma liña de trabalho que se fixo en fiscalizacions anteriores, nos cadros amosaremos por separado os contidos de cada unha das táboas básicas “operacións con financiamento UE anteriores a 2016” e “operacións con financiamento corrente en 2016”. Os contidos de cada unha delas reflíctense en tres formas diferentes: **terceiros**: beneficiarios que reciben directamente os pagos do Tesouro, **terceiros intermedios**: servizos, entidades e organismos que reciben transferencias do Tesouro para realizar pagos a beneficiarios de fondos e **perceptores**, beneficiarios de Fondos Europeos que reciben os pagos realizados por servizos, entidades e organismos.

V.1. MODALIDADES IDENTIFICADAS NO SISTEMA DE CONTABILIDADE DA XUNTA DE GALICIA.

Segundo os datos facilitados pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, identifícanse no exercicio 2016 os seguintes tipos de fondos e modalidades vinculadas a cada un deles, cadro 55.

Cadro 55. Tipos de Fondos e modalidades identificados no Xumco, exercicio 2016.

TIPO DE FONDO	MODALIDADE
D	FEDER
4120	FEDER 2007-13
4121	FEDER 2007-13 INCORPORADO
4130	FEDER 2014-20
4131	FEDER 2014-20. INCORPORADO
4710	FEDER PLURIRREGIONAL
E	FEADER
4260	FEADER 2014-2020
J	FSE
4340	FSE INICIATIVA EMPREGO
4341	FSE INICIATIVA EMPREGO. INCORPORADO
P	FEMP
4421	FEP INCORPORADO
4430	FEMP
Q	INTERREG POCTEP
5410	INTERREG POCTEP

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

TIPO DE FONDO	MODALIDADE
R	INTERREG
5170	INTERREG IV -C
5181	INTERREG IV-B: ESPAZO ATLÁNTICO, SUDOE INCORPORADO
S	FSE
4330	FSE 2014-20
4331	FSE 2014-20. INCORPORADO
U	OUTROS FONDOS EUROPEOS
4371	F.S.E. PLURIRREGIONAL. INCORPORADO
V	OUTROS FONDOS EUROPEOS
4710	FEDER PLURIRREGIONAL

Esta estrutura é a que serve de base para desenvolver a información que a continuación se expón a partir da base de datos do XUMCO e que trataremos de manter para todos os cadros que se mostran en relación cos pagos realizados e cos beneficiarios terceiros e perceptores deses pagos.

No seguinte cadro, observamos que con financiamento anterior a 2016 identifícase un só proxecto o cal non tivo pagos en todo o exercicio, este proxecto está vinculado ao FEDER, en concreto co marco operativo anterior 2007-2013. Prodúcese unha baixa moi significativa, case total, do número de proxectos en relación co exercicio anterior debido ao peche do marco mencionado.

Con financiamento corrente, durante o exercicio 2016, figuran un total de 305 proxectos únicos (lémbrese aquí a posibilidade de que un mesmo proxecto pódese vincular con distintas modalidades) e destes, con algún pago, identifícanse 222 que polo menos teñen un beneficiario como "terceiro" ou "perceptor".

Cadro 56. Número de proxectos por PO_DESCRICIÓN identificados no XUMCO 2016.

TIPO FONDO		FINANCIAMIENTO ANTERIOR A 2016		FINANCIAMIENTO CORRENTE EN 2016		CONSOLIDADO	
		Nº TOTAL DE PROXECTOS	Nº DE PROXECTOS CON PAGOS	Nº TOTAL DE PROXECTOS	Nº DE PROXECTOS CON PAGOS	Nº TOTAL DE PROXECTOS	Nº DE PROXECTOS CON PAGOS
(EN BRANCO)	(EN BRANCO)	0	0	61	51	61	51
D	FEDER	1	0	113	73	114	73
E	FEADER	0	0	82	48	82	48
J	FSE-INICIATIVA EMPREGO	0	0	12	12	12	12
P	FEMP	0	0	21	13	21	13
R	INTERRREG	0	0	3	3	3	3
S	FSE 2014-2020	0	0	37	33	37	33
U	FSE PLURIRREGIONAL. INCORPORADO	0	0	1	1	1	1

TIPO FONDO		FINANCIAMENTO ANTERIOR A 2016		FINANCIAMENTO CORRENTE EN 2016		CONSOLIDADO	
		Nº TOTAL DE PROXECTOS	Nº DE PROXECTOS CON PAGOS	Nº TOTAL DE PROXECTOS	Nº DE PROXECTOS CON PAGOS	Nº TOTAL DE PROXECTOS	Nº DE PROXECTOS CON PAGOS
V	FEDER PLURIRREGIONAL	0	0	2	0	2	0
TOTAIS 2016		1	0	332	234	333	234
TOTAIS UNICOS 2016		1	0	305	222	306	222
TOTAIS 2015		29	15	652	589	671	600
TOTAIS UNICOS 2015		29	15	601	546	619	557
TOTAIS 2014		292	287	655	520	734	625
TOTAIS UNICOS 2014		285	282	617	484	690	586

Consolidando os datos correspondentes ao financiamento anterior e corrente do exercicio 2016 identificamos o número de proxectos únicos totais e únicos con pagos en cada unha das modalidades, resultando da suma de todas as modalidades un total de 333 proxectos, dos cales 234 figuran con algún pago de calquera contía a un “terceiro” ou “perceptor”. A posibilidade de que un mesmo proxecto sexa cofinanciado por distintas modalidades, fai que o número de proxectos totais únicos con presenza en este exercicio ascenda 306, sendo os únicos con pagos 222, todos eles relacionados co financiamento corrente.

No cadro anterior pódese apreciar a existencia de proxectos relacionados coa entrada “EN BRANCO”, lembrar como xa se fixo con anteriores informes que na entrada mencionada reunimos aqueles proxectos que non pudemos vincular a unha modalidade concreta das definidas nas bases de datos elaboradas pola Subdirección Xeral de Contabilidade da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Os proxectos da entrada “EN BRANCO” xestionáronse segundo a base de datos XUMCO pola Administración Xeral (47), Augas de Galicia (2), Axencia de Turismo de Galicia (1), Axencia Galega de Innovación (5), Fondo Galego de Garantía Agraria (3), Instituto Enerxético de Galicia (1), Instituto Galego de Calidade Alimentaria (1) e Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (1). De todas estas entidades e organismos o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) é o que xestiona maior volume de pagos vinculados cos fondos FEAGA.

Os 306 proxectos totais únicos e os 222 con pagos que figuran na base de datos do XUMCO, teñen a súa orixe nos exercicios que se indican a continuación.

Cadro 57. Número de proxectos únicos por exercicio de orixe identificados no XUMCO 2016.

ANO	FINANCIAMENTO ANTERIOR A 2016		FINANCIAMENTO CORRENTE EN 2016		CONSOLIDADO	
	Nº TOTAL DE PROXECTOS	Nº DE PROXECTOS CON PAGO	Nº TOTAL DE PROXECTOS	Nº DE PROXECTOS CON PAGO	Nº TOTAL DE PROXECTOS	Nº DE PROXECTOS CON PAGO
2007	1	0	7	5	8	5
2008			3	3	3	3
2009			4	4	4	4
2010			1	1	1	1
2011			6	4	6	4
2012			5	2	5	2

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

ANO	FINANCIAMENTO ANTERIOR A 2016		FINANCIAMENTO CORRENTE EN 2016		CONSOLIDADO	
	Nº TOTAL DE PROXECTOS	Nº DE PROXECTOS CON PAGO	Nº TOTAL DE PROXECTOS	Nº DE PROXECTOS CON PAGO	Nº TOTAL DE PROXECTOS	Nº DE PROXECTOS CON PAGO
2013			4	4	4	4
2014			17	17	17	17
2015			67	60	67	60
2016			191	122	191	122
TOTAIS UNICOS 2016	1	0	305	222	306	222
TOTAIS UNICOS 2015	29	15	601	546	619	557
TOTAIS UNICOS 2014	285	282	617	484	690	586

Con financiamento anterior a 2016 figura un proxecto vinculado á modalidade FEDER 2007-2013 cuxo único movemento contable consistiu na emisión de “obrigas” negativas por un importe de 30.043,00€ pechando definitivamente ese proxecto.

Entre os anos 2007 e 2013, entre os proxectos con financiamento corrente, atópanse 30 proxectos (11 de FEDER 2007-2013, 6 de FEP e 13 relacionados coa entrada “EN BRANCO”). De cada un destes grupos figuran 8, 3 e 12 proxectos con pagos por valor de 7.773.849,90€, 7.495.354,81€, e 636.176.471,60€ respectivamente. Dos proxectos “EN BRANCO”, dous (200700506 e 200800009) suman 631.466.319,86€ representando o 99,21% do total e en ambos casos son proxectos relacionados cos fondos agrícolas.

No exercicio 2016 é xa moi maioritaria a presenza de proxectos do marco 2014-2020 (ver no cadro anos 2015 e 2016). No exercicio de 2015 apareceron por primeira vez os proxectos relacionados co Marco 2014-2020.

V.2. CONTÍA DOS PAGOS A TERCEIROS E PERCEPTORES SEGUNDO A SÚA NATUREZA XURÍDICA.

Neste apartado cuantifícanse os pagos efectuados aos receptores de Fondos Europeos (estes identifícanse como “terceiros” e/ou “perceptores”) e identificamos o número de beneficiarios vinculados a cada un dos distintos tipos de Fondos Europeos que se mostran no XUMCO. Así mesmo procédese a clasificar e adscribir a cada epígrafe (segundo os catro tramos de personalidade xurídica que se mostran nos cadros seguintes) os correspondentes resultados acumulativos das contías recibidas e do número de beneficiarios de cada unha delas.

Como nos exercicios anteriores, a base de datos facilitada pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma desdobrouse en dous grandes campos: proxectos con financiamento anterior a 2016 e proxectos con financiamento no exercicio corrente de 2016. Á súa vez cada un destes campos foi facilitado en tres táboas: “operacións sen desagregación” (terceiros), “operacións con desagregación” (intermedias para pagos a outros finalistas) e “datos das desagregacións das operacións” (perceptores). Esta circunstancia obríganos a realizar o



proceso que describimos a continuación para cada un dos financiamientos e proceder posteriormente á consolidación dos datos de ambos.

No proceso de identificación que se realiza, os pagos recibidos por calquera unidade da Administración Xeral da Comunidade Autónoma acumúlanse nunha persoa xurídica, co obxecto de non repetir terceiros ou perceptores pertencentes a unha mesma administración.

Baixo a denominación de pagos a “terceiros” e pagos a “perceptores” amósase a contía que por cada tipo de fondo foi pagada segundo a natureza xurídica do “terceiro” ou “perceptor” ás “entidades públicas”, “ persoas xurídicas”, “ persoas físicas” e “outros” (Anexo I).

Debe terse en conta que os pagos finalistas aos “perceptores” recíbense, en xeral, dunha entidade pública. Neste exercicio, como no anterior (exercicio 2015), novamente realízanse (feito que non se detectou no 2014) pagos a “ persoas xurídicas” dentro do epígrafe de “terceiros” nas táboas de “operacións con desagregación”, que deberán á súa vez pagarse a “perceptores”.

A continuación analizamos para cada forma de financiamento (anterior e corrente) os tipos de Fondos Europeos presentes en cada unha das sinalando as contías que reciben os “terceiros” e os “perceptores”, para finalmente mostrar un consolidado do conxunto dos dous tipos de financiamento.

Cadro 58 mostra os pagos realizados a “terceiros” con financiamento anterior ao exercicio 2016. Como se observa máis abaixo non se realizou ningún pago.

Cadro 58. Pagos finais a “terceiros” por tipo fondo con financiamento anterior a 2016.

TIPO DE FONDO	ENTIDADES-ORGANISMOS PÚBLICOS	PERSOAS XURÍDICAS	PERSOAS FÍSICAS	OUTROS	TOTAL
TOTAL 2016	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL 2015	23.261.529,78	24.530,00	0,00	0,00	23.286.059,78
TOTAL 2014	85.238.519,43	42.525.271,11	435.171,72	243.607,10	128.442.569,36

Cadro 59, mostra os pagos realizados a “terceiros” con financiamento do exercicio corrente 2016. O volume total dos pagos realizados de todo tipo de fondos ascendeu a 422.304.560,20€.

Cadro 59. Pagos finais a “terceiros” por tipo fondo con financiamento do exercicio corrente 2016.

TIPO DE FONDO	ENTIDADES-ORGANISMOS PÚBLICOS	PERSOAS XURÍDICAS	PERSOAS FÍSICAS	OUTROS	TOTAL
EN BRANCO	EN BRANCO	213.967.313,80	1.036.451,51	137.302,65	167.156,47
D	FEDER	40.457.729,90	60.458.007,92	805.491,87	212.621,23
E	FEADER	33.828.470,93	10.529.648,82	266.744,02	0,00
J	FSE-INICIATIVA EMPREGO	4.326.964,06	1.723.190,97	2.491.818,90	39.500,00
P	FEMP	1.012.142,28	12.698.279,16	0,00	47.000,00
R	INTERRREG	162.608,92	7.886,37	0,00	0,00
S	FSE 2014-2020	25.114.709,40	3.239.687,67	9.127.124,70	282.863,33
U	F.S.E. PLURIRREXIONAL. INCORPORADO	163.845,32	0,00	0,00	0,00
					163.845,32

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

TIPO DE FONDO		ENTIDADES-ORGANISMOS PÚBLICOS	PERSOAS XURÍDICAS	PERSOAS FÍSICAS	OUTROS	TOTAL
V	FEDER PLURIRREXIONAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL 2016		319.033.784,61	89.693.152,42	12.828.482,14	749.141,03	422.304.560,20
TOTAL 2015		351.638.901,58	362.867.799,78	16.665.980,23	2.426.148,39	733.598.829,98
TOTAL 2014		257.076.975,60	118.403.371,39	28.309.178,57	1.673.912,15	405.463.437,71

Cadro 60, mostra os pagos intermedios realizados a “terceiros” para pagos posteriores a perceptores con financiamento anterior ao exercicio corrente 2016. Como xa adiantaba o cadro 58, non se produce ningún pago con financiamento anterior ao exercicio actual.

Cadro 60. Pagos intermedios a terceiros para pagos a perceptores por tipo fondo con financiamento anterior a 2016.

TIPO DE FONDO	ENTIDADES-ORGANISMOS PÚBLICOS	PERSOAS XURÍDICAS	PERSOAS FÍSICAS	OUTROS	TOTAL
TOTAL 2016	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL 2015	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL 2014	2.216.753,43	0,00	0,00	0,00	2.216.753,43

Cadro 61, amosa os pagos intermedios realizados a “terceiros” para pagos posteriores a perceptores con financiamento do exercicio corrente 2016. O volume total dos pagos realizados de todo tipo de fondos a entidades ou organismos intermedios, ascendeu a 313.445.242,22€.

Cadro 61. Pagos intermedios a terceiros para pagos a perceptores por tipo fondo con financiamento do exercicio corrente 2016.

TIPO DE FONDO		ENTIDADES-ORGANISMOS PÚBLICOS	PERSOAS XURÍDICAS	PERSOAS FÍSICAS	OUTROS	TOTAL
EN BRANCO	EN BRANCO	212.523.902,34	0,00	0,00		212.523.902,34
D	FEDER	770.800,46	0,00	0,00		770.800,46
E	FEADER	80.511.622,83	1.059.717,83	334.425,53		81.905.766,19
J	FSE-INICIATIVA EMPREGO	4.370.593,07	0,00	0,00		4.370.593,07
P	FEMP	1.961.315,19	0,00	0,00		1.961.315,19
R	INTERRREG	92.213,32	0,00	0,00		92.213,32
S	FSE 2014-2020	11.820.651,65	0,00	0,00		11.820.651,65
U	F.S.E. PLURIRREXIONAL. INCORPORADO	0,00	0,00	0,00		0,00
V	FEDER PLURIRREXIONAL	0,00	0,00	0,00		0,00
TOTAL 2016		312.051.098,86	1.059.717,83	334.425,53	0,00	313.445.242,22
TOTAL 2015		298.553.260,30	89.391,31	0,00	0,00	298.642.651,61
TOTAL 2014		296.351.735,79	6.176,60	0,00	338.506,21	296.696.418,60

Cadro 62, amosa os pagos realizados a “perceptores” provenientes de entidades e organismos intermedios con financiamento anterior ao exercicio 2016. Como é evidente e xa mostran os cadros relacionados co financiamento anterior, non cabe a posibilidade de mostrar pagos neste apartado.

Cadro 62. Pagos finais a perceptores por modalidade con financiamento anterior a 2016.

TIPO DE FONDO	ENTIDADES-ORGANISMOS PÚBLICOS	PERSOAS XURÍDICAS	PERSOAS FÍSICAS	OUTROS	TOTAL
TOTAL 2016	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL 2015	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL 2014	263.969,58	1.647.451,77	166.061,64	139.270,44	2.216.753,43

Cadro 63, mostra os pagos realizados a “perceptores” provenientes de entidades e organismos intermedios con financiamento do exercicio corrente 2016. Como non pode ser doutra forma, o volume dos pagos que se perciben é coincidente co dos pagos mostrados no cadro 61.

Cadro 63. Pagos finais a perceptores por tipo de fondo con financiamento do exercicio corrente 2016.

TIPO DE FONDO	ENTIDADES-ORGANISMOS PÚBLICOS	PERSOAS XURÍDICAS	PERSOAS FÍSICAS	OUTROS	TOTAL
EN BRANCO	EN BRANCO	484.824,72	61.932.908,44	132.566.678,44	17.539.490,74 212.523.902,34
D	FEDER	422.577,29	166.151,57	182.071,60	0,00 770.800,46
E	FEADER	25.976.847,37	24.134.895,44	27.949.369,77	3.844.653,61 81.905.766,19
J	FSE-INICIATIVA EMPREGO	281.764,13	2.882.075,75	1.162.668,26	44.084,93 4.370.593,07
P	FEMP	242,00	2.538,19	1.958.535,00	0,00 1.961.315,19
R	INTERRREG	0,00	0,00	0,00	92.213,32 92.213,32
S	FSE 2014-2020	726.834,49	2.135.532,70	8.716.440,72	241.843,74 11.820.651,65
U	F.S.E. PLURIRREXIONAL. INCORPORADO	0,00	0,00	0,00	0,00 0,00
V	FEDER PLURIRREXIONAL	0,00	0,00	0,00	0,00 0,00
TOTAL 2016	27.893.090,00	91.254.102,09	172.535.763,79	21.762.286,34	313.445.242,22
TOTAL 2015	38.124.413,73	98.930.650,11	136.369.245,56	25.218.342,21	298.642.651,61
TOTAL 2014	29.184.398,42	88.099.281,59	156.016.405,87	23.396.332,72	296.696.418,60

Cadro 64, amosa os pagos totais realizados a “terceiros” co financiamento anterior e do exercicio corrente de 2016. Ao non ter pagos relacionados co financiamento anterior, este cadro é coincidente co cadro 59 cuxo volume de pagos ascende a 422.304.560,20€.

Cadro 64. Pagos totais a "terceiros" por tipo de fondo con financiamento anterior e do exercicio corrente 2016.

TIPO DE FONDO	ENTIDADES-ORGANISMOS PÚBLICOS	PERSOAS XURÍDICAS	PERSOAS FÍSICAS	OUTROS	TOTAL
EN BRANCO	EN BRANCO	213.967.313,80	1.036.451,51	137.302,65	167.156,47 215.308.224,43
D	FEDER	40.457.729,90	60.458.007,92	805.491,87	212.621,23 101.933.850,92
E	FEADER	33.828.470,93	10.529.648,82	266.744,02	0,00 44.624.863,77
J	FSE-INICIATIVA EMPREGO	4.326.964,06	1.723.190,97	2.491.818,90	39.500,00 8.581.473,93
P	FEMP	1.012.142,28	12.698.279,16	0,00	47.000,00 13.757.421,44
R	INTERRREG	162.608,92	7.886,37	0,00	0,00 170.495,29
S	FSE 2014-2020	25.114.709,40	3.239.687,67	9.127.124,70	282.863,33 37.764.385,10
U	F.S.E. PLURIRREXIONAL. INCORPORADO	163.845,32	0,00	0,00	0,00 163.845,32
V	FEDER PLURIRREXIONAL	0,00	0,00	0,00	0,00 0,00
TOTAL 2016	319.033.784,61	89.693.152,42	12.828.482,14	749.141,03	422.304.560,20
TOTAL 2015	374.900.431,16	362.892.329,78	16.665.980,23	2.426.148,39	756.884.889,76
TOTAL 2014	342.315.495,03	160.928.642,50	28.744.350,29	1.917.519,25	533.906.007,07

Cadro 65, mostra os pagos totais realizados a “terceiros” para pagos posteriores a “perceptores” co financiamento anterior e do exercicio corrente de 2016. O mesmo que ocorría

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

no cadro anterior ocorre con este cadro, ao non ter pagos relacionados co financiamento anterior, este cadro é coincidente co cadro 63 cuxo volume de pagos ascende a 313.445.242,22€.

Cadro 65. Pagos totais a "terceiros" para pagos a "perceptores" por tipo de fondo con financiamento anterior e do exercicio corrente 2016.

TIPO FONDO		ENTIDADES-ORGANISMOS PÚBLICOS	PERSOAS XURÍDICAS	PERSOAS FÍSICAS	OUTROS	TOTAL
EN BRANCO	EN BRANCO	212.523.902,34	0,00	0,00	0,00	212.523.902,34
D	FEDER	770.800,46	0,00	0,00	0,00	770.800,46
E	FEADER	80.511.622,83	1.059.717,83	334.425,53	0,00	81.905.766,19
J	FSE-INICIATIVA EMPREGO	4.370.593,07	0,00	0,00	0,00	4.370.593,07
P	FEMP	1.961.315,19	0,00	0,00	0,00	1.961.315,19
R	INTERRREG	92.213,32	0,00	0,00	0,00	92.213,32
S	FSE 2014-2020	11.820.651,65	0,00	0,00	0,00	11.820.651,65
U	F.S.E. PLURIRREGIONAL. INCORPORADO	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
V	FEDER PLURIRREGIONAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL 2016		312.051.098,86	1.059.717,83	334.425,53	0,00	313.445.242,22
TOTAL 2015		298.553.260,30	89.391,31	0,00	0,00	298.642.651,61
TOTAL 2014		296.351.735,79	6.176,60	0,00	338.506,21	296.696.418,60

Cadro 66, mostra os pagos totais realizados a "perceptores" co financiamento anterior e do exercicio corrente de 2016. O mesmo que ocorría nos dous cadros anteriores volve suceder con este cadro, ao non ter pagos relacionados co financiamento anterior, este cadro é coincidente co cadro 63 cuxo volume de pagos ascende a 313.445.242,22€.

Cadro 66. Pagos totais a "perceptores" por tipo de fondo con financiamento anterior e do exercicio corrente 2016.

TIPO FONDO	MODALIDADE DE FINANCIAMENTO	ENTIDADES-ORGANISMOS PÚBLICOS	PERSOAS XURÍDICAS	PERSOAS FÍSICAS	OUTROS	TOTAL
EN BRANCO	EN BRANCO	484.824,72	61.932.908,44	132.566.678,44	17.539.490,74	212.523.902,34
D	FEDER	422.577,29	166.151,57	182.071,60	0,00	770.800,46
E	FEADER	25.976.847,37	24.134.895,44	27.949.369,77	3.844.653,61	81.905.766,19
J	FSE-INICIATIVA EMPREGO	281.764,13	2.882.075,75	1.162.668,26	44.084,93	4.370.593,07
P	FEMP	242,00	2.538,19	1.958.535,00	0,00	1.961.315,19
R	INTERRREG	0,00	0,00	0,00	92.213,32	92.213,32
S	FSE 2014-2020	726.834,49	2.135.532,70	8.716.440,72	241.843,74	11.820.651,65
U	F.S.E. PLURIRREGIONAL. INCORPORADO	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
V	FEDER PLURIRREGIONAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL 2016		27.893.090,00	91.254.102,09	172.535.763,79	21.762.286,34	313.445.242,22
TOTAL 2015		38.124.413,73	98.930.650,11	136.369.245,56	25.218.342,21	298.642.651,61
TOTAL 2014		29.184.398,42	88.099.281,59	156.016.405,87	23.396.332,72	296.696.418,60

E, por último, o cadro 67 consolídanos todos os pagos recibidos por cada un dos catro segmentos que analizamos, segundo o tipo de fondo ao que están adscritos os diferentes proxectos, con financiamento anterior e do exercicio 2016.

Cadro 67. Pagos totais a cada un dos grupos xurídicos por tipo de fondo con financiamento anterior e do exercicio corrente 2016

TIPO FONDO	MODALIDADE DE FINANCIAMENTO	ENTIDADES-ORGANISMOS PÚBLICOS	PERSOAS XURÍDICAS	PERSOAS FÍSICAS	OUTROS	TOTAL
EN BRANCO	EN BRANCO	214.452.138,52	62.969.359,95	132.703.981,09	17.706.647,21	427.832.126,77
D	FEDER	40.880.307,19	60.624.159,49	987.563,47	212.621,23	102.704.651,38
E	FEADER	59.805.318,30	34.664.544,26	28.216.113,79	3.844.653,61	126.530.629,96
J	FSE-INICIATIVA EMPREGO	4.608.728,19	4.605.266,72	3.654.487,16	83.584,93	12.952.067,00
P	FEMP	1.012.384,28	12.700.817,35	1.958.535,00	47.000,00	15.718.736,63
R	INTERREG	162.608,92	7.886,37	0,00	92.213,32	262.708,61
S	FSE 2014-2020	25.841.543,89	5.375.220,37	17.843.565,42	524.707,07	49.585.036,75
U	F.S.E. PLURIRREXIONAL. INCORPORADO	163.845,32	0,00	0,00	0,00	163.845,32
V	FEDER PLURIRREXIONAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL 2016		346.926.874,61	180.947.254,51	185.364.245,93	22.511.427,37	735.749.802,42
TOTAL 2015		413.024.845,09	461.822.979,89	153.035.225,79	27.644.490,60	1.055.527.541,37
TOTAL 2014		371.763.863,03	250.675.375,86	184.926.817,80	25.453.122,41	832.819.179,10

Resumindo: os pagos feitos ao conxunto de “terceiros” continúan sendo superiores aos que se realizan a “perceptores” (422.304.560,20€ fronte a 313.445.242,22€). As “entidades e organismos públicos” son o grupo que durante o exercicio 2016 recibe máis pagos polos proxectos que realiza vinculados aos Fondos Europeos (346.926.874,61€). Esta situación é a que normalmente se produce, áinda que se deu unha excepción no exercicio anterior onde os maiores beneficiarios dos pagos foron as “persoas xurídicas” (461.822.979,80€ no exercicio 2015). Por último, obsérvase un descenso dos pagos debido á finalización do marco anterior e ao atoparnos cos novos proxectos do novo marco 2014-2020 os cales non entraron áinda nas súas fases más activas.

En canto ao tipo de fondo con maior presencia nos pagos, atópanse os vinculados aos proxectos relacionados co medio rural, como vén dándose en todos os exercicios anteriores.

V.3. NÚMERO DE TERCEIROS E PERCEPTORES SEGUNDO A SÚA NATUREZA XURÍDICA.

Neste apartado identifícase o número de beneficiarios que está relacionado con cada un dos grupos segundo a súa natureza xurídica que definimos, agrupándoas segundo reciben os pagos como “terceiros únicos” ou “perceptores únicos”, para posteriormente identificalos como únicos independentemente que reciban os pagos como “terceiros” ou como “perceptores”.

O total dos beneficiarios finais únicos durante o exercicio 2016 ascende a 42.079, correspondendo o maior número ao grupo formado polas “Persoas físicas” seguido polo das “Persoas xurídicas”. Esta circunstancia vense producindo reiteradamente ao longo dos exercicios, polo gran número de beneficiarios vinculados aos sectores primarios.

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

Cadro 68. Número de beneficiarios únicos como “terceiros”, únicos como “perceptores” e como únicos de ambos casos con financiamento anterior e do exercicio corrente 2016.

BENEFICIARIOS	ENTIDADES E ORGANISMOS PÚBLICOS	PERSOAS XURÍDICAS	PERSOAS FÍSICAS	OUTROS	TOTAL
TOTAL ÚNICOS TERCEIROS 2016	134	1052	2.407	51	3.644
TOTAL ÚNICOS PERCEPTORES 2016	591	3192	34.302	647	38.732
TOTAL TERCEIROS +PERCEPTORES	725	4.244	36.709	698	42.376
TOTAIS ÚNICOS 2016	624	4.136	36.628	691	42.079
TOTAL ÚNICOS 2015	503	5.957	35.622	1039	43.121
TOTAL ÚNICOS 2014	627	6.563	41.103	991	49.284

No grupo de “Entidades e organismos públicos”, o seu número de beneficiarios, de forma xeral, está relacionado coa recepción de Fondos Europeos por parte dos concellos. Máis adiante cuantifícase a presenza dos concellos como beneficiarios de proxectos que contan con financiamento de Fondos Europeos.

Os pagos totais que se realizan a cada un dos segmentos desde o exercicio 2014, recollémolos no seguinte cadro, onde se completa a información co número de receptores únicos e a estimación do cociente de pagos por unidade beneficiaria de cada un dos grupos xurídicos que establecemos para esta análise.

No informe do exercicio anterior ofrecíanse datos desde o ano 2010, neste informe móstranse desde o 2014, ano en cada comezo o novo marco 2014-2020 co obxecto de ir mostrando únicamente os datos dos distintos anos do novo marco.

Cadro 69. Número de beneficiarios únicos, pagos recibidos por grupos e medias por cada unidade de grupo. Exercicios 2014 a 2016.

TIPO DE BENEFICIARIO	ENTIDADES E ORGANISMOS PÚBLICOS	PERSOAS XURÍDICAS	PERSOAS FÍSICAS	OUTROS	TOTAL
TOTAL ÚNICOS 2016	624	4.136	36.628	691	42.079
TOTAL RECIBIDO EN 2016	346.926.874,61	180.947.254,51	185.364.245,93	22.511.427,37	735.749.802,42
Media 2016	478.519,83	42.636,02	5.049,56	32.251,33	17.362,42
TOTAL ÚNICOS 2015	503	5.957	35.622	1.039	43.121
TOTAL RECIBIDO EN 2015	413.024.845,09	461.822.979,89	153.035.225,79	27.644.490,60	1.055.527.541,37
Media 2015	821.122,95	77.526,10	4.296,09	26.606,82	24.478,27
TOTAL ÚNICOS 2014	627	6.563	41.103	991	49.284
TOTAL RECIBIDO EN 2014	371.763.863,03	250.675.375,86	184.926.817,80	25.453.122,41	832.819.179,10
Media 2014	592.924,82	38.195,24	4.499,11	25.684,28	16.898,37

V.3.1. CONCELLOS QUE RECIBEN FONDOS EUROPEOS.

Como indicamos anteriormente, pasamos a continuación a realizar unha breve análise sobre os beneficiarios que reciben pagos con cargo a proxectos que contan con financiamento de Fondos Europeos relacionados de forma expresa coas entidades locais, en concreto coas transferencias que reciben os Concellos.

No grupo onde se encadran as “Entidades Públicas”, tanto nos pagos a “terceiros” como nos pagos a “perceptores” das bases de datos de financiamento de exercicios anteriores e de financiamento de ejercicio corrente, están incluídos de forma específica os Concellos que reciben fondos de proxectos con financiamento europeo. Na análise que realizamos debe considerarse que algúns Concellos reciben fondos tanto como “terceiros” como “perceptores”, o que debemos ter presente para fixar cantos e cales son os que están a dispoñer deste tipo de fondos.

Durante o exercicio 2016 o número de concellos que reciben fondos de programas europeos sofre un retroceso con respecto a anos anteriores. Reiteradamente desde o Consello de Contas, recoméndase unha maior presenza de proxectos europeos no financiamento de programas de actuacións municipais, de forma que este tipo de entidades públicas puidese beneficiarse dunha forma más ampla das distintas iniciativas europeas.

Cadro 70. Número de concellos e contías totais recibidas de programas con financiamento de Fondos Europeos segundo “terceiro” ou “perceptor”, exercicio 2016 (financiamento anterior e corrente).

PROVINCIA	Nº TERCEIROS	PAGOS TERCEIROS	Nº PERCEPTORES	PAGOS PERCEPTORES	CONSOLIDADO DE CONCELLOS	TOTAL RECIBIDO
A CORUÑA (93)	39	2.238.030,35	88	6.634.173,16	90	8.872.203,51
LUGO (67)	26	940.624,28	67	7.203.137,31	67	8.143.761,59
OURENSE (92)	3	147.706,85	91	7.162.850,55	91	7.310.557,40
PONTEVEDRA (62)	23	1.310.348,15	57	4.291.816,43	59	5.602.164,58
TOTAL (314)	91	4.636.709,63	303	25.291.977,45	307	29.928.687,08

(*) Concellos que non percibiron Fondos Europeos: Coristanco, Laxe e Toques, Castrelo de Miño, Dozón, Pontecesures e Salvaterra de Miño.

Os 307 concellos que reciben Fondos Europeos representan o 51,95%, máis da metade do total de entidades públicas únicas (591) receptoras de Fondos Europeos e o 97,77% dos Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por provincias, os Concellos de A Coruña reciben o 29,64% do total do que reciben todas estas entidades locais, séguenlle os de Lugo cunha participación do 27,21%, a continuación os de Ourense co 24,43% e por último os de Pontevedra co 18,72%.

Comparando estes datos cos do exercicio anterior, o conxunto dos concellos de cada provincia ven diminuir os seus ingresos. Como xa se manifesta en apartados anteriores deste informe, isto é debido ao peche do marco anterior 2007-2013 e ao atoparnos nos inicios dos proxectos do novo marco 2014-2020.

Unha comparativa dos ingresos recibidos nos tres anos do inicio do novo marco 2014-2020 mostrámola a continuación, onde de novo vese a incidencia dos ingresos recibidos da finalización dos proxectos do marco 2007-2013 cuxo peche foi prorrogado aos exercicios seguintes.

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

Cadro 71. Número de concellos e contías totais recibidas nos exercicios 2014, 2015 e 2016.

PROVINCIA	PAGOS TERCEIROS	PAGOS PERCEPTORES	CONSOLIDADO DE CONCELLOS.	TOTAL RECIBIDO
TOTAL (314) en 2016	4.636.709,63	25.291.977,45	307	29.928.687,08
TOTAL (314) en 2015	12.694.911,72	34.009.061,04	313	46.703.972,76
TOTAL (314) en 2014	12.565.733,75	26.509.942,56	314	39.075.676,31

Outro aspecto que analizamos é a que capítulo de gasto correspóndense as transferencias recibidas. Así vemos que o capítulo VII ascende a 26.636.131,49€ que representa o 89,00% do total dos pagos recibidos. O capítulo IV, con 3.292.555,59€ é o 11,00%. Desde o ano 2011 non hai pagos relacionados co capítulo VI

Cadro 72. Número de concellos e contías totais recibidas dos programas con financiamento de Fondos Europeos segundo o capítulo de gasto, exercicio 2016.

PROVINCIA	NÚMERO	CAPÍTULO IV	CAPÍTULO VI	CAPÍTULO VII	TOTAL
A CORUÑA (93)	90	1.561.501,04	0,00	7.310.702,47	8.872.203,51
LUGO (67)	67	720.653,16	0,00	7.423.108,43	8.143.761,59
OURENSE (92)	91	234.946,96	0,00	7.075.610,44	7.310.557,40
PONTEVEDRA (62)	59	775.454,43	0,00	4.826.710,15	5.602.164,58
TOTAL (314) en 2016	307	3.292.555,59	0,00	26.636.131,49	29.928.687,08
TOTAL (314) en 2015	313	5.481.196,49	0,00	41.222.776,27	46.703.972,76
TOTAL (314) en 2014	314	5.478.864,05	0,00	33.596.812,26	39.075.676,31

Os 307 Concellos reciben no exercicio 2016 o 4,07% do total dos 735.749.802,42€ que foron pagados a todos os beneficiarios. Do total do recibido polas "entidades e organismos públicos" representa o 8,63% de 346.926.874,61€. No exercicio 2015 recibíronse 46.703.972,76€, que representaron o 11,31% do recibido polas "entidades e organismos públicos" (413.024.845,09€), en 2014 era o 10,51% (39.075.676,31€), en 2013 o recibido por valor de 37.850.384,75€ representa o 8,95%, os 21.160.870,70€ recibidos en 2012 eran o 4,80%, porcentaxe moi similar ao do 2011 que foi do 4,79%, no 2011 o aumento fora de 2,28 puntos porcentuais sobre o exercicio de 2010. Desde 2010 víñase producindo un incremento constante de participación dos concellos, como entidades públicas, na recepción de fondos con cargo a programas europeos. No presente exercicio, vólvese a un nivel porcentual de pagos similar aos do exercicio 2013.

Sobre o total dos Fondos Europeos percibidos por Galicia durante o exercicio 2016 o recibido polos concellos é o 4,07%. Nos exercicios anteriores esa participación foi a seguinte: 2015 os concellos reciben o 4,42%, en 2014 a participación foi o 4,69%, en 2013 recibiron o 3,93%, no exercicio 2012 o 2,15%, auméntanse 0,26 puntos porcentuais sobre o 2011 e o exercicio anterior o aumento foi de 0,65 puntos porcentuais do total do percibido no 2010. A rotura da serie ascendente de participación confírmase no actual exercicio xa que no exercicio anterior o total dos pagos realizados con financiamento europeo, baixaron en 0,27 puntos porcentuais sobre o 2014 e en este faino en 0,35 puntos porcentuais.

VI. CONCLUSIÓNS.

1.-No exercicio 2016 aumenta considerablemente a presenza dos programas operativos relacionados co novo marco 2014-2020 sendo residual a presenza de proxectos vinculados ao marco operativo 2007-2013.

2.-Galicia, como o resto de rexións europeas, viuse afectada pola dilación na negociación e aprobación do novo marco 2014-2020. O Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 non foi tampouco aldeo a estas incidencias, como consecuencia producíronse atrasos na posta en marcha e execución dos seus programas operativos nestes exercicios iniciais e por iso tivéronse que efectuar reasignacións financeiras entre exercicios na maioría dos programas xestionados na Comunidade Autónoma.

3-Os programas operativos de 2016 correspondentes aos Fondos Estruturais e de Investimento (FEIE) xestionados pola Comunidade (P.O.-FSE-Galicia e PDR-Galicia) son os mesmos que xa estaban aprobados e vixentes no pasado exercicio e que recollemos no noso anterior Informe de 2015. Non obstante respecto dos outros restantes Fondos (FEIE), o P.O.-FEDER-Galicia foi obxecto de modificación durante o exercicio 2016 e o P.O.-FEMP foi obxecto de aprobación definitiva, aspectos estes que non figuraban no noso anterior informe de 2015.

4.-Na Conta Xeral de 2016 identifícanse un total de 17 modalidades fronte ás 24 do exercicio anterior, o que é debido á finalización dos proxectos correspondentes a programas operativos do marco anterior 2007-2013.

No exercicio fiscalizado 2016 existen un total de 323 proxectos únicos (é dicir cuantificando os proxectos de forma individual evitando as duplicidades derivadas de que un mesmo proxecto finánciese a través de diversas modalidades), dos cales 242 tiveron movementos contables e en 179 realizáronse pagos. (Cadros 19 e 20).

5.-O crédito inicial total das 17 modalidades de Fondos Europeos alcanzou os 547.472.133,00€, converténdose dito crédito inicial tras as modificacións do exercicio efectuadas por importe de - 40.724.639,49€ nun crédito definitivo de 534.747.493,51€. Redúcese así o crédito inicial por primeira vez nestes últimos exercicios un 7,08%. (Cadros 21, 22 e 23).

6.-As baixas de crédito contabilizadas durante o exercicio acadaron os 278.725.148,08€. Destas o día 31 de decembro de 2016 contabilízanse baixas por importe total de 253.293.762,84€ (o 90,88% do total das baixas), xustificándose as mesmas como remanentes de crédito non comprometidos ao 30 de decembro correspondentes a proxectos de Fondos Europeos, para a súa reprogramación en exercicios posteriores. As modalidades con maiores baixas de crédito están relacionadas co novo marco 2014-2020 o que pon de manifesto a dificultade na posta en marcha dos novos proxectos.

O orzamento executable antes da contabilización da baixa realizada o día 31 de decembro era 788.041.256,35€. (Cadro 24).

7.-As obrigas acadaron os 427.805.627,25€ (80,00% do crédito definitivo). Os pagos realizados durante o exercicio teñen un importe de 360.463.671,44€ (67,41% do crédito definitivo) quedando pendentes de pago 67.341.955,81€, é dicir un 15,74%, das obrigas. Do total da cantidade pendente de pago o 97,26% corresponde a modalidades de exercicio corrente e o resto ás de incorporado. (Cadros 25 e 26).

8.-O crédito definitivo por importe de 534.747.493,51€ distribúese por capítulos de gasto da seguinte maneira: Capítulo I-Gastos de persoal: 15.005.965,00. Capítulo II-Gastos en bens correntes e servizos: 5.248.585,13€, Capítulo IV-Transferencias Correntes: 49.845.697,15€, Capítulo VI-Investimentos reais: 45.594.326,77€ e Capítulo VII Transferencias de capital: 419.052.919,46€. As minoracións más significativas cuantitativamente respecto ao crédito anterior ás baixas contabilizadas o 31 de decembro son as do Capítulo VII (189.062.378,82€ e porcentualmente por capítulo as do VI: 46,22%. (Cadros 27 a 30).

9.-Comparando a execución dos Fondos Europeos coa execución xeral do orzamento da Comunidade Autónoma (Resolución do 27 de abril de 2017), no exercicio 2016 mantense a tendencia histórica de diferenciais negativos se ben más atenuados cada exercicio, alcanzando unha diferenza negativa dos Fondos Europeos en relación coa execución xeral en fase de obrigas de -16,52% e en fase de pagos de -21,20%. (Cadros 31 a 34).

10.-En canto á execución orzamentaria dos diversos departamentos sectoriais, a Consellería do Medio Rural é a que ten maior presenza nos créditos vinculados a Fondos Europeos (343.363.034,76€, 64,21% do total dos departamentos) e o seu nivel de execución fai que a media do conxunto dos departamentos aumente tanto en relación co crédito final, como á dispoñibilidade de crédito antes das baixas contabilizadas o día 31 de decembro. (Cadros 35 a 40).

11.-As transferencias correntes e de capital vinculadas aos Fondos Europeos acadaron os 468.898.616,61€ de crédito definitivo correspondendo a transferencias correntes o 10,63% do mesmo (49.845.697,15€) e a transferencias de capital o 89,37%, (419.052.919,46€). En xeral os niveis de execución son lixeiramente superiores nas transferencias de capital sobre as correntes (fase P). As transferencias correntes teñen por destino fundamental o sector privado (77,61% do crédito definitivo, 38.686.991,89€), pola contra as transferencias de capital teñen por destinatario principal ao sector público (83,66% do crédito definitivo, 350.590.607,68€). (Cadros 41 a 45).

12.-En total 24 entidades das 69 entidades ás que se requirió información perciben Fondos Europeos; destas, 17 recíbenlo únicamente da Comunidade Autónoma, 6 exclusivamente de

forma externa a aquela e 1 entidade recibe transferencias tanto da Comunidade Autónoma como de forma externa. As transferencias da Xunta a estes organismos alcanzaron os 297.568.472,74€ fronte a 1.849.039,36€ que corresponden ás transferencias externas. As axencias públicas son desde o punto de vista da súa natureza xurídica, as entidades más dinámicas na xestión de Fondos Europeos. Non obstante desde o punto de vista cuantitativo e debido ás funcións que ten legalmente asignadas é o organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) a entidade que xestioná e executa o maior volume de Fondos Europeos. (Cadros 46 a 51).

13.-Polo que se refire ao orzamento de ingresos do exercicio, as previsións definitivas do orzamento corrente (773.404.797,75€) superaron notablemente os dereitos recoñecidos netos (372.085.839,20€) circunstancia que non se produciu nos exercicios anteriores a 2015. Os dereitos recoñecidos netos redúcense en relación cos que se obtiñan en exercicios anteriores, sendo a recadación neta (327.602.841,97€) similar ao exercicio 2015.

Nos exercicios pechados a recadación neta acadou os 199.736.471,24€ seguido a progresión positiva na recadación na serie histórica. Finalmente a recadación acumulada no período 2000-2016 alcanza os 7.034.779.621,62€ cunha porcentaxe de recadación sobre dereitos recoñecidos netos do 97,82%. (Cadros 52 a 54).

14.-Na base de datos Xumco 2016 identifícaronse un total de 306 proxectos únicos, destes 222 teñen algún pago a "terceiros" ou "perceptores". Respecto do financiamento anterior a 2016 só identifícase un proxecto que carece de pagos. Os pagos totais realizados a todos os beneficiarios alcanzaron os 735.749.802,42€ fronte aos 1.055.527.541,37€ do exercicio anterior.

Por grupos as "Entidades Públicas" con 346.926.874,61€ son as que perciben unha maior cantidade, seguido polas "Pessoas Físicas" con 185.364.245,93€ e as "Pessoas xurídicas" con 180.947.254,51€. Finalmente o grupo de "Outros" recibe por pagos totais por Fondos Europeos 22.511.427,37€. (Cadros 55 a 69).

15.-Finalmente dentro das "Entidades e organismos públicos", 307 concellos de Galicia de los 314, reciben fondos de programas europeos por importe de 29.928.687,08€, prodúcese así unha importante diminución respecto ao exercicio anterior 2015 no que 313 concellos percibiron 46.703.972,76€.

Sobre o total dos pagos realizados de proxectos financiados por Fondos Europeos en Galicia no exercicio 2016 o recibido polos concellos representa o 4,07% do total (735.749.802,42€) fronte ao 4,42% do 2015. (Cadros 70 a 72).

Informe de Fiscalización de Fondos Europeos. Exercicio 2016

VII. RECOMENDACIÓNS.

As recomendacións son en xeral coincidentes coas do exercicio anterior:

- 1.-Recoméndase adoptar as medidas necesarias para axilizar o ritmo de execución dos programas operativos do novo marco, en relación con iso debería reducirse o número de xestores para cumplir co principio de simplificación na xestión e control dos Fondos Europeos que se establece no novo marco 2014-2020.
- 2.-Recoméndase mellorar a coordinación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma cos organismos e entes públicos e privados especializados nos sectores estratégicos relacionados cos obxectivos programáticos do novo marco operativo 2014-2020: innovación, investigación, tecnoloxía, sostibilidade, cambio climático e economía dixital, así como a formación do persoal vinculado a estes sectores, para favorecer deste xeito a captación de financiamento europeo nos proxectos que se poidan desenvolver nestas áreas.
- 3.-Deberanse impulsar e primar aqueles proxectos con financiamento europeo que teñan acreditada a súa eficacia na súa xestión e execución. Para iso recoméndase a utilización de indicadores para o seguimento dos incidentes que se producen na execución dos proxectos europeos, de modo que poidan evitarse os atrasos nas certificacións e pagos aos que dá lugar o incumprimento das obrigas e condicións contraídas polos perceptores dos Fondos Europeos.
